

2016

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Xunta de Galicia

INFORME DA AVALIACION INTERMEDIA III PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO (2014-2017)



XUNTA
DE GALICIA



cooperación galega

Informe elaborado por José Luis Pastoriza Rozas a pedimento da
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
Xunta de Galicia
Xuño 2016

Contido

Lista de acrónimos, siglas e abreviaturas.....	5
I. Resumo executivo	6
2 infografías	8
20 datos	10
3 mapas	12
30 indicadores.....	13
II. Informe da avaliación intermedia do III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017).....	22
1. Introducción.....	22
2. A avaliación intermedia do III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento	23
2.1. Antecedentes e obxectivo da avaliación	23
2.2. Metodoloxía empregada.....	25
2.3. Condicionantes e límites da avaliación	27
3. Descrición do III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento	29
4. Resultados da avaliación intermedia	34
4.1. Eficacia e logro de resultados.....	34
4.2. Eficiencia.....	38
4.3. Coherencia.....	44
4.3.1. Corrección alta	45
4.3.1.1. Concentración xeográfica e selectividade da axuda	45
4.3.1.2. Especialización sectorial.....	49
4.3.1.3. Fortalecemento da capacidade institucional dos axentes de cooperación	51
4.3.2. Corrección media	51
4.3.2.1. Previsibilidade orzamentaria.....	51
4.3.2.2. Actualización e reforma do marco normativo	53
4.3.2.3. Nova cultura de xestión e aprendizaxe	55
4.3.2.4. Funcionalidade dos instrumentos de axuda	58
4.3.2.5. Coherencia de políticas	62
4.3.2.6. Coordinación e complementariedade entre os actores públicos galegos	63
4.3.3. Corrección baixa.....	65
4.3.3.1. Esfuerzo investidor.....	65
4.3.3.2. Fragmentación da axuda	67
4.4. Complementariedade e harmonización	75
4.5. Participación, transparencia e satisfacción.....	82
4.6. Sustentabilidade.....	85
5. Conclusións	89
6. Recomendacións	97

Anexos	98
<i>Anexo 1. Termos de referencia</i>	<i>98</i>
<i>Anexo 2. Presentación do avaliador</i>	<i>99</i>
<i>Anexo 3. Matriz de avaliación</i>	<i>100</i>
<i>Anexo 4. Matriz de documentación</i>	<i>101</i>
<i>Anexo 5. Actores e axentes participantes na avaliación</i>	<i>109</i>
<i>Anexo 6. Metodoloxía</i>	<i>111</i>
<i>Anexo 7. Lista de mapas, figuras, táboas, cadros e gráficos</i>	<i>115</i>

Lista de acrónimos, siglas e abreviaturas

ACNUR	Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Refuxiados/as
AECID	Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento
AH	Acción Humanitaria
AOD	Axuda Oficial ao Desenvolvemento
AXE	Administración Xeral do Estado
CAD	Comité de Axuda ao Desenvolvemento da OCDE
CCAA	Comunidades Autónomas
CGONGD	Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento
CINCODE	Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento
CINTERCODE	Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento
CONGACODE	Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento
CPSR	Compra pública socialmente responsable
CRS	Creditor Reporting System do CAD da OCDE
CUD	Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento
DOG	Diario Oficial de Galicia
DXRREE e UE	Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
EELL	Entidades Locais
FAO	Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación
FEGAMP	Federación Galega de Municipios e Provincias
Fondo Galego	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade
MAEC	Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación
MAP	Marco de Asociación País
OAH	Oficina de Acción Humanitaria da AECID
ODM	Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio
ODS	Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable
OMUDES	Organismos Multilaterais de Desenvolvemento
ONGD	Organización Non Governamental de Desenvolvemento
OTC	Oficina Técnica de Cooperación da Cooperación Española
PACI	Plan Anual da Cooperación Internacional
PMA	País Menos Adiantado
PROFOPAC	Programa para a Formación da Pesca Artesanal en Centroamérica
RGUD	Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento
RMA	Renta Media Alta
RMB	Renta Media Baixa
RSE	Responsabilidade Social Empresarial
SDXCE	Subdirección Xeral de Cooperación Exterior
SDGPOLDE	Subdirección General de Políticas de Desenvolvemento do MAEC
SECIPI	Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica
SGCID	Secretaría General de Cooperación Internacional para el Desenvolvemento
SOGAPS	Solidariedade Galega co Pobo Saharauí
UDC	Universidade de A Coruña
UE	Unión Europea
UNRWA	Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina en Oriente Próximo
USC	Universidade de Santiago de Compostela
UVIGO	Universidade de Vigo
XG	Xunta de Galicia

I. Resumo executivo

1. **Unha Cooperación Galega eficaz no logro dos resultados e indicadores previstos no III Plan Director da Cooperación Galega:** 23 dos 30 indicadores xa están a ser acadados plena e satisfactoriamente, un éxito global do 77% na execución.
2. **Unha Cooperación Galega solvente cun total de 8,9 millóns de euros destinados a cooperación ao desenvolvemento,** dos cales o 93% (8,2 millóns) foi achegado pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. **No bienio 2014-2015 executouse o 97% do orzamento previsto** nos correspondentes Plans Anuais e **desembolsouse o 100% das axudas comprometidas.**
3. **Unha Cooperación Galega que medra no seu posicionamento na cooperación autonómica,** pasando da posición 8ª en 2013 á 5ª en volume de AOD no bienio 2014-2015 en relación ao resto de Comunidades Autónomas.
4. Consonte ao seu esforzo investidor, a Xunta de Galicia ascende á 8ª posición no ránking de Comunidades Autónomas, **destinando o 0'04% do seu orzamento xeral consolidado a cooperación ao desenvolvemento.**
5. **Unha Cooperación Galega que debe profundar nun maior esforzo investidor** a través do aumento da dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación ao desenvolvemento co obxectivo de garantir o financiamento pleno do conxunto de instrumentos (convocatorias e convenios) previstos no III Plan Director e nos correspondentes Plans Anuais.
6. **Unha Cooperación Galega aliñada coa axenda global do desenvolvemento, contribuíndo á realización dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e á axenda de eficacia da cooperación:**
 - a. **Unha Cooperación Galega concentrada xeograficamente:** 94% dos seus recursos desembolsados no exterior en cooperación investidos nos 10 países prioritarios definidos no III Plan Director.
 - b. **Unha Cooperación Galega especializada:** 90% dos seus recursos desembolsados no exterior en cooperación investidos nos 7 sectores nos que conta con vantaxes comparativas: agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, saúde e programas/políticas sobre saúde sexual reprodutiva, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento.
 - c. **Unha Cooperación Galega complementaria:** a través da súa actuación coordinada coa Cooperación Española e con outras cooperación autónomas no eido da acción humanitaria; e da colaboración institucional nas iniciativas de avaliación e de transparencia da axuda da Cooperación Española.
 - d. **Unha Cooperación Galega innovadora:** que iniciou os trámites para a aprobación dun Decreto de Cooperación Exterior polo Consello da Xunta de Galicia; que financiou unha nova convocatoria de investigación para o desenvolvemento e a creación e consolidación da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento; que segue a apoiar as alianzas multiactor con financiamento externo nos seus sectores de especialización, e que aposta estratexicamente pola educación e a comunicación para o desenvolvemento.


- 7. Unha Cooperación Galega participativa e transparente que rende contas á cidadanía dos seus logros colectivos a través de:**
- a. A reforma legal dos espazos de participación e coordinación** definidos na *Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento* a través da *Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración*, pola cal se ten suprimido o CINCODE e CINTERCODE reforzando o papel do CONGACODE.
 - b. A accesibilidade da información na web da Cooperación Galega** verbo da planificación da Cooperación Galega, dos seus instrumentos de axuda, das intervencións financiadas, das avaliacións das súas actuacións e das memorias anuais de xestión.
 - c. Un activo diálogo cos axentes galegos de cooperación**, especialmente coas ONGD, que xestionaron o 70% dos recursos desembolsables.
 - d. A promoción da participación activa dos axentes de cooperación** no deseño das convocatorias públicas de axudas, nas avaliacións dos proxectos no exterior, no deseño da Estratexia de educación e comunicación para o desenvolvemento da Cooperación Galega e nos estudos impulsados pola DXRREE e UE.
- 8. Unha Cooperación Galega con retos pendentes nos seguintes aspectos:**
- a. A recuperación do consenso social e político** sobre a política pública galega de cooperación no marco dunha nova axenda global de desenvolvemento que demanda maiores compromisos dos gobernos sub-estatais para o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) no 2030.
 - b. A suficiencia orzamentaria** necesaria para:
 - i. Garantir a previsibilidade instrumental de tal xeito que se dote á DXRREE e UE dos recursos financeiros suficientes para a convocatoria anual do conxunto de instrumentos de axudas previstos no III Plan Director.
 - ii. Aumentar o promedio de financiamento por actuación e actividade, apoiando accións de maior envergadura e impacto que aseguren un maior alcance das intervencións financiadas.
 - c. A integración activa dunha visión de coherencia de políticas na administración pública galega** en coordinación co conxunto de actores públicos e axentes de cooperación.
 - d. A mellora da coordinación e diálogo coas administracións locais** que financian actividades de cooperación internacional e educación para o desenvolvemento.
 - e. A promoción da participación nas actividades da Cooperación Galega do conxunto de axentes de cooperación** recoñecidos pola Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento.
 - f. A posta en valor dos procesos de xestión do coñecemento e das aprendizaxes institucionais** derivadas dos estudos e avaliacións financiadas pola Cooperación Galega.
 - g. A mellora da difusión á cidadanía dos logros colectivos da Cooperación Galega a través dunha política de comunicación máis estratéxica e cunha visión integral.**

2 infografías

III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017)

I. Axuda Oficial ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia (2014-2015)

% orzamento total consolidado da Xunta de Galicia




II. Onde cooperamos?

5.271.717 € investidos en 90 proxectos en 29 países




III. Distribución por actividades, axentes de cooperación e instrumentos

Cooperación para o desenvolvemento
56%



Actividades

Axentes de Cooperación



Convocatorias públicas
76%

Convenios
24%

Instrumentos

IV. Sectores de cooperación



Fonte:
Avaliación Intermedia do III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017)
www.cooperaciongalega.org

Deseñado por:
Xosé L. Pastoriza Rozas con Piktochart
www.magic.piktochart.com

20 datos

De cada 10 euros xestionados como AOD pola Xunta de Galicia:

- ✓ **9,3€** proveñen da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e **0,7€** do resto de departamentos da Xunta de Galicia.

De cada 10 euros orzamentados como AOD pola DXRREE e UE:

- ✓ **9,7€** foron executados.

De cada 10 euros xestionados como AOD pola DXRREE e UE:

- ✓ **8,8€** financiaron as actividades da Cooperación Galega e **1,2€** destinouse a gastos de funcionamento e persoal.

De cada 10 euros desembolsados como AOD pola DXRREE e UE:¹

- ✓ **7,3€** financiaron proxectos de actuación no exterior de cooperación e acción humanitaria.
- ✓ **7,4€** canalizáronse a través de convocatorias públicas de axudas.
- ✓ **6,7€** foron xestionados por ONGD.
- ✓ **9,3€** concentráronse nos sectores de especialización da Cooperación Galega (agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, saúde e programas/políticas sobre saúde sexual reprodutiva, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento, acción humanitaria e educación para o desenvolvemento).
- ✓ **2,8€** financiaron proxectos con agrupación de actores.
- ✓ **1,4€** financiaron proxectos de educación para o desenvolvemento.
- ✓ **0,8€** financiaron proxectos de consolidación e fortalecemento de ONGD.

¹ Axuda desembolsada: total do orzamento de cooperación executado excluindo os gastos de persoal e funcionamento da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior dentro da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

De cada 10 euros desembolsados no exterior como AOD pola DXRREE e UE:


- ✓ **7,7€** financiaron actuacións de cooperación ao desenvolvemento.
- ✓ **2,3€** destináronse a acción humanitaria.
- ✓ **7,3€** financiaron actuacións nos 10 países prioritarios da Cooperación Galega.
- ✓ **6,6€** destináronse a América Latina e **2,7€** a África Subsahariana.
- ✓ **7,3€** concentráronse en 9 países (Guatemala, Honduras, Bolivia, Mozambique, Nicaragua, Perú, O Salvador, República Dominicana e Sudán do Sur) e nos Campamentos Saharauís.
- ✓ **7,5€** financiaron proxectos en países de ingreso medio-baixo e medio- alto.
- ✓ **2,5€** investíronse en países menos adiantados.
- ✓ **6,9€** concentráronse nos sectores de especialización da Cooperación Galega (agricultura e desenvolvemento rural; pesca e acuicultura; educación; saúde; programas/políticas sobre saúde sexual reprodutiva; xestión integral e gobernanza de recursos hídricos; habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento).
- ✓ **5€** financiaron infraestruturas e servizos sociais básicos.
- ✓ **2,5€** promoveron os sectores produtivos e a soberanía alimentaria no eido da pesca e a agricultura.

3 mapas


Mapa 1: Países prioritarios do III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017



Mapa 2: Países receptores da AOD da Xunta de Galicia por número de intervencións financiadas, 2014-2015



Mapa 3: Principais áreas xeográficas receptoras de AOD da Xunta de Galicia, 2014-2015



30 indicadores

Indicador acadado/ Produto entregado
Indicador en progreso de ser acadado/ Produto en progreso de ser entregado
Indicador cun progreso insuficiente ou pendente/ Produto pendente

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ²	Produtos	Grao de progreso
R.X.1. A Cooperación Galega aliña o seu marco normativo, estratéxico e operativo coa axenda global de desenvolvemento.	L.A.1.1. Actualizar o marco normativo da Cooperación Galega.	I.1.1.1. Unha nova lei galega de cooperación para o desenvolvemento aprobada.	1. Lei galega de cooperación para o desenvolvemento aprobada.	<p>En 2015 modificouse a <i>Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento</i> a través da disposición final terceira e disposición derogatoria única da <i>Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración</i> (DOG, n. 81, 30 de abril de 2015). En concreto, suprimíronse os artigos 20 e 21 da <i>Lei 3/2003</i> correspondentes á Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento (CINTERCODE) e a Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento (CINCODE), e modificouse a redacción do artigo 22 correspondente ao Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE). Deste xeito, consonte á nova redacción do artigo 22, o CONGACODE asume as funcións anteriormente atribuídas ao CINTERCODE e CINCODE.</p> <p>Por outra banda a elaboración do <i>Decreto 178/2015, do 26 novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia</i> puxo de manifesto a necesidade de regular a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da cooperación ao desenvolvemento a través dun Decreto específico que unifique a normativa actualmente existente e que aborde o seguintes aspectos: a composición e funcionamento do CONGACODE, a regulación do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación; a regulación da licenza para a participación dos empregados e empregadas públicas en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria, incluída na <i>Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia</i>; a regulación do proceso de información das actividades de cooperación promovidas polas administracións locais; e a regulación das peculiaridades das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria. En maio de 2016 abriuse á cidadanía e axentes de cooperación o proceso de achegas e suxestións ao borrador do Decreto de Cooperación Exterior a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia.</p>
			2. Normativa de subvencións adaptada á cooperación para desenvolvemento.	
			3. Órganos de coordinación e participación renovados.	

² Os indicadores teñen como horizonte temporal o remate da vixencia do III Plan Director no 2017.

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ²	Produtos	Grao de progreso
	<i>L.A.1.2. Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da administración pública galega.</i>	I.1.2.1. Nº de xuntanzas do grupo de traballo cos distintos departamentos da Xunta de Galicia para incorporar nos seus pregos de cláusulas os criterios de comercio xusto e compra pública responsable nas súas compras e adquisicións.	4. Grupo de traballo en funcionamento.	<p>A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (DOG, n. 17, 27 de xaneiro de 2014) traspón á lexislación galega a <i>Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública</i>. A Lei 14/2013 no seu art. 25 impón aos poderes adjudicadores de todo o sector público autonómico a obriga de realizar contratacións públicas socialmente responsables (CPSR). Con este fin, a contratación pública terá en conta criterios relativos a traballo digno e cumprimento de dereitos sociais e laborais, igualdade de xénero, inclusión social, dereitos das persoas con discapacidade, accesibilidade universal e crecemento sustentable (como etiquetas de comercio xusto e outras etiquetas de tipo social). A asesoría xurídica xeral da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia ten elaborado unha "Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector autonómico galego". Xa que logo, o proceso ao que facía referencia o indicador xa se atopa concluído.</p> <p>No bienio 2014-2015 o Informe de seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza non foi solicitado pola Comisión Extraparlamentaria de seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e UE (DXRREE e UE). A Coordinadora Galega de ONGD ten elaborado un borrador do devandito informe mais non ten sido sometido a debate e aprobación na devandita Comisión.</p>
			5. Informe de seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza realizado.	
	<i>L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios en cooperación ao desenvolvemento.</i>	I.1.3.1. O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014.	6. Orzamento do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado	<p>O Plan anual 2014 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o día 9 de xaneiro de 2014 contou cun orzamento de 4.143.379 € para o programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento, dos cales 3.735.406 € corresponderon a axuda desembolsable. En 2014 a Xunta de Galicia executou un orzamento en cooperación ao desenvolvemento de 4.014.355€ a través da DXRREE e UE, dos cales 3.506.382€ corresponderon á axuda desembolsable, cun nivel de execución do 94% do orzamento previsto inicialmente. O esforzo orzamentario acadou o 0,04% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia.</p> <p>O Plan Anual 2015 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 23 de decembro de 2014 contou cun orzamento de 4.143.715€ para o programa 331A, dos cales 3.735.406€ correspondían a axuda desembolsable. En 2015 a Xunta de Galicia executou un orzamento en cooperación ao desenvolvemento de 4.243.714 € a través da DXRREE e UE, dos cales 3.735.406€ € corresponderon a axuda</p>

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ²	Produtos	Grao de progreso
				<p>desembolsable, cun nivel de execución do 100% do orzamento previsto inicialmente. O esforzo orzamentario acadou o 0,05% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia.</p> <p>No bienio 2014-2015 a Xunta de Galicia executou un total de 8.258.068,77€ dentro do seu programa 331A, un 97% do total previsto nos correspondentes Plans Anuais da Cooperación Galega e que equivalen ao 0,04% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia nese bienio.</p>
		<p>1.1.4.1. 70 %-75 % da axuda desembolsable da DXRREE e UE distribuída a través de convocatoria e o 25%-30% restante a través de convenios.</p>	<p>7. Convenios formalizados</p> <p>8. Convocatorias de axudas convocadas e resoltas.</p>	<p>No bienio 2014-2015 a axuda desembolsable da DXRREE e UE a través de convocatorias e convenios distribuíuse nun 76% a través de convocatorias (5.370.030€) e un 24% a través de convenios (1.703.670€).</p> <p>No bienio 2014-2015 publicáronse e resolvéronse un total de 13 convocatorias de axudas (proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior 2014 e 2015, microproxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior 2014 e 2015, proxectos de acción humanitaria no exterior 2014 e 2015, educación para o desenvolvemento 2014 e 2015, fortalecemento e consolidación de ONGD 2014 e 2015, investigación en cooperación para o desenvolvemento 2014, e bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento 2014 e 2015) que financiaron un total de 96 proxectos dos axentes de cooperación e 16 bolsas de formación de persoas expertas.</p> <p>En 2015 modificáronse as bases da convocatoria de microproxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior permitindo a presentación de proxectos por parte de outros axentes de cooperación recoñecidos pola Lei 3/2003 e rexistrados na sección E do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación.</p> <p>En 2014 publicouse unha convocatoria de proxectos de investigación en cooperación para o desenvolvemento dirixida especificamente a investigadores/as e grupos de investigación pertencentes ás Universidades do Sistema Universitario Galego.</p>
	L.A.1.4. Dar continuidade aos procesos de mellora da funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda.	<p>1.1.4.2. Nº de convocatorias de axudas de microproxectos, fortalecemento e consolidación de axentes e educación para o desenvolvemento abertas ao liderado do conxunto de axentes de cooperación.</p>	<p>9. Bases revisadas das convocatorias de microproxectos, fortalecemento e consolidación de axentes e educación para o desenvolvemento.</p>	
R.X.2. A Cooperación Galega concentra a súa axuda no exterior con criterios de eficacia	L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 10 países socios.	<p>1. 2.1.1. Como mínimo entre o 75 % e o 80 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento</p>	<p>10. Convenios e convocatorias executados nos países prioritarios.</p>	<p>No bienio 2014-2015 a DXRREE e UE desembolsou un 94% da axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 10 países prioritarios da Cooperación Galega, por un importe total de 3.837.471€ que financiaron 50 proxectos dos axentes de cooperación.</p>

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ²	Produtos	Grao de progreso
		pola DXRREE e UE concéntrase nos 10 países socios da Cooperación Galega.		
	<i>L.A.2.2. Aliñar as actuacións da Cooperación Galega cos Marcos de Asociación País da cooperación española e coas políticas públicas dos países socios.</i>	I. 2.2.1. Valoración nas bases das convocatorias de proxectos no exterior do grao de aliñamento cos MAP e as políticas públicas dos países socios.	11. Formularios de presentación de proxectos no exterior con apartado específico. 12. Criterios de valoración establecidos nas bases das convocatorias de proxectos no exterior.	No bienio 2014-2015 tanto os formularios de presentación dos proxectos como os criterios de valoración establecidos nas bases das convocatorias de proxectos no exterior teñen en conta a necesidade de adaptarse aos Marcos de Asociación País (MAP) e ás políticas públicas dos países socios, outorgándolle un máximo de 4 puntos na fase de valoración da proposta.
	<i>L.A.2.3. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados.</i>	I. 2.3.1. Como mínimo un 15 % da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE destinada aos Países Menos Adiantados.	13. Proxectos no exterior executados en Países Menos Adiantados.	No bienio 2014-2015 a DXRREE e coa UE desembolsou nos Países Menos Adiantados (PMA) un 25% de toda a axuda desembolsada no exterior por un importe total de 1.337.993€ que financiaron 26 proxectos dos axentes de cooperación.
	<i>L.A.2.4. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.</i>	I. 2.4.1. Como mínimo un 15 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas.	14. Proxectos con marcos de planificación plurianual financiados.	No bienio 2014-2015, o 55% da axuda desembolsada pola DXRREE e UE para proxectos no exterior en cooperación ao desenvolvemento foi dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que desen continuidade a intervencións previas.
R.X.3. A Cooperación Galega especializa a súa axuda nos sectores nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.	<i>L.A.3.1. Fortalecer a especialización sectorial da Cooperación Galega.</i>	I. 3.1.1. Entre o 80 % e o 90 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concéntrase nos 7 sectores de especialización.	15. Proxectos no exterior executados nos sectores de especialización. 16. Proxectos e intervencións executadas en cada un dos sectores.	No bienio 2014-2015 o 90% da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concentrouse nos 7 sectores de especialización por un importe total de 3.656.247,70 € que financiaron un total de 47 proxectos dos axentes de cooperación.

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ²	Produtos	Grao de progreso
	<i>L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.</i>	I.3.2.1. Como mínimo un 50 % da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e UE canalizouse por medio de convocatoria pública.	17. Convocatorias Aberta e Permanente de Acción Humanitaria resoltas.	No bienio 2014-2015 o 50% da axuda desembolsada en acción humanitaria pola DXRREE e UE foi canalizada a través da convocatoria aberta e permanente por un importe total de 598.227€ que financiaron un total de 10 proxectos dos axentes de cooperación. O restante 50% foi canalizado a través de 13 convenios por importe de 596.010€ que financiaron 26 actuacións dos axentes de cooperación.
		I.3.2.2. Como mínimo un 10 % da axuda desembolsada pola DXRREE e UE en acción humanitaria destinouse á redución de riscos e á resiliencia.	18. Proxectos e convenios en acción humanitaria financiados.	No bienio 2014-2015 un 26% da axuda desembolsada pola DXRREE e UE en acción humanitaria destinouse á redución de riscos e resiliencia a través de 7 proxectos dos axentes de cooperación por importe de 308.027€
R.X.4. Os actores e axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para contribuír aos resultados de desenvolvemento da cooperación española.	<i>L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.</i>	I.4.1.1. Achegas económicas ao Fondo Humanitario Común coordinado pola AECID realizadas pola Xunta de Galicia.	19. Achegas económicas ao Fondo Humanitario Común realizadas.	No ano 2015 achegáronse 50.000€ ao Fondo de Emerxencias coordinado pola AECID e no que participan as Comunidades Autónomas de Galicia, A Ríoxa, Castela-A Mancha, Illas Baleares, Madrid, Extremadura e Comunidade Valenciana. Os fondos achegados destinaráronse a cadansúa intervención do Programa Mundial de Alimentos nos campamentos de persoas refuxiadas saharauís e do Comité Internacional da Cruz Vermella en Colombia para a atención de persoas desprazadas polo conflito interno.
		I.4.1.2. Nº de xuntanzas da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento e dos Encontros de Comunidades Autónomas e Cooperación nos que participa a Xunta de Galicia.	20. Xuntanzas da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento da Cooperación Española celebradas. 21. Encontros de Comunidades Autónomas e Cooperación celebrados.	No bienio 2014-2015 a Xunta de Galicia participou en cadansúa xuntanza da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento celebradas o 25 de novembro de 2014 en Trujillo (Cáceres) e o 9 de outubro de 2015 en Madrid, estando representada polo Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE. No bienio 2014-2015, a Xunta de Galicia participou no VII Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación celebrado os días 8 e 9 de maio de 2014 en Toledo e mais no VIII Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación celebrado os días 26 e 27 de marzo de 2015 en Madrid. O IX Encontro celebrábase en Santiago de Compostela en xullo de 2016.
	<i>L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación.</i>	I.4.2.1. Nº de alianzas de traballo multiactor con financiamento internacional con outros actores e axentes da Cooperación Galega	22. Alianzas de traballo establecidas.	No bienio 2014-2015 a DXRREE e UE financiou 5 alianzas de traballo multiactor con Augas de Galicia en Mozambique e co Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) en Centroamérica, Nicaragua e Mozambique. Por outra banda, o CETMAR acadou financiamento da Unión Europea para cadanseu proxecto en Nicaragua e Santo Tomé e Príncipe e para un proxecto plurinacional en

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ²	Produtos	Grao de progreso
		establecidas.		Senegal, Costa de Marfil, Ghana, Nixeria e Camerún. No bienio 2014-2015 a DXRREE e UE financiou un total de 21 proxectos en agrupación a través das convocatorias de axudas aos axentes de cooperación por un importe total de 1.801.237€ que representa o 26% do total das axudas concedidas.
		I.4.2.2. Como mínimo, un 30 % da axuda total desembolsada a través das convocatorias aos axentes de cooperación da DXRREE e UE financia proxectos en agrupación.	23. Proxectos en agrupación financiados.	
R.X.5. Os actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións.	L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE.	I.5.1.1. Nº de persoas asistentes ao curso de capacitación en xestión orientada a resultados de desenvolvemento dirixido ao persoal da DXRREE e UE e ao resto de actores e axentes de cooperación realizado.	24. Curso sobre xestión orientada a resultados de desenvolvemento celebrado.	No bienio 2014-2015 non se realizou o curso sobre xestión orientada a resultados de desenvolvemento. No bienio 2014-2015 a DXRREE e UE contratou 12 asistencias técnicas especializadas distribuídas do seguinte xeito: 2 para a xestión do Plan Anual da Cooperación Galega no eido da cooperación e acción humanitaria; 5 para as avaliacións ex-ante das propostas presentadas ás convocatorias de axudas; 2 para a avaliación ex-post dos proxectos financiados pola Cooperación Galega en República Dominicana e Cabo Verde; 1 para a elaboración da Estratexia de educación e comunicación para o desenvolvemento da Cooperación Galega; 1 para a realización dun estudo sobre a percepción do papel da empresa galega en cooperación para o desenvolvemento; e 1 para a comunicación externa dos proxectos financiados pola Cooperación Galega en O Salvador e Honduras.
		I.5.1.2. Nº de asistencias técnicas orientadas ao reforzamento de capacidade da DXRREE e UE en acción humanitaria, avaliación e educación para o desenvolvemento	25. Asistencias técnicas realizadas.	
	L.A.5.2. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación.	I.5.2.1. 4 % da axuda total desembolsada centrada na consolidación e fortalecemento de axentes cunha	26. Proxectos de consolidación e fortalecemento de axentes financiados.	No bienio 2014-2015 o 8% da axuda desembolsada pola DXRREE e UE destinouse a actuacións de consolidación e fortalecemento de axentes.

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ²	Produtos	Grao de progreso
		atención específica á CGONGD e ao FOGACOSOL.	27. Convenios asinados anualmente coa CGONGD e co FOGACOSOL e convocatorias de fortalecemento e consolidación de ONGD resoltas.	<p>No bienio 2014-2015 asináronse cadanseus convenios anuais coa Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD) e co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (Fondo Galego) por un importe total de 180.000€ e 80.000€ respectivamente.³</p> <p>No bienio 2014-2015 publicáronse e resolvéronse dúas convocatorias de consolidación e fortalecemento de ONGD por un importe total de 283.751€ que financiaron 13 proxectos de ONGD.</p>
		I.5.2.2. Nº de bolsas de formación de expertos/as, convenios coas Universidades e convocatorias de fortalecemento e consolidación de ONGD financiadas.	28. Bolsas de formación de expertos/as concedidas.	<p>No bienio 2014-2015 concedéronse 16 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento: 4 bolsas na sede da DXRREE e UE en Santiago de Compostela, e 12 bolsas no exterior: 10 nas Oficinas Técnicas (OTC) da AECID en Ecuador, Nicaragua, Perú, Mozambique e República Dominicana, e 2 na Oficina Rexional da FAO en Guatemala.</p>
		I.5.2.3. Nº de participantes nas actividades de formación do sector empresarial para mellorar a súa Responsabilidade Social Empresarial en cooperación ao desenvolvemento e na investigación sobre o papel da empresa galega na cooperación para o desenvolvemento .	29. Estudo sobre as achegas das empresas galegas ao desenvolvemento nos países socios realizado.	<p>No bienio 2014-2015 asinouuse cadanseu convenio anual coas Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a creación e consolidación da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD).</p>
			30. Curso de formación en RSE no eido da cooperación ao desenvolvemento celebrado.	<p>No ano 2015 iniciouse a elaboración dun estudo sobre a percepción do papel das empresas galegas no desenvolvemento dos países e comunidades socias da Cooperación Galega. Os resultados deste estudo serán presentados no 2016.</p> <p>No bienio 2014-2015 non se ten realizado ningunha formación específica no eido da Responsabilidade Social Empresarial (RSE).</p>
	L.A.5.3. Fortalecer a capacidade dos axentes galegos de cooperación para diversificar as súas fontes de financiamento.	I.5.3.1. Nº de participantes en actividades de formación especializada en captación de fondos privados e públicos cunha atención especial ao financiamento europeo e internacional.	31. Formacións especializadas en captación de fondos realizadas.	<p>No bienio 2014 e 2015, un total de 193 persoas participaron nas cinco actividades de formación especializada en captación de fondos públicos e privados con especial atención ao financiamento europeo e internacional. A DXRREE e UE financiou a organización destes cursos a través dos convenios asinados CGONGD e coas Universidades Galegas que integran a RGCUD.</p> <p>No 2014, a RGCUD impartiu un curso sobre “Diversificación de Fondos en Cooperación ao Desenvolvemento: Subvencións EUROPEAID” ao que asistiron 56 persoas. A CGONGD impartiu outro sobre “Retos e novas tendencias na captación de fondos para ONGD: desenvolvemento practico de campañas” aos que asistiron 38 persoas.</p>

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ²	Produtos	Grao de progreso
				No 2015 a RGCUD impartiu nas tres Universidades integradas cadansúa sesión dos cursos "Formulación de proxectos de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (CUD) e Educación para o Desenvolvemento: o financiamento da UE" e "Formulación de proxectos CUD e Educación para o Desenvolvemento: o financiamento de Organismos Multilaterais" aos que asistiron 75 persoas. A CGONGD impartiu un curso sobre "Diversificación de fondos para ONGD" ao que asistiron 24 persoas. As persoas asistentes formaban parte do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos das Universidades.
	<i>L.A.5.4. Consolidar o investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.</i>	I.5.4.1. Ata o 70 % do custo total do proxecto nas convocatorias e convenios permite financiar gastos en recursos humanos.	32. Bases das convocatorias publicadas.	No bienio 2014-2015 todos os convenios e bases das convocatorias de axudas aos axentes de cooperación permitiron financiar gastos en recursos humanos cun límite máximo do 70% do custo total do proxecto.
R.X.6. A cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na loita contra a pobreza.	<i>L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.</i>	I.6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada sobre toda as actividades da DXRREE e UE en cooperación na páxina web da Cooperación Galega.	33. Páxina web da Cooperación Galega actualizada.	No bienio 2014-2015 a páxina web da Cooperación Galega actualizouse con toda a información relativa ás accións de cooperación ao desenvolvemento levadas a cabo pola DXRREE e UE: convocatorias e convenios de axudas, avaliacións, visitas institucionais, plans anuais, informes anuais de xestión, etc. No bienio 2014-2015 editáronse en papel e divulgáronse en formato dixital e papel o III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017) en edición bilingüe e o Informe Anual 2013. Así mesmo, editouse e divulgouse en formato dixital o Informe Anual 2014. Ademais o persoal da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior (SDXCE) participou en varias actividades de difusión da Cooperación Galega tanto no ámbito autonómico coma no ámbito estatal.
		I.6.1.2. Nº de publicacións e actividades de difusión anual dos resultados da Cooperación Galega.	34. Informes anuais da Cooperación Galega difundidos.	
	<i>L.A.6.2. Promover unha cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe organizativa no sistema galego de cooperación.</i>	I.6.2.1. Unha avaliación intermedia de seguimento e unha avaliación final externas e independentes da execución do III Plan Director da Cooperación Galega realizadas e difundidas.	35. Avaliación intermedia do III Plan Director realizada.	Entre abril e xuño de 2016 desenvolveuse a avaliación intermedia externa de seguimento da execución do III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento. Os resultados serán presentados publicamente no mes de xullo. A avaliación final do III Plan Director realizarase no derradeiro trimestre de 2017.
		I.6.2.2. Nº de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación	36. Avaliación final do III Plan Director realizada.	No 2014 convocouse e resolveuse a convocatoria de investigación sobre cooperación ao desenvolvemento dirixida a investigadores/as e grupos de investigación das Universidades integradas no Sistema Universitario Galego. Financiáronse 5 proxectos por un importe total de 144.372€. No bienio 2014-2015 realizouse cadansúa avaliación ex-post externa dos proxectos
		I.6.2.2. Nº de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación	37. Convocatoria de investigación para o desenvolvemento resolta.	

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ²	Produtos	Grao de progreso
		para o desenvolvemento dirixida aos grupos e centros de investigación das Universidades galegas.		financiados pola Cooperación Galega en Cabo Verde (2005-2013) e en República Dominicana (2007 e 2013). Os resultados atópanse publicados na web da Cooperación Galega e mais na web da Cooperación Española.
		I.6.2.3. Nº de avaliacións das intervencións financiadas nun mínimo de 3 países socios realizadas e difundidas.	38. Avaliacións de proxectos no exterior realizadas.	
R.X.7. A Cooperación Galega mellora a planificación e xestión das actuacións en educación para o desenvolvemento.	L.A.7.1. Definir un marco estratéxico de acción en educación e comunicación para o desenvolvemento.	I.7.1.1.Nº de axentes e actores participantes no deseño da estratexia da Cooperación Galega en educación e comunicación para o desenvolvemento .	39. Estratexia de Educación para o Desenvolvemento da Cooperación Galega deseñada de xeito participativo.	No 2015 contratouse unha asistencia técnica externa para a elaboración participativa da Estratexia de Educación e Comunicación para o Desenvolvemento da Cooperación Galega. No proceso teñen participado 36 entidades e 90 persoas. Os resultados serán presentados publicamente no segundo semestre de 2016.
	L.A.7.2. Garantir a previsibilidade financeira das actividades de educación para o desenvolvemento.	I.7.2.1. Nº de convocatorias de educación para o desenvolvemento publicadas e resoltas.	40. Convocatorias de educación para o desenvolvemento resoltas.	No bienio 2014-2015 publicáronse e resolvéronse dúas convocatorias de subvencións para proxectos de educación para o desenvolvemento cun importe total de 611.665€ que financiaron 20 proxectos das ONGD. A través dos convenios e convocatorias de proxectos de educación para o desenvolvemento e investigación realizáronse desembolsos a 47 proxectos por un importe de 1.019.392€, equivalente ao 14% da axuda desembolsada pola DXRREE e UE.

II. Informe da avaliación intermedia do III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017)

1. Introducción

Este informe ten por obxectivo presentar os resultados da avaliación intermedia externa e independente do III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2014-2017) realizada a pedimento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) da Xunta de Galicia e dirixida pola Subdirección Xeral de Cooperación Exterior (SDXCE). Esta avaliación abrangue unha análise das accións correspondentes ao bienio 2014-2015 centrando a súa atención especialmente naquelas iniciativas desenvolvidas ao abeiro do III Plan Director.

A *Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento* establece un modelo para a planificación e programación da axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) galega baseado na elaboración de plans directores estratéxicos de duración cuadrienal que a súa vez se despregan en cadanseus plans anuais. Estes plans directores conteñen os obxectivos e as prioridades xeográficas e sectoriais así como unha previsión dos recursos orzamentarios que orientarán a actuación da Cooperación Galega para o desenvolvemento durante o seu período de vixencia. Como resultado da modernización estratéxica e operativa do sistema galego de cooperación, no 2006 e no 2010 respectivamente, aprobáronse por unanimidade nos tres órganos de coordinación e asesoramento de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento –Comisión Interdepartamental, Comisión Interterritorial e Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento-, e mais no Parlamento de Galicia o I Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2006-2009) e o II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013).

A finais de 2013 iniciouse un terceiro ciclo de planificación estratéxica participativa baseada nos correspondentes exercicios externos e independentes de avaliación intermedia (2012) e final (2013) do II Plan Director. Este III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017) recibiu o apoio maioritario do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) reunido o 13 de decembro de 2013, sendo aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de decembro do mesmo ano, e recibindo a aprobación maioritaria do Parlamento de Galicia o 18 de marzo de 2014, mais sen que acadase o apoio unánime do conxunto de axentes de cooperación nin dos partidos políticos con representación parlamentaria. O III Plan Director representou unha renovación do compromiso da Xunta de Galicia coa cooperación ao desenvolvemento como política pública a través da elaboración e aprobación do seu marco estratéxico e operativo cuadrienal e da dotación orzamentaria do programa 331 de cooperación ao desenvolvemento da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia xestionado a través da DXRREE e UE.

A través deste informe de avaliación preséntanse os principais resultados acadados ao abeiro do III Plan Director da Cooperación Galega durante o bienio 2014-2015 co fin de garantir unha adecuada rendición de contas á cidadanía así como asegurar a transparencia da política pública de solidariedade global da Xunta de Galicia.

2. A avaliación intermedia do III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento

2.1. Antecedentes e obxectivo da avaliación

A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento establece a “eficacia na planificación, execución, seguimento e avaliación das políticas e dos proxectos de cooperación” (art.4.c) como criterio da cooperación para o desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación, como “elemento esencial da política de cooperación para o desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Galicia”, rexerese polos criterios básicos de eficacia, eficiencia, impacto, pertinencia e viabilidade, adoptándose a metodoloxía da cooperación oficial do Estado español e da Unión Europea (art. 10).

Así mesmo, corresponde á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) a través da Subdirección Xeral de Cooperación Exteriores (SDXCE) integrada na Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, como centro directivo competente en materia de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia, “a elaboración e o seguimento do plan director e dos plans anuais de cooperación para o desenvolvemento” (art. 19.1.a). Este seguimento do plan director será presentado ante o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE), que ten atribuído coma función o “coñecer os resultados do documento de seguimento do plan anual e da avaliación da cooperación” (art. 22.3.c).

O III Plan Director da Cooperación Galega ao Desenvolvemento (2014-2017) reconece como un dos seus resultados de xestión (R.X.6.) que “a cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na loita contra a pobreza” ao que se pretende contribuir “promovendo unha cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe organizativa no sistema galego de cooperación” (L.A.6.2). Ao tempo, o modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento salienta a necesidade de que a toma de decisións estratéxicas e operativas se realice con base en información de calidade e relevante que achegue datos, feitos e evidencias. Xa que logo, as avaliacións cóidanse necesarias por un dobre motivo:

- a) Por constituíren un elemento imprescindible para que a política de axuda avance progresivamente cara a unha maior calidade e impacto.
- b) Por facilitaren a rendición de contas esixible a toda política de cooperación levada a cabo con fondos públicos.

Neste senso, consonte ao *Plan Anual 2016 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento* e dando cumprimento ao indicador I.6.2.1 do III Plan Director realizarase unha análise intermedia externa e independente do bienio 2014-2015 empregando os datos do sistema de seguimento co obxectivo de revisar en profundidade o progreso no cumprimento dos compromisos, valorar a adecuación das previsións do III Plan Director aos novos contextos e detectar propostas de mellora para os resultados con dificultades na súa

consecución. Os resultados desta avaliación difundiranse publicamente, mandato que desenvolve o presente informe.

De vez, esta avaliación achega á unidade responsable da xestión do III Plan Director recomendacións e propostas de mellora útiles, realistas e pragmáticas para optimizar a eficacia e eficiencia dos esforzos institucionais, organizativos e operativos de cara ao segundo bienio de execución do marco estratéxico da Cooperación Galega. Xa que logo, consonte aos **Termos de Referencia (Anexo 1)**, este informe inclúe:

- a) A avaliación do grao cumprimento dos resultados de xestión, liñas de acción e indicadores establecidos no III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (**Conclusións**).
- b) Propostas de mellora para o bienio 2016-2017 (**Recomendacións**).

Consonte ás necesidades informativas decidiuse en diálogo coa DXRREE e UE empregar a matriz de preguntas de avaliación definida en 2012 e 2013 para a realización das avaliacións intermedia e final do II Plan Director baseadas nos criterios establecidos polo CAD (Eficacia, Eficiencia, Pertinencia, Sustentabilidade), pola AECID (Coherencia-Complementariedade, Harmonización, Participación, Rendición de contas) e polo marco de avaliación de políticas públicas (Satisfacción, Transparencia). Para a selección dos criterios de avaliación seguíronse as recomendacións realizadas en *La cooperación descentralizada al desarrollo: una propuesta metodológica para su análisis y evaluación* (Universidad del País Vasco-Hegoa, 2011).

Xa que logo, a **matriz de avaliación** estableceu coma criterios de avaliación os seguintes:

- a) **Eficacia e logro de resultados** para comprobar en que medida se están a acadar adecuada e suficientemente os resultados de xestión do III Plan Director así como detectar aquelas dificultades e atrancos para a execución das súas liñas de acción e para a consecución dos seus indicadores.
- b) **Eficiencia** para determinar o grao de transformación dos recursos e activos nos resultados de xestión e produtos do III Plan Director.
- c) **Coherencia** co fin de valorar a adecuación das accións programadas para acadar os resultados de xestión do III Plan Director.
- d) **Complementariedade** para fixar as sinerxías das actuacións desenvolvidas ao abeiro do III Plan Director co marco estratéxico e operativo da Cooperación Española e europea e mais coa axenda internacional da eficacia do desenvolvemento.
- e) **Participación** para valorar a eficacia e operatividade das canles e espazos de participación establecidos no III Plan Director.
- f) **Transparencia** para apreciar a adecuación e suficiencia dos instrumentos, ferramentas e mecanismos de rendición de contas á cidadanía galega sobre a política de cooperación.
- g) **Satisfacción** co fin de determinar o grao de satisfacción das expectativas dos axentes e actores da Cooperación Galega respecto do III Plan Director.

- h) **Sustentabilidade** para valorar a influencia do III Plan Director sobre a capacidade institucional dos axentes e actores da Cooperación Galega.
- i) **Pertinencia** co fin de apreciar a utilidade do sistema de indicadores definido no III Plan Director e para valorar a validez e utilidade dos métodos de colleita e análise de datos establecidos para o seguimento e avaliación do III Plan Director.

As necesidades informativas plasmáronse a xeito de preguntas na **matriz de avaliación** do III Plan Director vencellándoas con cadanseu criterio de avaliación e definindo un conxunto preciso de indicadores (**Anexo 3**).

2.2. Metodoloxía empregada

O proceso de avaliación abrangueu catro fases de traballo aliñándose co establecido pola AECID no seu *Manual de xestión de avaliacións da cooperación española* (AECID, 2007) e mais nos **Termos de Referencia**:

Fase I: Diagnóstico e deseño participativo

1. Análise de avaliabilidade do III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.
2. Constitución da comisión de seguimento da avaliación intermedia.
3. Aprobación do Plan de Traballo e mapa de actores.
4. Aprobación da matriz de avaliación (criterios, preguntas, categorías e instrumentos).
5. Traballo de gabinete e documentación.
6. Deseño dos instrumentos avaliativos.

Fase II. Traballo de campo

7. Análise cuantitativa (bases de datos).
8. Traballo de campo cualitativo: cuestionario, entrevistas individuais e grupais, e xuntanzas de contraste.

Fase III: Elaboración de informe

9. Informes parciais e achegas.
10. Informe definitivo contendo conclusións e recomendacións.
11. Revisión polos mandatarios da avaliación e os axentes de cooperación.

Fase IV: Comunicación pública de resultados.

12. Presentación en xuntanza do CONGACODE e do Consello da Xunta de Galicia.
13. Difusión a través da web da Cooperación Galega e envío a actores da cooperación en Galicia e España, cunha especial atención aos partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia.

Trala fase de deseño elaborouse unha **Guía de Deseño** que incluíu: plan de traballo e cronograma xeral da avaliación, o esquema da lóxica do III Plan Director, os indicadores e matriz de planificación, o resultado da análise de avaliabilidade, a matriz de avaliación, o mapa de actores e as ferramentas metodolóxicas que se implementaron na fase de traballo de campo e análise dos datos.

Cadro 1: Opcións metodolóxicas da avaliación

Fases	Opcións metodolóxicas						
	Análise documental	Base de datos	Cuestionarios	Entrevistas	Focus-group	Xuntanzas de contraste	Revisión externa
<i>I. Diagnóstico e deseño</i>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>				<input checked="" type="checkbox"/>	
<i>II. Traballo de Campo</i>	<input checked="" type="checkbox"/>		<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>	
<i>III. Elaboración do informe</i>	<input checked="" type="checkbox"/>					<input checked="" type="checkbox"/>	<input checked="" type="checkbox"/>
<i>IV. Comunicación pública de resultados</i>						<input checked="" type="checkbox"/>	

Na fase de deseño, asemade, definíronse e seleccionáronse os actores participantes na avaliación nos cales aplicar as diferentes ferramentas de escolma e colleita de datos. Con este fin, elaboráronse dous tipos de recursos:

- a) Un modelo de cuestionario para unha selección do conxunto dos axentes inscritos no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación e outras persoas e entidades informantes de interese.
- b) Unha guía de traballo de campo (**Anexo 4**).

A seguir sintetízase o alcance e número de actores participantes:

Cadro 2: Axentes participantes nos diferentes instrumentos

Cuestionario	29 persoas de 28 entidades
Entrevistas	4 persoas de 4 entidades
Focus-group	14 persoas de 9 entidades
Revisión externa	3 persoas
Xuntanzas de contraste	4 persoas

Xuntamente con estas ferramentas, desenvolveuse ao longo de todo o proceso un amplo e continuo traballo de análise documental sobre a base da **matriz de documentación (Anexo 5)** relativa ao III Plan Director e que integrou documentación interna e fontes externas.

A fase de diagnóstico e deseño abrangueu o mes de abril de 2016. O traballo de campo executouse en maio de 2016. Asemade, a elaboración do informe desenvolveuse nos meses de maio e xuño de 2016 ficando a fase de comunicación pública de resultados para o segundo semestre do 2016.

2.3. Condicionantes e límites da avaliación

O avaliador pon de manifesto as seguintes consideracións co fin de facilitar unha correcta interpretación das conclusións e recomendacións:

- a) A **matriz de avaliabilidade** elaborada na fase de diagnose salientaba que o contexto sociopolítico podería motivar un nesgo crítico nas respostas dos actores participantes na avaliación xa que o III Plan Director foi aprobado sen contar co apoio unánime do conxunto de axentes de cooperación. Ao tempo, os Plans Anuais 2014 e 2015 da Cooperación Galega foron aprobados co voto en contra dos representantes das ONGD e a abstención do Fondo Galego. Xa que logo, este contexto crítico coa dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación ao desenvolvemento dos Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia xunto co protagonismo das ONGD na xestión da axuda da Xunta de Galicia teñen demandado ao avaliador unha preocupación pola obtención de respostas obxectivas e coherentes para alén do contexto crítico actual.
- b) A SDXCE ten realizado un **seguimento activo e fiable do marco de resultados e indicadores do III Plan Director** tal e como se reflicte nas súas memorias anuais de xestión dos anos 2014 e 2015. Deste xeito, achegouse unha información suficiente e adecuada para a medición do grao de execución dos indicadores previstos no marco de resultados.
- c) Como xa acontecera nos anteriores exercicios de avaliación, o avaliador quixo previr unha atención excesiva por parte dos actores participantes na avaliación ao marco instrumental (convocatorias e convenios) do III Plan Director. Emporiso téñense orientado as ferramentas metodolóxicas para incidir na **análise e valoración do aspecto político e estratéxico do III Plan Director** de tal xeito que se obtivese un equilibrio entre os seus diferentes niveis de actuación.
- d) Os indicadores do marco de resultados do III Plan Director céntranse nas actuacións e procesos xestionados pola DXRREE e UE. A limitada contía e a baixa previsibilidade das actuacións en cooperación ao desenvolvemento xestionadas por outros departamentos da Xunta de Galicia impediu definir con precisión no Plan Director indicadores que abranguesen estes recursos e produtos. De todos os xeitos, nalgúns casos téñense desagregado os datos de xeito que se realiza unha análise a un triplo nivel nalgúns dos indicadores e produtos. Esta análise tripartita divídese en:
 - a. Datos da Cooperación Galega integrando os desembolsos da totalidade da Xunta de Galicia, é dicir, DXRREE e UE e mais o resto de departamentos.
 - b. Datos da Cooperación Galega centrados nos desembolsos da DXRREE e UE e que inclúen os compromisos de desembolso derivados de convocatorias e convenios de anos anteriores ao 2014 e os compromisos das convocatorias e convenios de 2014 a 2015.
 - c. Datos da Cooperación Galega centrados en exclusiva nos desembolsos realizados ao abeiro das convocatorias resoltas e convenios formalizados entre 2014 e 2015 pola DXRREE e UE. No caso dos datos relativos ao promedio de financiamento por proxecto a través de convocatorias entre 2014 e 2015, tomáronse en conta os datos de financiamento por proxecto da resolución e non os desembolsos efectivos xa que estes integran desembolsos a efectuar en 2016.

- e) Co fin de fomentar unha ampla participación no desenvolvemento desta avaliación tense promovido a **inclusión dun conxunto representativo de axentes e actores galegos de cooperación**.
- f) O feito de que o avaliador externo (**Anexo 2**) teña avaliado previamente o II Plan Director e teña sido o responsable da facilitación do proceso de planificación estratéxica que deu lugar ao III Plan Director demandou a implementación de **mecanismos de supervisión e revisión que garantan o rigor crítico, a obxectividade, a integridade e imparcialidade do exercicio de avaliación**.

3. Descrición do III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento

O terceiro ciclo de planificación estratéxica da Cooperación Galega foi iniciado no derradeiro trimestre do ano 2013 con base nas avaliacións intermedia e final do II Plan Director. O proceso de consulta cos axentes galegos de cooperación deu como resultado o *III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2014-2017)* cunha vixencia cuadrienal sendo aprobado por maioría no Parlamento de Galicia o día 18 de marzo de 2014. Asemade contou previamente co apoio maioritario do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE) na súa xuntanza do 13 de decembro de 2013, sendo aprobado posteriormente polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de decembro de 2013. Non obstante, este Plan Director foi aprobado sen contar co apoio unánime do conxunto de axentes de cooperación no CONGACODE nin das forzas políticas con representación parlamentaria, fendendo o consenso social e político que tiña caracterizado os anteriores Plans Directores

As transformacións da axenda global de desenvolvemento nos últimos anos e a evolución e experiencia da Cooperación Galega motivaron a necesidade de actualizar a súa declaración de misión e visión expresadas nos anteriores plans directores, de tal xeito que o III Plan Director declara como **misión**:

Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas, que se reflicten na redución da pobreza e das desigualdades e mais na promoción do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible das persoas, dos países e comunidades cos que se asocia a Cooperación Galega.

Esta misión renovada da Cooperación Galega inclúe os seguintes elementos:

- a) Salienta o carácter de política pública da cooperación ao desenvolvemento.
- b) Subliña que a Cooperación Galega contribúe ao proceso de desenvolvemento dos países socios xunto cos seus propios esforzos e do resto de actores e axentes de cooperación
- c) Engade a xestión de resultados de desenvolvemento coa énfase na promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas.
- d) Xuntamente coa loita contra a pobreza e as súas causas, engade a redución das desigualdades polas características particulares dos países socios da Cooperación Galega.
- e) Inclúe o enfoque de dereitos humanos ao afirmar como obxectivo a promoción do dereito ao desenvolvemento humano, integral e sustentable.
- f) Especifica que a misión da Cooperación Galega se realiza naqueles países e comunidades coas que se asocia a Cooperación Galega de xeito que reafirma o principio de asociación.

Xuntamente, a Cooperación Galega expresa como a súa **visión** do proceso de desenvolvemento a seguinte:

Mediante unha cooperación e axuda eficaz e de calidade, a Cooperación Galega ten contribuído á redución da pobreza e das desigualdades colaborando coa consecución dos obxectivos internacionais de desenvolvemento, fortalecendo o pleno exercicio dos dereitos e os procesos de desenvolvemento humano sostible das persoas liderados polos países socios, e promovendo unha cidadanía global concienciada, crítica, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.

Nesta visión sintetízanse os tres ámbitos de actuación do anterior Plan Director e ao tempo intégranse as tres finalidades centrais definidas no *IV Plan Director da Cooperación Española (2013-2016)*: o desenvolvemento humano sustentable, a diminución da pobreza e o pleno exercicio dos dereitos.

Dentro do proceso de consolidación da mellora da calidade e eficacia da Cooperación Galega esta nova estratexia presentou as seguintes características diferenciadoras:

- a) A aposta por unha política pública de cooperación centrada na xeración de cambios positivos e sostibles nas condicións de vida das persoas nas comunidades e países cos que se asocia a Cooperación Galega.
- b) O aliñamento coa nova axenda global de desenvolvemento materializada nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, e coa Cooperación Española para contribuír aos esforzos colectivos da cidadanía galega e española por promover o desenvolvemento humano sustentable, a diminución da pobreza e o pleno exercicio dos dereitos humanos nos países socios.
- c) A racionalización e simplificación do seu marco estratéxico para promover un maior alcance e impacto da axuda galega como propugna o modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento.
- d) A procura dun maior valor engadido da axuda a través da súa previsibilidade financeira con garantías de solvencia e sustentabilidade; da súa concentración xeográfica en 10 países prioritarios (Bolivia, Cabo Verde, Ecuador, Guatemala, Honduras, Mozambique, Nicaragua, O Salvador, Perú e República Dominicana) e da súa especialización nos sectores nos que Galicia conta con vantaxes comparativas (agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, saúde e programas/políticas sobre saúde sexual reprodutiva, xestión integral e gobernanza dos recursos hídricos, habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento, e educación para o desenvolvemento).

O I Plan Director (2006-2009) significou a modernización do sistema galego de cooperación mentres que o II Plan Director (2010-2013) deu continuidade á traxectoria de racionalización e aliñamento estratéxico coa axenda global de desenvolvemento. O III Plan Director avanzou a nivel de planificación e deseño na harmonización e homologación da Cooperación Galega co resto de cooperación autónomas españolas e na racionalización e mellora operativa e institucional do sistema a través dun deseño estratéxico baseado nos

criterios de política pública de cooperación definidos no II Plan Director. A aplicación destes criterios ten amosado efectos correctores sobre as inercias e atrancos do sistema galego no seu conxunto e que foron detectados pola análise avaliadora externa intermedia e final do II Plan Director. Estes criterios son:

1. Eficacia da axuda.
2. Previsibilidade da axuda.
3. Concentración dos recursos da axuda.
4. Transparencia na xestión da axuda.
5. Coherencia da política de cooperación con outras políticas públicas.
6. Participación social en Galicia e nos países socios.
7. Coordinación e complementariedade dos actores e axentes de cooperación.


Estes sete criterios xunto cos principios da Cooperación Galega enunciados no I e II Plan Director actuaron como fundamentos doutrinais que inspiran a planificación estratéxica.

Cadro 3: Principios da Cooperación Galega para o Desenvolvemento

1. *O ser humano debe constituír o centro dos esforzos do desenvolvemento.*
2. *O desenvolvemento constitúe un proceso multidimensional e non simplemente económico.*
3. *O desenvolvemento ten que se concibir como opción de realización dos pobos.*
4. *O desenvolvemento constitúe unha responsabilidade compartida.*
5. *A xustificación última do proceso de desenvolvemento descansa na conquista efectiva dos dereitos para as persoas.*

A planificación da xestión estratéxica materializada no III Plan Director desenvolveuse consonte á seguinte **cadea de resultados**:

Figura 1: Esquema da planificación estratéxica do III Plan Director da Cooperación Galega



En síntese, o III Plan Director abrangue 6 obxectivos estratéxicos, 7 resultados de xestión, 40 produtos, 20 liñas de acción, e 30 indicadores de desempeño para facilitar o seu seguimento e avaliación. Este esquema simplificou notablemente a estrutura do III Plan Director con respecto da do seu antecesor que contemplaba 3 ámbitos de actuación, 13 obxectivos xerais, 34 obxectivos específicos e 68 indicadores.

En relación ao **contexto de execución** do III Plan Director cómpre salientar os seguintes aspectos que están a influír no mesmo:

- a) A aprobación a finais de 2015 dunha nova axenda global de desenvolvemento que se materializa nos **Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS)** e que demanda

unha análise do aliñamento do III Plan Director e da Xunta de Galicia con este renovado marco de acción internacional que impón compromisos a nivel local e global.

- b) A vixencia das **medidas de consolidación fiscal e loita contra o déficit público** implementadas pola Xunta de Galicia e que teñen conxelado a dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia entre 2014 e 2016.
- c) As **campañas reivindicativas e accións de incidencia política das ONGD** respecto dos severos recortes sufridos pola cooperación ao desenvolvemento a nivel local, autonómico e estatal, e que ten motivado o voto en contra do III Plan Director e dos Plans Anuais 2014, 2015 e 2016 por parte das persoas representantes das ONGD no Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento.
- d) As **eleccións municipais de maio de 2015** teñen provocado un cambio en gobernos locais e deputacións provinciais galegas de tal xeito que as novas forzas políticas gobernantes están a amosar unha vontade de contribuír ás actividades da cooperación e educación para desenvolvemento mediante novas convocatorias de axudas e convenios ou ben reforzando orzamentariamente as existentes previamente.
- e) As **crises humanitarias** derivadas de catástrofes naturais (terremotos de Nepal e Ecuador), epidemias (crise do Ébola) e conflitos armados (crise das persoas refuxiadas e desprazadas polos conflitos en Siria, Iraq e Afganistán) demandan unha resposta coordinada así como un maior compromiso político das administracións públicas galegas coa cooperación ao desenvolvemento e a acción humanitaria.


Dentro da fase de diagnose previa analizouse a **lóxica de planificación** que fundamenta a coherencia interna do Plan Director. A seguir recuperamos a devandita lóxica que ten sido elaborada tras a análise dos elementos relativos á estrutura, procesos e resultados e tendo en conta os criterios para a política de Cooperación Galega así como os indicadores do seu marco de resultados. Desde esta perspectiva, o III Plan Director desenvolve dous procesos principais que se sintetizan na definición de misión do mesmo e que abranguen dous tipos de actividades: as actividades de cooperación e acción humanitaria, e mais as actividades de educación para o desenvolvemento. Os procesos vinculados ás actividades da Cooperación Galega agardan contribuír a resultados de desenvolvemento coa seguinte definición de impacto:

- a) Impacto do proceso vencellado ás actividades de cooperación ao desenvolvemento e acción humanitaria: ***Mediante unha cooperación e axuda eficaz e de calidade, a Cooperación Galega ten contribuído á redución da pobreza e das desigualdades colaborando coa consecución dos obxectivos internacionais de desenvolvemento, fortalecendo o pleno exercicio dos dereitos e os procesos de desenvolvemento humano sostible das persoas liderados polos países socios.***
- b) Impacto do proceso vencellado á actividade de educación para o desenvolvemento: ***Promovida unha cidadanía global concienciada, crítica, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.***

A nivel dos subprocesos, identificáronse nove niveis de análise asociados aos criterios da política pública galega de cooperación aos que se vinculan os indicadores de desempeño correspondentes. Xa que logo, o III Plan Director foi deseñado para producir dúas castes de resultados:

- Sete resultados de xestión**, entendidos como os logros colectivos relativos a aqueles aspectos internos organizativos que a Cooperación Galega debe acometer para a consecución dos resultados de desenvolvemento.
- Oito resultados de desenvolvemento** definidos tanto polo país socio como a través do diálogo de políticas coa Cooperación Española que se materializa nos marcos de asociación correspondentes e que no IV Plan Director da Cooperación Española constitúen o horizonte dos seus obxectivos estratéxicos.

Figura 2: Lóxica de intervención do III Plan Director da Cooperación Galega



4. Resultados da avaliación intermedia

A estrutura deste apartado segue os criterios de avaliación establecidos na matriz de avaliación ofrecendo unha resposta ás preguntas de avaliación definidas en diálogo co equipo técnico da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior (SDXCE), unidade mandataria da avaliación (**Anexo 8.2**).

4.1. Eficacia e logro de resultados

Este subapartado resposta a dúas preguntas:

- a) **Estance a lograr adecuada e suficientemente os resultados de xestión do III Plan Director?**
- b) **Que dificultades e atrancos están a impedir a consecución dos resultados de xestión do III Plan Director?**

O III Plan Director da Cooperación Galega definiu 7 resultados de xestión e 20 liñas de acción coas que asegurar a entrega de 40 produtos. Para poder determinar o alcance no cumprimento dos devanditos resultados de xestión, estableceuse como indicio de éxito **o grao de execución dos 30 indicadores e o grao de entrega dos 40 produtos** establecidos no marco de resultados do Plan Director ao remate do bienio 2014-2015.

En decembro de 2015, 23 dos 30 indicadores foran acadados plena e satisfactoriamente, 6 presentan unha execución parcial e unicamente 1 indicador amosa un progreso insuficiente ou pendente, alcanzándose un **éxito global do 77%** no logro de indicadores do III Plan Director da Cooperación Galega ao remate do bienio 2014-2015. No mesmo período en relación aos produtos, 29 foron entregados, 8 atópanse en proceso de seren entregados mentres que 3 produtos se atopan pendentes. Xa que logo, alcanzouse un **éxito global do 72%** na entrega dos produtos establecidos no III Plan Director.

Gráfico 1: Grao de execución en porcentaxe dos indicadores do III Plan Director da Cooperación Galega, 2014-2015




Gráfico 2: Grao de execución en porcentaxe dos produtos do III Plan Director da Cooperación Galega, 2014-2015






Gráfico 3: Grao de execución en porcentaxe dos resultados de xestión do III Plan Director da Cooperación Galega, 2014-2015



Xa que logo, durante o bienio 2014-2015 a DXRREE e UE está a progresar razoablemente no alcance dos 7 resultados de xestión previstos no III Plan Director e, como podemos observar no seguinte gráfico, a ponderación dos indicadores e das valoracións realizada polos axentes galegos de cooperación ten permitido delimitar o grao de alcance dos resultados de xestión.

Gráfico 4: Grao de alcance dos resultados de xestión do III Plan Director da Cooperación Galega, 2014-2015.



O promedio global no alcance sitúase nun satisfactorio 4 sobre 5, aínda que cómpre analizar polo miúdo aqueles resultados de xestión que se sitúan por debaixo deste promedio e nos que se detectan progresos insuficientes e puntos de fractura:

- a) **Resultado de xestión 1. A Cooperación Galega aliña o seu marco operativo coa axenda global de desenvolvemento.** Este alcance (3,5) inferior ao promedio atribúese a tres factores: en primeiro lugar, á decisión da DXRREE e UE de renunciar ao proxecto de elaborar e aprobar en sede parlamentaria unha nova lei galega de cooperación ao desenvolvemento, produto que ten sido substituído pola elaboración dun Decreto de Cooperación Exterior, arestora en proceso de tramitación administrativa. En segundo lugar, ao feito de avanzar lentamente na apertura das convocatorias de axudas ao conxunto dos actores de cooperación recoñecidos pola *Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento*, e que unicamente se ten desenvolvido parcialmente nas bases da convocatoria de microproxectos de cooperación no exterior do ano 2015. E, en terceiro lugar, á falta de avances no seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza por parte da Comisión Extraparlamentaria constituída a tal efecto a iniciativa da Coordinadora Galega de ONGD (CGONGD) en xuño de 2013.
- b) **Resultado de xestión 4. Os actores e axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para contribuír a resultados de desenvolvemento:** Neste caso, o valor de 3,8 débese a que non se conseguiu acadar o indicador I.4.2.2. que establecía que a través das convocatorias de axudas unha porcentaxe mínima de financiamento do 30% estaría dirixida a proxectos en agrupación de actores. Malia os incentivos previstos nas convocatorias de axudas, financiáronse un total de 21 proxectos en agrupación por un importe total de 1.801.237€ que representa o 26% do total das axudas concedidas.
- c) **Resultado de xestión 5. Os actores e axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para un maior alcance das súas actuacións.** O valor atribuído de 3,9 débese a que non se teñen impartido dúas formacións dirixidas aos axentes e actores de cooperación sobre xestión orientada a resultados de desenvolvemento e sobre Responsabilidade Social Empresarial (RSE) no eido da cooperación ao desenvolvemento. Por outra banda, malia que en 2015 se iniciou a elaboración dun estudo sobre a percepción do papel das empresas galegas no desenvolvemento dos países e comunidades socias da Cooperación Galega, os resultados deste estudo serán presentados no segundo semestre de 2016.
- d) **Resultado de xestión 6. A cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da Cooperación Galega na loita contra a pobreza.** Acádase un valor de 3,4 por mor de que a avaliación final do III Plan Director está prevista que se realice a finais de 2017 mentres que a avaliación intermedia se desenvolveu no primeiro trimestre de 2016. Así mesmo, está pendente de se realizar unha avaliación ex-post dos proxectos financiados pola Cooperación Galega en Ecuador tras das avaliacións externas de República Dominicana e Cabo Verde.
- e) **Resultado de xestión 7. A Cooperación Galega mellora a planificación e xestión das actuacións en educación para o desenvolvemento.** Entre finais de 2015 e comezos de 2016 desenvolveuse o proceso participativo para o deseño da Estratexia de Educación

e Comunicación para o Desenvolvemento da Cooperación Galega. Os resultados do proceso serán presentados no segundo semestre de 2016, o que motiva un valor de 3,8 no alcance do resultado.

En relación **ás dificultades e atrancos que están a impedir a consecución dos resultados de xestión do III Plan Director**, tal e como analizaremos nos seguintes apartados, o principal factor negativo localízase na baixa dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación para o desenvolvemento executado pola DXRREE e UE. De feito, este baixo esforzo investidor da Xunta de Galicia está a atrancar o despregamento efectivo do músculo instrumental da Cooperación Galega mingando a súa capacidade para xerar cambios positivos e sostibles nas vidas das persoas, comunidades e países cos que se asocia. Ao tempo, a calidade da axuda galega estase a ver afectada por mor da fragmentación da axuda que impide a execución de proxectos cun impacto e alcance superiores aos actuais no eido da acción humanitaria e da cooperación ao desenvolvemento.

Outra dificultade para unha Cooperación Galega máis eficaz e estratéxica sitúase na limitada coordinación dos actores públicos galegos, en concreto na inexistencia dunha actuación complementaria entre a Xunta de Galicia e as entidades locais. Esta falta de coordinación impide a xeración dunha visión compartida sobre a achega de Galicia ao desenvolvemento global a través da política pública de cooperación. Neste senso tamén cómpre duplicar os esforzos para integrar unha visión de coherencia de políticas de desenvolvemento aproveitando a reforma en curso do espazo de coordinación institucional que constitúe o CONGACODE.

Outro punto de fractura estase a detectar nas dificultades para xerar unha activa aprendizaxe organizativa do conxunto de axentes e actores de cooperación xa que seguen sen facilitarse espazos operativos e funcionais para o intercambio de coñecementos, boas prácticas e resultados que fomenten a mellora continuada do conxunto do sistema galego de cooperación. Por outra parte, malia que se promove a transparencia e rendición de contas á cidadanía, as actuacións desenvolvidas amosan unha capacidade limitada para aumentar o coñecemento público dos resultados e logros da Cooperación Galega.

Por último, o conxunto de debilidades e atrancos sinalados superaríanse a través dunha maior vontade política do Goberno da Xunta de Galicia que se traducise nunha maior dotación orzamentaria e esforzo investidor, nun reforzamento da capacidade da DXRREE e UE no eido da cooperación exterior ao desenvolvemento e nun respaldo activo ao seu liderado político e estratéxico da Cooperación Galega para fomentar, en diálogo cos actores e axentes de cooperación, un sistema galego de cooperación cunha maior achega de calidade aos resultados de desenvolvemento definidos pola nova axenda global materializada nos ODS. Neste senso tamén resultaría necesario un maior compromiso coa cooperación ao desenvolvemento dos partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia de tal xeito que esta política pública aumente a súa visibilidade e relevancia no debate político parlamentario e na fiscalización da acción do goberno da Xunta de Galicia.

4.2. Eficiencia

Este subapartado resposta á pregunta: **está a ser eficiente a transformación dos recursos nos resultados de xestión do III Plan Director?**

Con este fin imos analizar o grao en que os produtos previstos no III Plan Director están a contribuír a acadar os resultados de mellora previstos.

Na seguinte táboa analízase o estado e grao de entrega do conxunto dos 40 produtos previstos no III Plan Director da Cooperación Galega asociados aos procesos de mellora definidos no seu narrativo.

Táboa 1: Procesos de mellora e produtos do III Plan Director da Cooperación Galega, 2014-2015

Procesos	Produto	Fonte	Estado	Grao de entrega
<i>L.A.1.1. Actualizar o marco normativo da Cooperación Galega</i>	1. Lei galega de cooperación para o desenvolvemento aprobada.	Informes anuais da Cooperación Galega/ Normativa autonómica	Substituído/ En proceso	50%
	2. Normativa de subvencións adaptada á cooperación para desenvolvemento.	Informes anuais da Cooperación Galega/ Normativa autonómica	En proceso	50%
	3. Órganos de coordinación e participación renovados.	Informes anuais da Cooperación Galega/	Entregado	75%
<i>L.A.1.2. Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da administración pública galega.</i>	4. Grupo de traballo sobre compra pública responsable en funcionamento.	Informes anuais da Cooperación Galega/ Normativa autonómica	Substituído/ Entregado	100%
	5. Informe de seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza realizado.	Informe da Comisión Extraparlamentaria de seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza	En proceso	50%
<i>L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios en cooperación ao desenvolvemento.</i>	6. Orzamento do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento aprobado	Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia	Entregado	100%
<i>L.A.1.4. Dar continuidade aos procesos de mellora da funcionalidade dos instrumentos de canalización da axuda.</i>	7. Convenios formalizados	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
	8. Convocatorias de axudas convocadas e resultas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
	9. Bases revisadas das convocatorias de microproxectos, fortalecemento e consolidación de axentes e educación para o desenvolvemento.	Informes anuais da Cooperación Galega	En proceso	33%
<i>L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 10 países socios.</i>	10. Convenios e convocatorias executados nos países prioritarios.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
<i>L.A.2.2. Aliñar as actuacións da Cooperación Galega cos Marcos de Asociación País da cooperación española e coas políticas públicas dos</i>	11. Formularios de presentación de proxectos no exterior con apartado específico.	Formularios das convocatorias de proxectos e microproxectos no exterior	Entregado	100%

Procesos	Produto	Fonte	Estado	Grao de entrega
<i>países socios.</i>	12. Criterios de valoración establecidos nas bases das convocatorias de proxectos no exterior.	Bases das convocatorias de proxectos no exterior	Entregado	100%
<i>L.A.2.3. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados.</i>	13. Proxectos no exterior executados en Países Menos Adiantados.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
<i>L.A.2.4. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.</i>	14. Proxectos con marcos de planificación plurianual financiados.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
<i>L.A.3.1. Fortalecer a especialización sectorial da Cooperación Galega.</i>	15. Proxectos no exterior executados nos sectores de especialización.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
	16. Proxectos e intervencións executadas en cada un dos sectores.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
<i>L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.</i>	17. Convocatorias Aberta e Permanente de Acción Humanitaria resoltas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
	18. Proxectos e convenios en acción humanitaria financiados.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
<i>L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.</i>	19. Achegas económicas ao Fondo Humanitario Común realizadas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
	20. Xuntanzas da Comisión Interterritorial de Cooperación ao Desenvolvemento da Cooperación Española celebradas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
	21. Encontros de Comunidades Autónomas e Cooperación celebrados.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
<i>L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación.</i>	22. Alianzas de traballo establecidas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
	23. Proxectos en agrupación financiados.	Informes anuais da Cooperación Galega	En proceso	85%
<i>L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE.</i>	24. Curso sobre xestión orientada a resultados de desenvolvemento celebrado.	Informes anuais da Cooperación Galega	Pendente	0%
	25. Asistencia técnica realizadas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
<i>L.A.5.2. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación.</i>	26. Proxectos de consolidación e fortalecemento de axentes financiados.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
	27. Convenios asinados anualmente coa CGONGD e co FOGACOSOL e convocatorias de fortalecemento e consolidación de ONGD resoltas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%

Procesos	Produto	Fonte	Estado	Grao de entrega
	28. Bolsas de formación de expertos/as concedidas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
	29. Estudo sobre as achegas das empresas galegas ao desenvolvemento nos países socios realizado.	Informes anuais da Cooperación Galega	En proceso	50%
	30. Curso de formación en RSE no eido da cooperación ao desenvolvemento celebrado.	Informes anuais da Cooperación Galega	Pendente	0%
<i>L.A.5.3. Fortalecer a capacidade dos axentes galegos de cooperación para diversificar as súas fontes de financiamento.</i>	31. Formacións especializadas en captación de fondos realizadas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
<i>L.A.5.4. Consolidar o investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.</i>	32. Bases das convocatorias publicadas.	Bases das convocatorias de axudas	Entregado	100%
<i>L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.</i>	33. Páxina web da Cooperación Galega actualizada.	Páxina web da Cooperación Galega	Entregado	100%
	34. Informes anuais da Cooperación Galega difundidos.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
<i>L.A.6.2. Promover unha cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe organizativa no sistema galego de cooperación.</i>	35. Avaliación intermedia do III Plan Director realizada.	Plan Anual 2016	En proceso	50%
	36. Avaliación final do III Plan Director realizada.	Plan Anual 2017	Pendente	0%
	37. Convocatoria de investigación para o desenvolvemento resolta.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%
	38. Avaliacións de proxectos no exterior realizadas.	Informes anuais da Cooperación Galega	En proceso	67%
<i>L.A.7.1. Definir un marco estratéxico de acción en educación e comunicación para o desenvolvemento.</i>	39. Estratexia de Educación para o Desenvolvemento da Cooperación Galega deseñada de xeito participativo.	Informes anuais da Cooperación Galega	En proceso	50%
<i>L.A.7.2. Garantir a previsibilidade financeira das actividades de educación para o desenvolvemento.</i>	40. Convocatorias de educación para o desenvolvemento resoltas.	Informes anuais da Cooperación Galega	Entregado	100%

En relación ao alcance e entrega dos produtos, durante a execución do Plan Director foron substituídos dous produtos de relevancia para o resultado de xestión 1 asociados respectivamente á actualización normativa da Cooperación Galega (L.A.1.1.) e ao reforzamento da coherencia de políticas en todos os niveis da administración pública galega. No primeiro caso, renunciouse ao proceso de elaboración de unha nova lei galega de

cooperación por mor da falta de consenso político e social, sendo substituído pola elaboración dun Decreto de Cooperación Exterior, tal e como se explica no apartado 4.3.2. No segundo caso, non foi precisa a creación dun grupo de traballo sobre a integración da compra pública responsable nas compras e adquisicións da Xunta de Galicia xa que a *Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico* (DOG, n. 17, 27 de xaneiro de 2014) traspón á lexislación galega a *Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública*. A Lei 14/2013 no seu art.25 impón aos poderes adxudicadores de todo o sector público autonómico a obriga de realizar contratacións públicas socialmente responsables (CPSR). Xa que logo, o proceso ao que facía referencia o indicador (I.1.2.1.) xa se atopa concluído, tal e como se analiza máis polo miúdo no apartado 4.3.2.

Para valorar a eficiencia na consecución dos 40 produtos temos que analizar os recursos financeiros investidos en cooperación ao desenvolvemento pola Xunta de Galicia. Ao tempo, temos que indicar que o III Plan Director establecía unha cautela respecto da capacidade de financiamento do conxunto de instrumentos previstos, indicando que unicamente se comprometía a garantir nos seus catros anos de vixencia o financiamento continuado da convocatoria de educación para o desenvolvemento (§ 93). Esta contingencia prevíase por mor de que neste Plan Director se estableceu unha base de orzamento anual sen un mandato específico de crecemento do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. De feito, durante o bienio 2014-2015 non se avanzou no aumento do orzamento operativo do devandito programa, malia que se logrou frear a volatilidade que caracterizou ao período 2010-2013.

Entre 2014 e 2015, a Xunta de Galicia investiu en cooperación ao desenvolvemento un total de **8.904.341€**, dos cales un **93%** (8.258.069€) foi xestionado pola DXRREE e UE dentro da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e o restante 7% (646.272€) por outros departamentos da Xunta de Galicia.

A execución orzamentaria da DXRREE e UE tense desenvolvido consonte ao previsto no Plan Anual correspondente agás de forma significativa en catro actividades durante o ano 2014:

1. As bolsas de formación de persoas expertas en cooperación que mingúan en 31.700€.
2. As actuacións de cooperación exterior no capítulo IV que aumentan en 96.000€.
3. As actuacións de cooperación exterior no capítulo VII que se reducen en 223.738€ euros.
4. A dotación do Fondo Humanitario da AECID que non recibe a transferencia de fondos prevista no 2014 ao facerse operativo este instrumento en 2015.

Malia non tratarse de grandes desviacións, a estreitura da dotación orzamentaria do programa 331A implica que estas variacións teñan efectos relevantes no número de proxectos e bolsas financiadas, afectando á previsibilidade orzamentaria que se reflicte no correspondente Plan Anual. En canto ao ano 2015, a execución orzamentaria do Plan Anual foi

case perfecta, excepto por unha transferencia de gasto do capítulo VII ao VI por importe de 36.838€.

Cadro 4: Distribución do orzamento inicial e executado da DXRREE e UE (Cooperación Exterior), 2014-2015⁴

CAPÍTULO	CONCEPTO	2014		2015		Total 2014-2015		
		INICIAL €	EXECUTADO €	INICIAL €	EXECUTADO €	INICIAL €	EXECUTADO €	Execución %
Capítulo I	Gastos de persoal	407.973,00	407.973,00	408.309,00	408.309,00	816.282,00	816.282,00	100
Capítulo II	Gastos de funcionamento	0,00	100.000,00	0,00	100.000,00	0,00	200.000,00	0
Capítulo IV	Transferencia correntes	3.013.568,00	2.994.469,43	3.013.568,00	3.013.566,84	6.027.136,00	6.008.036,27	100
	Transferencias Universidades	175.000,00	171.366,04	175.000,00	174.999,04	350.000,00	346.365,08	99
	Transferencias a institucións sen fins de lucro	525.000,00	507.025,00	503.500,00	503.499,80	1.028.500,00	1.010.524,80	98
	Actuacións de cooperación no exterior	2.014.568,00	2.100.542,00	2.014.568,00	2.014.568,00	4.029.136,00	4.115.110,00	102
	Convenio Coordinadora Galega de ONGD	90.000,00	90.000,00	90.000,00	90.000,00	180.000,00	180.000,00	100
	Convenio Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	40.000,00	40.000,00	40.000,00	40.000,00	80.000,00	80.000,00	100
	Bolsas de formación en cooperación	91.700,00	58.000,00	111.900,00	111.900,00	203.600,00	169.900,00	83
	Seguridade Social Bolsas formación en cooperación	2.300,00	2.536,39	3.600,00	3.600,00	5.900,00	6.136,39	104
	Fondo Humanitario AECID	50.000,00	0,00	50.000,00	50.000,00	100.000,00	50.000,00	50
	Convenio Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí (SOGAPS)	25.000,00	25.000,00	25.000,00	25.000,00	50.000,00	50.000,00	100
Capítulo VI	Investimentos reais	60.000,00	73.812,50	60.000,00	96.838,00	120.000,00	170.650,50	142
Capítulo VII	Transferencias de capital	661.838,00	438.100,00	661.838,00	625.000,00	1.323.676,00	1.063.100,00	80
	Actuacións de Cooperación no Exterior	586.838,00	363.100,00	586.838,00	550.000,00	1.173.676,00	913.100,00	78
	Convenio Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí (SOGAPS)	75.000,00	75.000,00	75.000,00	75.000,00	150.000,00	150.000,00	100
Total		4.143.379,00	4.014.354,93	4.143.715,00	4.243.713,84	8.287.094,00	8.258.068,77	100

A execución orzamentaria global do bienio 2014-2015 acadou o 97% de promedio se atendemos ás previsións de gasto dos correspondentes Plans Anuais que non contemplan o capítulo II, correspondente a gastos de funcionamento da DXRREE e UE. En 2014 a execución do orzamento acadou o 94% cunha diferenza negativa de case 230 mil euros, mentres que en 2015 a execución axustouse ao orzamento inicial previsto no correspondente Plan Anual.

Cadro 5: Distribución do orzamento previsto e executado da DXRREE e UE (Cooperación Exterior) sen capítulo II, 2014-2015

Ano	Previsto € (sen Capítulo II)	Executado € (sen Capítulo II)	Diferenza €	Execución %
2014	4.143.379	3.914.355	-229.024	94
2015	4.143.715	4.143.714	-1	100
Total	8.287.094	8.058.069	-229.025	97

Por outra banda, os gastos de persoal e funcionamento da SDXCE ascenden a pouco máis dun 1 millón de euros, un 12% do gasto total entre 2014 e 2015. O restante 88% destinouse ás actividades propias de cooperación ao desenvolvemento por un total de 7,2 millóns de euros.

⁴ O capítulo II non forma parte do programa 331 de cooperación para o desenvolvemento, e a cantidade executada resulta do prorrateo do total de gastos de funcionamento da DXRREE e UE entre todas as súas unidades.

Cadro 6: Distribución agregada do gasto por tipo de actividade e instrumento da DXRREE e UE (Cooperación Exterior), 2014-2015⁵

Actividade	Instrumento	2014				2015				2015-2016			
		Total por actividade €	%	Total por tipo de actividade €	%	Total por actividade €	%	Total por tipo de actividade €	%	Total por actividade €	%	Total por tipo de actividade €	%
Cooperación ao desenvolvemento	Proxectos ONGD	1.297.202	37	1.967.512	56	1.507.434	40	2.109.787	57	2.804.636	39	4.077.300	56
	Outros axentes	347.393	10			325.088	9			672.481	9		
	Microproxectos ONGD	15.249	0			23.667	1			38.917	1		
	Convenios	307.668	9			253.598	7			561.266	8		
Acción humanitaria	Convocatoria aberta e permanente	300.000	9	605.950	17	298.227	8	588.287	16	598.227	8	1.194.237	16
	Convenios	305.950	9			290.060	8			596.010	8		
Fortalecemento de axentes	Convocatoria	70.510	2	259.510	7	154.590	4	347.223	9	225.100	3	606.733	8
	Convenios	189.000	5			192.633	5			381.633	5		
Educación para o desenvolvemento	Convocatoria	479.597	14	543.397	15	375.035	10	475.996	13	854.631	12	1.019.392	14
	Convenios	63.800	2			100.961	3			164.761	2		
Formación	Convocatoria de bolsas de formación	60.537	2	60.537	2	115.500	3	115.500	3	176.037	2	176.037	2
Outros	Asistencias técnicas	76.813	2	76.813	2	96.838	3	96.838	3	173.651	2	173.651	2
Total		3.513.719	100	3.513.719	100	3.733.632	100	3.733.632	100	7.247.350	100	7.247.350	100

En canto á distribución por actividades, destinouse un 56% a cooperación ao desenvolvemento cun total de 4 millóns de euros, e un 16% a acción humanitaria cun investimento de case 1,2 millóns de euros. En total, un 72% da axuda desembolsada investiuse no exterior por un importe de 5,2 millóns de euros. En canto á actividade de fortalecemento de axentes destinouse un 8% da axuda desembolsable cun total de 600 mil euros, mentres que a actividade de educación para o desenvolvemento recibiu 1 millón de euros, que representa o 14% do total desembolsado. Tanto as actividades de formación como de fomento da cooperación recibiron preto de cadanseus 175 mil euros, que representan respectivamente o 2% do total da axuda desembolsada pola DXRREE e UE. Xa que logo, unha análise cabal da relación entre o orzamento efectivamente desembolsado e os 40 produtos previstos durante a vixencia do III Plan Director da Cooperación Galega permítenos concluír que a Cooperación Galega neste período se caracterizou pola eficiencia na transformación dos limitados recursos financeiros en produtos, contribuíndo a acadar dun xeito razoable os resultados de mellora previstos, como analizaremos no seguinte apartado dedicado á coherencia.

En conclusión, o actual estado de execución do marco de resultados do III Plan Director permite un certo grao de optimismo respecto da capacidade da DXRREE e UE de entregar o conxunto de 40 produtos previstos e de acadar os 7 resultados de xestión. Agora ben, precísase seguir garantindo a previsibilidade orzamentaria e a solvencia financeira nun horizonte de crecemento do esforzo investidor en cooperación ao desenvolvemento a medida que a recuperación económica se traduza nun aumento dos ingresos da Facenda pública e da capacidade de gasto da Xunta de Galicia.

⁵ Non se inclúen os gastos de persoal e funcionamento da SDXCE por un importe de 1.016.282€.

4.3. Coherencia

Neste apartado respostaremos á cuestión de se **están a ser adecuadas as accións programadas para acadar os resultados de xestión e liñas de acción do III Plan Director.**

Tendo á vista o conxunto de produtos entregados ao longo do bienio 2014-2015, artellaremos a exposición en torno a tres cuestións:

- a) **Grao en que están a minguar as debilidades e problemas detectados no diagnóstico que acompaña ao III Plan Director.**
- b) **Grao de incorporación efectiva dos principios para unha cooperación eficaz como criterios da política pública galega de cooperación para o desenvolvemento.**
- c) **Grao de cumprimento das reformas previstas no III Plan Director.**

O diagnóstico da Cooperación Galega no período 2010-2103 -resultado das súa avaliación externa intermedia e final- sinalaba os seguintes 4 **retos pendentes** que deberían de ser obxecto de corrección entre 2014 e 2017 a través do III Plan Director.


1. ***A corrección da baixa previsibilidade orzamentaria.***
2. ***A superación das limitacións do marco normativo regulador da Cooperación Galega.***
3. ***A compensación da debilidade institucional dos actores e axentes galegos de cooperación.***
4. ***A introdución dunha nova cultura de xestión e aprendizaxe.***

Por outra banda, a traxectoria de racionalización e incremento da calidade do sistema galego de cooperación iniciado polo II Plan Director da Cooperación Galega xustifica que tamén valoremos a superación doutros retos e debilidades aos que debe dar continuidade o itinerario de reforma previsto no III Plan Director para consolidar unha Cooperación Galega de calidade.

5. ***O aumento do esforzo investidor en AOD.***
6. ***A concentración e selectividade xeográfica da axuda galega.***
7. ***A especialización sectorial da Cooperación Galega.***
8. ***A redución da fragmentación da axuda.***
9. ***A mellora da funcionalidade dos instrumentos de axuda.***
10. ***A promoción da coherencia de políticas.***
11. ***A mellora da coordinación e complementariedade entre os actores públicos galegos de cooperación.***

No seguinte gráfico presentamos unha ponderación do grao de corrección destas 11 debilidades e retos no bienio 2014-2015.

Gráfico 5: Grao de corrección dos retos da Cooperación Galega, 2014-2015



Da combinación da análise do grao de alcance dos resultados de xestión e indicadores do III Plan Director da Cooperación Galega e dos produtos entregados no bienio 2014-2015, téñense detectado tres niveis (alto-medio-baixo) na corrección e superación das debilidades e retos da Cooperación Galega. A **corrección alta** abrangue a concentración xeográfica e selectividade da axuda, a especialización sectorial, e o fortalecemento da capacidade institucional dos axentes de cooperación. A **corrección media** afecta á previsibilidade da axuda, á reforma do marco normativo, á nova cultura de xestión e aprendizaxe, á funcionalidade dos instrumentos de axuda, á coherencia de políticas e á coordinación e complementariedade entre actores. Por último, a **corrección baixa** detéctase no esforzo investidor e na redución da fragmentación da axuda.

4.3.1. Corrección alta

Neste subapartado analizaremos a concentración xeográfica e selectividade da axuda, a especialización sectorial e o fortalecemento da capacidade institucional dos axentes de cooperación.

4.3.1.1. Concentración xeográfica e selectividade da axuda

Entre 2014 e 2015 deuse continuidade ao proceso de concentración xeográfica da axuda ao desembolsarse o 94% dos recursos no exterior en cooperación ao desenvolvemento nos 10 países prioritarios definidos polo III Plan Director. Non obstante, en Cabo Verde os axentes de cooperación seguen sen consolidar un programa significativo de cooperación en volume de fondos.

Por outra banda, os países non prioritarios que recibiron desembolsos en cooperación ao desenvolvemento (Guinea-Bissau, Níxer e Haití) caracterízanse por ser Países Menos Adiantados (PMA), que tal e como establece o III Plan Director reciben a mesma valoración nas

convocatorias de axudas a proxectos no exterior. Ao tempo, tanto Haití como Guinea-Bissau - que foron coidados países prioritarios da Cooperación Galega no anterior Plan Director-, reciben unha atención específica a través da súa condición de PMA.

Cadro 7: Ránking de países receptores da AOD da DXRREE e UE en cooperación no exterior por nivel de renda, número de proxectos, volume de recursos desembolsados e porcentaxe sobre o total de AOD en cooperación, 2014-2015⁶

País	Nivel ingreso país	Nº de proxectos	Total desembolsado €	Total %
1. Perú	RMA	9	768.994	19
2. Guatemala	RMB	7	551.758	14
3. Mozambique	PMA	8	512.059	13
4. Nicaragua	RMB	6	383.795	9
5. Honduras	RMB	4	368.859	9
6. Bolivia	RMB	5	344.795	8
7. O Salvador	RMB	3	298.308	7
8. Dominicana, República	RMA	3	226.979	6
9. Ecuador	RMA	2	149.318	4
10. Centroamérica ⁷	RMB	2	145.112	4
11. Guinea Bissau	PMA	2	102.931	3
12. Cabo Verde	RMB	1	87.496	2
13. Níxer	PMA	1	70.000	2
14. Haití	PMA	1	67.079	2
Total		54	4.077.481	100

Se atendemos ao nivel de ingreso do país, a Cooperación Galega concentra os seus recursos en cooperación en países de renda medio baixa (53%) e alta (28%), selectividade característica da Cooperación Española pola súa tradición de actuación en países de ingreso medio de América Latina.

Cadro 8: Distribución da AOD da DXRREE e UE en cooperación exterior por nivel de ingreso por volume de fondos e porcentaxe, 2014-2015

Nivel de renda	Total desembolsado €	%
Países menos adiantados, PMA	752.069	18
Renda media baixa, PRMB	2.180.122	53
Renda media alta, PRMA	1.145.290	28
Total	4.077.481	100

No caso da acción humanitaria, practicamente o 100% dos desembolsos (1.189.435€) se realizaron en países non prioritarios da Cooperación Galega, focalizando o 53% da axuda na atención a persoas desprazadas e/ou refuxiadas (630.984€) e destinando o 50% a Países Menos Adiantados (585.924€). Dous países (República Dominicana e Guinea Bissau) foron o destino de dúas microactuacións en acción humanitaria ademais de cinco proxectos de cooperación.

⁶ Os recadros sombreados correspóndense aos 10 países prioritarios da Cooperación Galega no III Plan Director.

⁷ Trátase de dous proxectos plurinacionais executados polo CETMAR en Belice, Nicaragua, Guatemala, Honduras, O Salvador, Panamá, Costa Rica dentro do programa de "Formación profesional e desenvolvemento produtivo sostible da pesca de pequena escala en Centroamérica. PROFOPAC IV"; e pola Universidade de Santiago de Compostela en Guatemala, O Salvador, Honduras e Nicaragua. Pola coincidencia cos países prioritarios da Cooperación Galega -agás Belice, Panamá e Costa Rica-, este desembolso de 145.112€ en Centroamérica tense computado como realizado en países prioritarios.


Por último, o 66% da axuda no exterior desembolsouse en América Latina e o 27% en África Subsahariana, área xeográfica que medra 10 puntos porcentuais con respecto do anterior Plan Director, cando fora o destino do 17% do total da axuda desembolsada no exterior.

Cadro 9: Ránking de países receptores da AOD da DXRREE e UE en acción humanitaria por nivel de renda, número de proxectos, volume de recursos desembolsados e porcentaxe sobre o total de AOD en acción humanitaria, 2014-2015

País	Nivel ingreso país	Nº de proxectos	Total desembolsado €	Total %
Sudán do Sur	PMA	4	278.288	23,3
Poboación Saharauí	RMB	4	235.537	19,7
Malí	PMA	3	107.964	9,0
Colombia	RMA	2	87.721	7,3
Palestina	RMB	5	79.330	6,6
Congo, R.D.	PMA	2	58.528	4,9
Cuba	RMA	1	58.263	4,9
Serra Leoa	PMA	1	50.000	4,2
Camerún	RMB	1	50.000	4,2
Siria	RMB	2	48.104	4,0
Chad	PMA	2	40.000	3,3
Nepal	PMA	2	36.318	3,0
Kenya	RMB	3	34.537	2,9
Uganda	PMA	1	10.294	0,9
Serbia	RMA	1	10.019	0,8
Dominicana, República	RMA	1	4.800	0,4
Guinea Bissau	PMA	1	4.532	0,4
Total		36	1.194.235	100,0

De todos os xeitos, temos que indicar que segue a fragmentarse a axuda por mor da baixa contía das 90 intervencións financiadas en 29 países. No caso da cooperación no exterior financiáronse 54 proxectos en 14 países por un importe total de 4 millóns de euros, mentres que en acción humanitaria se desembolsou unha axuda de 1,2 millóns de euros a través de 34 proxectos en 15 países. Mentres que en cooperación o promedio de financiamento por proxecto se situou nos 75 mil euros, en acción humanitaria o promedio reduciuse a 33 mil euros por intervención.

Mapa 2: Países receptores da AOD da Xunta de Galicia por número de intervencións financiadas, 2014-2015



Non obstante, a proliferación de intervencións en acción humanitaria vén provocado en grande medida por un instrumento concreto: o convenio anual da Xunta de Galicia con Farmamundi para actuacións humanitarias e de emerxencia. En 2014, este convenio estivo dotado con 85.975€, abrangendo un total de 8 actuacións en 7 países cun promedio por intervención de 10.746€. En 2015, o convenio financiou 6 intervencións en 6 países, cun desembolso total de 74.280€ e un promedio por actuación de 12.380€. O efecto fragmentador que provoca a natureza das intervencións financiadas a través deste convenio, confírmase polo feito de que o promedio por intervención das restantes 20 actuacións en acción humanitaria ascende a 47.000€ por proxecto. De todos os xeitos, malia o efecto corrector que ten a consideración illada do convenio con Farmamundi e a concentración da axuda en cooperación nos países prioritarios, o bienio 2014-2015 caracterízase pola dispersión das actuacións nun total de 29 países e a fragmentación da axuda en intervencións cun baixo financiamento por parte da Xunta de Galicia debido ao baixo orzamento dispoñible e á vontade de favorecer unha distribución dos recursos entre un número amplo de axentes de cooperación.

Cadro 10: Países receptores da AOD da DXRREE e UE por área xeográfica, nivel de renda, volume de recursos desembolsados, porcentaxe sobre o total de AOD no exterior, número de proxectos por país e promedio de AOD desembolsada por proxecto e país e área xeográfica, 2014-2015⁸

Rexión	País	Nivel renda	Total desembolsado €	% país/total AOD	Nº de proxectos	Promedio €	Promedio área xeográfica €
América Central	Guatemala	RMB	551.758	10,5	7	78.823	79.571
	Nicaragua	RMB	383.795	7,3	7	54.828	
	Honduras	RMB	368.859	7,0	4	92.215	
	O Salvador	RMB	298.308	5,7	3	99.436	
	América Central, N.E.	RMB	145.112	2,8	2	72.556	
Caribe	Dominicana, R.	RMA	231.779	4,4	4	57.945	61.095
	Haití	PMA	67.079	1,3	1	67.079	
	Cuba	RMA	58.263	1,1	1	58.263	
América do Sur	Perú	RMA	768.994	14,6	9	85.444	68.231
	Bolivia	RMB	344.795	6,5	5	68.959	
	Ecuador	RMA	149.318	2,8	2	74.659	
	Colombia	RMA	87.721	1,7	2	43.861	
Norte de África	Poboación Saharaí ⁹	RMB	235.537	4,5	4	58.884	58.884
África Subsahariana	Nixer	PMA	70.000	1,3	1	70.000	42.701
	Guinea Bissau	PMA	107.463	2,0	3	35.821	
	Mozambique	PMA	512.059	9,7	8	64.007	
	Cabo Verde	RMB	87.496	1,7	1	87.496	
	Uganda	PMA	10.294	0,2	1	10.294	
	Serra Leoa	PMA	50.000	0,9	1	50.000	
	Chad	PMA	40.000	0,8	2	20.000	
	Congo, R.D.	PMA	58.528	1,1	2	29.264	
	Malí	PMA	107.964	2,0	3	35.988	
	Camerún	RMB	50.000	0,9	1	50.000	
	Sudán do Sur	PMA	278.288	5,3	4	69.572	
Oriente Medio	Kenya	RMB	34.537	0,7	2	17.269	12.933
	Palestina	RMB	79.330	1,5	5	15.866	
Siria	Siria	RMB	48.104	0,9	2	10.000	12.933
	Siria	RMB	48.104	0,9	2	10.000	
Sur de Asia	Nepal	PMA	36.318	0,7	2	18.159	14.089
Europa	Serbia	RMA	10.019	0,2	1	10.019	10.019
Total			5.271.717	100,00	90	58.575	

⁸ Os países sombreados correspóndense aos 10 países prioritarios da Cooperación Galega.

⁹ Neste cadro unicamente se reflicten os desembolsos destinados no exterior á poboación saharauí pola DXRREE e UE. Complementariamente, a Consellería de Sanidade asinou con Solidariedade Galega de Pobo Saharaí (SOGAPS) cadanseu convenio anual para a atención sanitaria dos menores participantes no programa "Vacacións en Paz" cun gasto valorado en 406.789€. En total a Xunta de Galicia investiu un total de 642.326€ no pobo saharauí no bienio 2014-2015.

En conclusión, a **Cooperación Galega** mantivo a súa **traxectoria de selectividade e concentración xeográfica** malia detectarse un aumento da fragmentación da axuda en **cooperación** así como o mantemento dun baixo investimento por proxecto en acción humanitaria, aspectos que afectan á súa capacidade para xerar cambios sostibles e positivos na vida das persoas, comunidades e países cos que se asocia.

4.3.1.2. Especialización sectorial

O III Plan Director define uns criterios esixentes de concentración sectorial da axuda galega. En primeiro lugar, na actividade de cooperación establece 7 sectores de especialización nos que a Cooperación Galega conta con vantaxes comparativas e un valor engadido e que concentrarán entre o 80 e 90% da axuda desembolsada no exterior en cooperación: agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento, saúde ou programas/políticas sobre saúde sexual reprodutiva. Estes 7 sectores xunto cos sectores de acción humanitaria e educación para o desenvolvemento serán o destino preferente de até o 80% da axuda desembolsable.

No bienio 2014-2015 financiáronse 47 intervencións nos 7 sectores de especialización por importe de 3,6 millóns de euros que representan o 90% do total da axuda desembolsada en cooperación ao desenvolvemento no exterior (4.077.481€).

Cadro 11: Distribución sectorial da AOD da DXRREE e UE en cooperación exterior por volume de fondos e porcentaxe, 2014-2015

Código sector	Descrición sector	Total desembolsado €	% sobre AOD en cooperación no exterior
110	Educación	881.807	22
120	Saúde	179.933	4
130	Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva	343.944	8
140	Abastecemento de auga e saneamento	775.312	19
16040	Vivendas de baixo custo	157.500	4
311	Agricultura e desenvolvemento rural	500.337	12
313	Pesca	817.416	20
Total		3.656.247	100

Se a estes 7 sectores de especialización engadimos a acción humanitaria (1,2 millóns de euros) e a educación para o desenvolvemento (1 millón de euros), o total desembolsado acadará os 5,9 millóns de euros, o 83% do total da axuda desembolsable.

En relación ás prioridades sectoriais, o III Plan Director estableceu un rango na distribución dos recursos para evitar rixideces na selección das actuacións financiadas, xa que a Cooperación Galega se caracteriza por ser unha cooperación xestionada maioritariamente a través de ONGD e de convocatorias públicas de axudas. Estas características provocan que, malia o sistema de incentivos contidos nas bases da convocatorias, a DXRREE e UE non poida asegurar previamente nin a orientación xeográfica nin a orientación sectorial das propostas dos axentes.

Cadro 12: Distribución sectorial da AOD da DXRREE e UE por volume de fondos e porcentaxe, 2014-2015¹⁰

Sectores do III Plan Director	Total desembolsado €	% previsto III Plan Director	% sobre a AOD desembolsada
A Cobertura de necesidades sociais básicas	2.054.531	25-30%	29%
B Desenvolvemento económico local	1.166.781	25-30%	16%
C Participación social, empoderamento e dereitos das mulleres, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz	424.537	7-10%	6%
D Acción humanitaria	1.194.237	8-10%	17%
E Educación para o desenvolvemento	1.019.392	8-10%	14%
F Investimento no ser humano	607.666	4-5%	9%
G Xestión ambiental sustentable e hábitat	0	3-4%	0%
H Consolidación e fortalecemento de axentes	606.733	4-5%	9%
I Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	0	1%	0%
TOTAL	7.073.879 €		100%

Como se pode observar no cadro 12, o 45% da axuda desembolsada concentrouse na cobertura de necesidades sociais básicas e no sector de desenvolvemento económico local, aínda que neste caso a porcentaxe do 16% está afastada do valor mínimo do rango previsto. As maiores diferenzas respecto das previsións sectoriais do III Plan Director localízanse no maior investimento realizado en acción humanitaria (+7%), educación para o desenvolvemento (+4%), investimento no ser humano (+4%) e consolidación e fortalecemento de axentes (+4%). Pola contra, o sector de xestión ambiental sustentable e hábitat non recibiu ningún desembolso.

Cadro 13: Distribución da AOD bruta distribuíble sectorialmente da DXRREE e UE cara á cobertura de servizos sociais básicos por volume de fondos e porcentaxe, 2014-2015

Código sector	Descrición sector	Total desembolsado €	%
I. Achegas distribuíbles sectorialmente		4.147.738	100
112	Educación básica	176.098	4
122	Saúde básica	119.974	3
130	Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva	343.944	8
14030	Abastecemento de auga potable e saneamento básico – sistemas menores	169.000	4
16050	Axuda multisectorial para servizos sociais básicos	-	0
Total		809.015	20

Consonte aos criterios establecidos polo CAD para medir o grao de cumprimento do Compromiso 20/20 establecido no Cumio mundial sobre desenvolvemento social celebrado en Copenhague no ano 1995, a Cooperación Galega destinou un 20% da súa AOD bruta distribuíble sectorialmente á cobertura de servizos sociais básicos durante o bienio 2014-2015.

En conclusión, a Cooperación Galega mantivo a súa tendencia positiva cara á especialización sectorial da súa axuda, cunha atención significativa á cobertura de necesidades sociais básicas e ao desenvolvemento económico local. De todos os xeitos, tense realizado un investimento significativo en acción humanitaria, educación para o desenvolvemento e consolidación e fortalecemento de axentes que se desvían dos rangos suxeridos polo III Plan Director. **No bienio 2016-2017, a DXRREE e UE deberá empregar a cooperación directa e a xeración de incentivos nas bases das convocatorias de axudas co fin de aumentar os desembolsos nos sectores infrafinanciados.**

¹⁰ O cálculo realizase sobre a AOD desembolsada excluindo os capítulos I, II e VI.

4.3.1.3. Fortalecemento da capacidade institucional dos axentes de cooperación

Tanto as convocatorias e convenios de fortalecemento e consolidación de axentes e mais o conxunto de accións de formación e capacitación financiadas ampliaron as oportunidades para a mellora da capacidade institucional dos axentes de cooperación. Por outra banda, tanto as bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional como a porcentaxe de gasto subvencionable en recursos humanos nas convocatorias de axudas facilitaron a posibilidade de contar con persoal especializado para a xestión e execución das actividades financiadas. Este aspecto será analizado máis polo miúdo no **apartado 4.6** relativo ao criterio de avaliación de sustentabilidade.

4.3.2. Corrección media

Neste subapartado analizaremos a previsibilidade da axuda, a actualización e reforma do marco normativo, a introdución dunha nova cultura de xestión e aprendizaxe, a funcionalidade dos instrumentos de axuda, a coherencia de políticas e a coordinación e complementariedade entre actores.

4.3.2.1. Previsibilidade orzamentaria

A serie histórica da AOD da Xunta de Galicia caracterízase por unha tendencia oscilante e variable dos seus recursos orzamentarios, na que podemos identificar dúas etapas entre 2002 e 2013.


- a) Entre 2002 e 2009 a Cooperación Galega practicamente triplicou a súa AOD, pasando de 4,2 millóns de euros a 12,3 millóns en 2009, ano do maior investimento histórico en cooperación ao desenvolvemento pola Xunta de Galicia. De todos os xeitos, esta cifra unicamente representaba o 0,1% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia.
- b) Entre 2010 e 2013 a Cooperación Galega decreceu nunha porcentaxe semellante ao crecemento experimentado no ciclo expansivo anterior, cunha redución do 62% do investimento en cooperación respecto do teito histórico de 2009, e situándose o desembolso de 2013 (4,6 millóns de euros) en niveis de AOD semellantes ós do ano 2002.

Entre 2010 e 2013 durante a vixencia do II Plan Director, as medidas de loita contra o déficit público e de consolidación fiscal tiveron un efecto negativo sobre a previsibilidade da AOD da Xunta de Galicia, ocasionando un agravamento da volatilidade tanto do orzamento do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento executado pola DXRREE e UE coma do compromiso do resto de departamentos da Xunta de Galicia coa cooperación exterior ao desenvolvemento.

Tanto o primeiro coma o segundo Plan Director da Cooperación Galega baseáronse nunha hipótese expansiva dos seus recursos financeiros a través de dúas estratexias: no primeiro caso fixando un horizonte de esforzo investidor e, no segundo, definindo un rango de volume de fondos. O I Plan Director (2006-2009) abeirou un crecemento relevante da AOD

pero esta ficou afastada do obxectivo de acadar o 0,4% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia ao remate do plan en 2009. O II Plan Director (2010-2013) definía un mínimo e máximo de fondos nun rango de entre 17,5 e 23,2 millóns de euros. Como indicamos, a crise de ingresos da Facenda pública profundou a fenda de financiamento entre o indicador de volume de AOD previsto no Plan Director e os desembolsos efectivos que pasaron de 10,7 millóns de euros en 2010 a 4,6 millóns en 2013. Xa que logo, tanto o primeiro coma o segundo Plan Director da Cooperación Galega caracterizáronse por un feble esforzo a nivel político de cara ao aseguramento dun orzamento previsible e suficiente que garantise no maior grao posible o cumprimento das previsións de financiamento establecidas en ambos os dous Plans Directores.

Gráfico 6: Evolución da AOD desembolsada da Xunta de Galicia, 2002-2015 (euros)



Con carácter prudencial e co fin de refrear a volatilidade do orzamento, o III Plan Director definiu un volume mínimo anual de fondos para o financiamento do programa operativo 331A de cooperación ao desenvolvemento da Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia. Este volume de fondos ficou fixado no ano 2014 en 4.143.379€. Posteriormente, en 2015 o programa 331A recibiu unha asignación na Lei de Orzamentos Xerais de 4.143.715€ e no 2016 de 4.191.350€.

Cadro 14: Evolución en volume de fondos desembolsados e variación anual en volume e porcentaxe da AOD da Xunta de Galicia, 2009-2015 (euros)

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Total desembolsado	12.289.957	10.748.153	7.008.233	6.537.978	4.649.064	4.293.686	4.610.655
Evolución respecto do ano anterior en volume	+2.416.213	-1.541.804	-3.739.920	-470.255	-1.888.914	-355.378	+316.969
Evolución respecto do ano anterior	+24%	-13%	-35%	-7%	-29%	-8%	+7%

Ao analizar previamente a execución orzamentaria, xa se detectou en 2014 unha volatilidade de 229.024€, dos cales 223.738€ correspondían a un axuste imposto pola Consellería de Facenda no capítulo VII do orzamento da DXRREE e UE. Ao tempo, os outros departamentos da Xunta de Galicia realizaron en 2014 un desembolso por valor de 279.331€ e no 2015 por un total de 366.941€. Xa que logo, a variación negativa de 355.378€ entre 2013 e 2014 correspóndese aos 229.024€ que non se executaron respecto do orzamento previsto no Plan Anual 2014 e dos 126.354€ en que reduciron as súas achegas outros departamentos da Xunta de Galicia.

De todos os xeitos, **a previsión dun mínimo de financiamento ten permitido reducir a gravosa volatilidade da AOD da Xunta de Galicia** que caracterizou ao anterior Plan Director. Ao tempo, mantívose a solvencia financeira da Cooperación Galega de xeito que se realizou un desembolso puntual das anualidades comprometidas aos actores de cooperación de xeito que non existen débedas nin desembolsos pendentes por parte da DXRREE e UE. Por outra banda, mantívose a elevada execución do orzamento aprobado para a programa 331A xestionado pola SDXCE dentro da DXRREE e UE. Como xa indicamos, o promedio de execución no bienio 2014-2015 situouse no 97%, cun 94% de execución en 2014 e un 100% en 2015

Desde 2013 o promedio de financiamento da Cooperación Galega sitúase nos 4,5 millóns de euros, unha cantidade insuficiente para dotar o conxunto de instrumentos (convocatorias e convenios) previstos no III Plan Director. Malia a corrección da volatilidade e a maior previsibilidade e estabilidade da dotación orzamentaria, esta segue por debaixo das necesidades de recursos financeiros precisos para o pleno despregue das reformas previstas no Plan Director co fin de superar as inercias e retos do sistema galego de cooperación e consolidar unha cooperación de calidade. Xa que logo, **no bienio 2016-2017 sería preciso incrementar a dotación orzamentaria do programa 331A para situar á Cooperación Galega no horizonte do promedio autonómico que no bienio 2014-2015 se situou nos 6,8 millóns de euros.**

Se en 2013 as limitacións orzamentarias e os compromisos de desembolso imposibilitaran publicar e resolver o conxunto de convocatorias públicas de axuda previstas no II Plan Director agás a convocatoria de educación para o desenvolvemento, en 2016 volve acontecer un feito semellante ao non preverse a dotación de novas convocatorias de acción humanitaria, microproxectos, consolidación e fortalecemento de ONGD e investigación sobre desenvolvemento. Esta parálise instrumental afecta á capacidade operativa da Cooperación Galega por canto máis do 70% dos seus recursos son canalizados a través de convocatorias públicas e das ONGD. Xa que logo, as ONGD e os seus socios de desenvolvemento vén afectada a súa capacidade institucional e a súa programación que precisa dun marco estable a medio prazo de suficiencia orzamentaria e de previsibilidade instrumental e operativa por parte da Xunta de Galicia.

Por outra banda, os axentes de cooperación sinalan o feble compromiso político coa cooperación para o desenvolvemento xunto cos efectos da crise fiscal e económica como os principais factores que motivan esta baixa dotación orzamentaria. Por tanto, nun contexto de crecemento económico e expansión do gasto no orzamento autonómico, no vindeiro bienio deberase **fortalecer a consistencia da Cooperación Galega de xeito que exista coherencia entre o seu marco de resultados e a dotación orzamentaria dispoñible** e se garanta a plena consecución dos resultados de xestión e o despregue efectivo do seu marco instrumental ao remate da vixencia do III Plan Director.

4.3.2.2. Actualización e reforma do marco normativo

Na avaliación intermedia e final do II Plan Director recollíase unha recomendación relativa á necesidade de que a Xunta de Galicia, a través da DXRREE e UE impulsase un amplo proceso participativo de reflexión dos actores galegos de cooperación e dos partidos políticos con representación parlamentaria para valorar a oportunidade de proceder a elaborar unha

nova lei galega de cooperación que modernizase a vixente *Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento*. O inicio deste proceso de reflexión lexislativa nacía de tres razóns principais:

- a) A necesidade de facilitar a consolidación dos procesos de modernización estratéxica e operativa da Cooperación Galega con base na experiencia e aprendizaxes adquiridas pola Cooperación Galega nos últimos dez anos, na aprobación dunha nova axenda global de desenvolvemento e da relevancia nesta axenda do valor engadido e vantaxes comparativas da cooperación descentralizada dos gobernos subestatais, tal e como se salientou en 2011 pola DXRREE e UE no ditame elaborado para o Comité de Rexións verbo do *Libro Verde da Comisión Europea sobre o futuro da política de desenvolvemento*.
- b) A demanda de revisar o deseño dos espazos e órganos de participación e coordinación (CONGACODE, CINCODE e CINTERCODE) para mellorar a súa funcionalidade, operatividade e equilibrio na súa composición, de xeito que se aumentasen as oportunidades para unha maior concertación, coordinación e complementariedade entre os actores galegos de desenvolvemento tal e como se viña demandando publicamente desde diversos axentes de cooperación nos últimos anos.
- c) A oportunidade de simplificar o marco normativo de referencia da Cooperación Galega introducindo na nova lei todos aqueles aspectos relativos ao Rexistro Galego de Axentes de Cooperación, ás licenzas e permisos para empregados públicos no eido da cooperación para o desenvolvemento e á normativa de subvencións adaptada ás peculiaridades das actividades da cooperación ao desenvolvemento ao abeiro do *Real Decreto 794/2010, de 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional*.

Non obstante, no bienio 2014-2015 tense acometido unha reforma normativa da Cooperación Galega mais deixando en suspenso o proceso de elaboración e tramitación dunha nova lei galega de cooperación, como se establecía no resultado de xestión 1 do III Plan Director. Debido á ausencia dun contexto favorable á recuperación do consenso político e social sobre a política pública galega de cooperación, o proceso de actualización do marco normativo e da estrutura institucional da Cooperación Galega estase a realizar a través de dúas vías:

- a) En primeiro lugar, en 2015 modificouse indirectamente a *Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento* a través da disposición final terceira e disposición derogatoria única da *Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración*. En concreto, suprimíronse os artigos 20 e 21 da Lei 3/2003 correspondentes á Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento (CINTERCODE) e a Comisión Interdepartamental de Cooperación para o Desenvolvemento (CINCODE), e modificouse a redacción do artigo 22 correspondente ao Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE). Deste xeito, consonte á nova redacción do artigo 22, o CONGACODE asume as funcións anteriormente atribuídas ao CINTERCODE e CINCODE.

- b) Por outra banda a elaboración e aprobación do *Decreto 178/2015, do 26 novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia* puxo de manifesto a necesidade de regular a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia no eido da cooperación ao desenvolvemento a través dun decreto específico que unificase a normativa actualmente existente e que abordase os seguintes aspectos: a composición e funcionamento do CONGACODE, a regulación do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación; a regulación da licenza para a participación dos empregados e empregadas públicas en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria, incluída na *Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia*; a regulación do proceso de información das actuacións en cooperación ao desenvolvemento que se realicen desde as entidades locais; e a regulación das peculiaridades das subvencións en materia de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria en liña co *Real Decreto 794/210, de 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional*. En maio de 2016 abriuse á cidadanía e axentes de cooperación o proceso de achegas e suxestións ao borrador do Decreto de Cooperación Exterior no portal de transparencia da Xunta de Galicia, estando prevista a aprobación do mesmo polo Consello da Xunta de Galicia antes do remate da actual lexislatura.

Estas dúas vías de reforma moderan o alcance e ambición da Liña de Acción 1.1. “Actualizar o marco normativo da cooperación galega” do Plan Director. Ao tempo, as dúas vías de reforma escolleita teñen reducido o espazo para o debate e a participación activa dos axentes de cooperación e da cidadanía na definición dunha renovada política pública galega de cooperación xa que **a reforma dos órganos de participación e coordinación e o texto do Decreto de Cooperación Exterior centran fundamentalmente a súa atención en aspectos meramente organizativos e administrativos do sistema galego de cooperación**. Non obstante, durante o bienio 2016-2017 deberase **promover un proceso participativo inclusivo na tramitación administrativa do proxecto de Decreto de Cooperación Exterior** co fin de recuperar o consenso dos axentes e actores da cooperación galega para o desenvolvemento.

4.3.2.3. Nova cultura de xestión e aprendizaxe

O III Plan Director apostou por unha racionalización e simplificación do marco estratéxico da Cooperación Galega a través da implementación dunha lóxica estratéxica e de desempeño baseada no modelo de xestión orientado a resultados de desenvolvemento. Este modelo de xestión centra os seus esforzos na consecución daqueles resultados de xestión que entran dentro da esfera de influencia e das capacidades e dos actores comprometidos corresponsablemente no seu logro. De vez, este modelo salienta a necesidade de que a toma de decisións estratéxicas e operativas se realice con base en información de calidade e relevante que achegue datos, feitos e evidencias. Por este motivo, durante a vixencia do III Plan Director débese profundar na mellora da calidade dos instrumentos de seguimento e avaliación a través dun investimento de recursos financeiros suficientes neste eido da xestión do coñecemento. Ao mesmo tempo, promoverase a aprendizaxe organizativa do conxunto de axentes e actores da Cooperación Galega a través da apertura de espazos para o intercambio de coñecementos, boas prácticas e da sistematización de resultados. Xa que logo, esta aposta demanda a asignación de recursos suficientes para dar continuidade ao impulso de prácticas

de avaliación de calidade en todas as actividades da Cooperación Galega así como a promoción activa da investigación sobre desenvolvemento.

Para a introdución desta nova cultura de xestión e aprendizaxe, o III Plan Director previu o seguinte conxunto de actuacións:

- a) A celebración dun curso sobre xestión orientada a resultados de desenvolvemento co obxectivo de capacitar neste modelo de xestión ao persoal da DXRREE e UE e mais ao conxunto de axentes de cooperación. O devandito curso non se ten realizado durante o bienio 2014-2015.
- b) A realización, publicación e difusión de cadanseus informes anuais de xestión. Téñense publicado as memorias 2014 e 2015 adecuando a organización da información á estrutura e lóxica do III Plan Director e mellorando a calidade na presentación da información relativa á execución de cadanseu Plan Anual
- c) A realización de cadansúa avaliación externa ex-post das intervencións en 3 países socios como mínimo. No bienio 2014-2015 desenvolvéronse as devanditas avaliacións en República Dominicana e Cabo Verde.
- d) Resolveuse en 2014 unha nova convocatoria de investigación sobre cooperación ao desenvolvemento dirixida a investigadores/as e grupos de investigación das Universidades integradas no Sistema Universitario Galego. Financiáronse 5 proxectos por un importe total de 144.372€.
- e) Encargouse a realización dun estudo sobre a percepción do papel da empresa galega en cooperación para o desenvolvemento, cuxos resultados serán difundidos publicamente durante o segundo semestre do ano 2016.
- f) Financiouse a realización de 50 avaliacións externas dos proxectos financiados a través das convocatorias e convenios de proxectos no exterior e educación para o desenvolvemento.

Pola relevancia outorgada no III Plan Director e o compromiso amosado polos actores e axentes de cooperación, analizaremos polo miúdo a situación da avaliación no bienio 2014-2015 para valorar se está a profundarse na xeración dunha cultura de avaliación e aprendizaxe organizativa.

A SDXCE ten actuado como mandataria de 5 avaliacións ex-ante externas dos 217 proxectos presentados no bienio 2014-2015 ás convocatorias públicas de cooperación no exterior (proxectos e microxectos), educación para o desenvolvemento, consolidación e fortalecemento de ONGD, e investigación sobre cooperación para o desenvolvemento. O conxunto de avaliacións ex-ante recibiron un desembolso total de 34.563€. Por outra banda, tamén actuou como mandataria de dúas avaliacións ex-post externas das intervencións da Cooperación Galega en República Dominicana e Cabo Verde por importe de 15.633€. As avaliacións abrangúan os 14 proxectos financiados entre 2007 e 2013 no primeiro caso, e os 11 proxectos financiados entre 2005 e 2013 no segundo. Xa que logo, estas 7 avaliacións

encargadas no bienio 2014-2015 recibiron un financiamento lixeiramente superior aos 50.000€.

Se atendemos ás avaliacións das que foron mandatarios os axentes de cooperación, no eido da educación para o desenvolvemento realizáronse ou está previsto realizar 22 avaliacións de proxectos financiados por convenios ou convocatorias por un importe total de 29.766€. No eido da cooperación ao desenvolvemento, está previsto realizar un total de 28 avaliacións de proxectos financiados por convenios ou convocatorias por un importe total de 120.929€. En conxunto, polo tanto, os axentes de cooperación abordaron 50 avaliacións -3 internas, 6 mixtas e 41 externas- por un importe total de 150.000€.

Con estes datos podemos colixir as seguintes conclusións:

- a) As dúas avaliacións no exterior das 25 actuacións financiadas pola Cooperación Galega en República Dominicana e Cabo Verde recibiron un investimento de 8.857 e 6.776 respectivamente.
- b) As 7 avaliacións ex-ante dos proxectos presentados ás convocatorias recibiron de promedio unha cantidade de 6.913€.
- c) As 22 avaliacións no eido de educación para o desenvolvemento recibiron de promedio 1.353€, un 3,3% do custo total dos proxectos.
- d) As 28 avaliacións no eido da cooperación exterior ao desenvolvemento recibiron de promedio 4.319€, un 3,2% do custo total dos proxectos.

Xa que logo, estamos ante un punto de fractura no eido da xestión do coñecemento e da xeración de aprendizaxes organizativos. **Os avances por consolidar unha cultura de avaliación no sistema galego de cooperación contradinse co baixo investimento en avaliación realizado pola DXRREE e UE e polos axentes de cooperación**, aínda que no caso dos convenios e das convocatorias de axudas, este investimento vén marcado polas cantidades máximas financiáveis que definen nas bases: 1.500€ no caso de educación para o desenvolvemento, e 6.000€ no caso de cooperación exterior. Polo tanto, o promedio de gasto por avaliación cuestiona que se estea a realizar un investimento de calidade tendo como consecuencia unha precarización do exercicio da actividade avaliadora e un atrancamento das esixencias de calidade e rigor necesarias para o pleno aproveitamento dos seus resultados na retroalimentación do sistema galego de cooperación. En moitos casos, este baixo investimento orixina que as avaliacións se conciban como meros complementos documentais dos informes finais de execución dos proxectos minguando o seu valor engadido e utilidade.

Por tanto, malia a amplitude do traballo en avaliación realizado, **non se ten configurado unha sólida cultura de avaliación e aprendizaxe organizativa que teña retroalimentado en profundidade os coñecementos, prácticas e o intercambio de experiencias e aprendizaxes entre os axentes de cooperación**. Ao tempo, semella que o investimento realizado pola DXRREE e UE neste eido tampouco ten garantido a realización de avaliacións cun maior alcance ao estaren limitadas polas dispoñibilidades orzamentarias. Este feito afecta á calidade das avaliacións de xeito que deprecia o valor dos seus achados. Neste senso, a Cooperación Galega debería apostar por unha mellora nas prácticas de comunicación e difusión pública de resultados, polo establecemento de mecanismos e espazos para a

institucionalización dos procesos colectivos de aprendizaxe derivados das prácticas avaliadoras, polo aumento do investimento en avaliación apostando pola calidade das mesmas e aliñando, como xa está a facer arestora, a súa práctica avaliadora coa *Política de Avaliación da Cooperación Española* reflectida nos *Planos Bianuais de Avaliación da Cooperación Española*, onde figura a previsión da actividade de avaliación da DXRREE e UE.

Por outra banda, existe consenso entre os axentes de cooperación en sinalar as dificultades para xerar espazos e tempos para a reflexión colectiva que faciliten os intercambios de experiencias e as aprendizaxes organizativas con base nos exercicios de avaliación. Ao tempo, detéctase unha asimetría entre as entidades que presentan unha traxectoria organizativa consolidada en avaliación e as organizacións que as contemplan como exercicios de fiscalización externa. Esta asimetría tamén se reflicte entre a experiencia e tradición máis consolidada de avaliación no eido da cooperación para o desenvolvemento e o carácter máis novidoso da avaliación en educación para o desenvolvemento. Neste senso cómpre avanzar no fortalecemento da capacidade institucional para a aprendizaxe organizativa e a xestión do coñecemento de tal xeito que se reforce transversalmente a cultura de avaliación en todos os niveis dos axentes galegos de cooperación.

4.3.2.4. Funcionalidade dos instrumentos de axuda

Os instrumentos de canalización da axuda -fundamentalmente, convocatorias e convenios- representan a materialización dos compromisos estratéxicos da Cooperación Galega. No bienio 2014-2015 a canalización da axuda por medio de convocatorias e convenios tense axustado ao indicador previsto no III Plan Director, que fixaba un rango do 70-75% desembolsada aos axentes de cooperación vía convocatoria, e un 25-30% a través de convenios. En concreto, a axuda desembolsable da DXRREE e UE a través de convocatorias e convenios distribuíuse nun 76% a través de convocatorias (5.370.030€) e un 24% a través de convenios (1.703.670€).

Cadro 15: Instrumentos de canalización da AOD da DXRREE e coa UE, 2014-2015

Tipo de instrumento	Actividade	Total desembolsado €	Total €	%
Convocatorias	Proxectos ONGD	2.804.636		
	Outros Axentes	672.481		
	Microproxectos	38.917		
	Acción humanitaria	598.227		
	Educación para o desenvolvemento	709.899		
	Bolsas de formación	176.037		
	Fortalecemento	225.100		
	Investigación	144.732		
	<i>Subtotal convocatorias</i>		5.370.030	76
Convenios	Cooperación ao desenvolvemento	561.266		
	Acción humanitaria	596.010		
	Educación para o desenvolvemento	164.761		
	Fortalecemento	381.633		
	<i>Subtotal convenios</i>		1.703.670	24
	Total	7.073.700	7.073.700	100

No bienio 2014-2015 publicáronse e resolvéronse un total de 13 convocatorias de axudas (proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior 2014 e 2015, microproxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior 2014 e 2015, proxectos de acción humanitaria no exterior 2014 e 2015, educación para o desenvolvemento 2014 e 2015,

consolidación e fortalecemento de ONGD 2014 e 2015, investigación en cooperación para o desenvolvemento 2014, e bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento 2014 e 2015) que financiaron un total de 96 proxectos dos axentes de cooperación e 16 bolsas de formación de persoas expertas. O número de proxectos financiados representa o 42% das 228 solicitudes presentadas. En total concedéronse 6,8 millóns de euros, un 97% dos 7 millóns previstos inicialmente nas convocatorias. A maior diferenza acontece no caso da convocatoria de microproxectos, onde en 2014 unicamente se concedeu o 19% do previsto, porcentaxe que en 2015% medrou deica o 30%. De todos os xeitos, as bases das convocatorias permiten a trasfega entre créditos orzamentarios de xeito que as cantidades non concedidas desta convocatoria dotaron outras convocatorias de axudas.

Cadro 16: Convocatorias públicas de axudas da DXRREE e UE, 2014

2014								
Instrumento	Convocatoria	Resolución	Orzamento previsto €	Orzamento concedido €	% concedido/previsto	Proxectos presentados	Proxectos financiados	% presentados/financiados
Proxectos ONGD	ORDE do 22 de maio de 2014 (DOG, 102, 30 de maio de 2014)	6 de agosto de 2014	1.300.000,00	1.297.202,00	100%	37	18	49%
Proxectos outros axentes	ORDE do 22 de maio de 2014 (DOG, 102, 30 de maio de 2014)	6 de agosto de 2014	300.000,00	347.393,00	116%	12	6	50%
Microproxectos ONGD	ORDE do 22 de maio de 2014 (DOG, 102, 30 de maio de 2014)	6 de agosto de 2014	80.000,00	15.249,00	19%	4	1	25%
CAP axuda humanitaria	Orde do 22 de abril de 2014 (DOG, 82, 30 de abril de 2014)	13 e 26 de maio de 2014	300.000,00	300.000	100%	5	5	100%
Educación para o desenvolvemento	ORDE do 15 de maio de 2014 (DOG, 97, 22 de maio de 2014)	23 de xullo de 2014	312.500,00	290.014,00	93%	26	10	38%
Fortalecemento de ONGD	ORDE do 15 de maio de 2014 (DOG, 97, 22 de maio de 2014)	24 de xullo de 2014	160.000,00	176.276,00	110%	15	8	53%
Investigación	ORDE do 2 de xullo de 2014 (DOG 129 9 de xullo de 2014)	Outubro de 2014	152.000,00	144.732,07	95%	23	5	22%
			2.604.500,00	2.570.866,07	99%	122	53	43%

Cadro 17: Convocatorias públicas de axudas da DXRREE e UE, 2015

2015								
Instrumento	Convocatoria	Resolución	Orzamento previsto €	Orzamento concedido €	% concedido/previsto	Proxectos presentados	Proxectos financiados	% presentados/financiados
Proxectos ONGD	ORDE do 22 de decembro de 2014 (DOG 249 do 30 de decembro do 2014)	14 de abril de 2015	2.870.000,00	2.835.576,40	99%	43	18	42%
Proxectos outros axentes	ORDE do 22 de decembro de 2014 (DOG 249 do 30 de decembro do 2014)	14 de abril de 2015	700.000,00	650.175,65	93%	16	4	25%
Microproxectos axentes	ORDE do 22 de decembro de 2014 (DOG 249 do 30 de decembro do 2014)	14 de abril de 2015	80.000,00	23.667,36	30%	6	1	17%
CAP axuda humanitaria	Orde do 23 de marzo de 2015 (DOG 64 do 7 de abril de 2015)	12 de maio de 2015	300.000,00	298.226,93	99%	6	5	83%
Educación para o desenvolvemento	ORDE do 6 de marzo de 2015 (DOG 50 13 de marzo de 2015)	31 de xullo de 2015	325.000,00	321.651,00	99%	23	10	43%
Fortalecemento de ONGD	ORDE do 6 de marzo de 2015 (DOG 50 13 de marzo de 2015)	31 de xullo de 2015	125.000,00	107.475,00	86%	12	5	42%
Investigación	Non se convoca							
			4.400.000	4.236.772	96%	106	43	41%

Entre as novidades, en 2014 publicouse e resolveuse unha convocatoria de proxectos de investigación en cooperación para o desenvolvemento dirixida especificamente a investigadores/as e grupos de investigación pertencentes ás Universidades do Sistema Universitario Galego.

En canto aos prazos de publicación da convocatoria e resolución, no 2014 as convocatorias de proxectos e microproxectos no exterior foron publicadas en maio e resultas en agosto. A Convocatoria Aberta e Permanente de acción humanitaria, foi publicada en abril e resolta en xullo, mentres que as convocatorias de educación para o desenvolvemento e fortalecemento e consolidación foron publicadas en maio e resultas en xullo. Por último, a convocatoria de investigación sobre cooperación para o desenvolvemento publicouse en xullo e resolveuse en outubro. No 2015, as convocatorias de proxectos e microproxectos no exterior foron publicadas en decembro de 2014 e resultas en abril de 2015. A Convocatoria Aberta e Permanente de acción humanitaria, foi publicada en abril e resolta en maio, mentres que as convocatorias de educación para o desenvolvemento e fortalecemento e consolidación foron publicadas en marzo e resultas en xullo. Esta variabilidade nas datas de publicación respoosta á esixencias de fiscalización e tramitación administrativa da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. De todos os xeitos, a DXRREE e UE ten realizado un esforzo por acurtar os procesos de valoración das propostas e resolución que se sitúan de promedio entre os dous meses e dous meses e medio desde o peche do prazo de recepción de proxectos.

En relación á promoción da participación do conxunto de axentes de cooperación, o III Plan Director contempla a posibilidade de permitir a presentación de propostas individuais ou agrupadas ás convocatorias de microproxectos, consolidación e fortalecemento e educación para o desenvolvemento lideradas polo conxunto de axentes de cooperación definidos na *Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento* e rexistrados na sección correspondente do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación. En 2015 modificáronse as bases da convocatoria de microproxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior permitindo a presentación de proxectos por parte dos axentes rexistrados na sección E (Outros axentes) do Rexistro Galego. Non obstante, a polémica xerada arredor desta medida durante a tramitación do Plan Director e o seu rexeitamento por parte das ONGD ten motivado que non se teña avanzado na execución da mesma no resto de convocatorias suxeridas no Plan Director.

En relación aos aspectos formais das convocatorias, os axentes de cooperación amósanse críticos cos formularios das convocatorias de consolidación e fortalecemento de ONGD e de investigación, demandando unha maior adaptación dos mesmos á finalidade destas convocatorias. No primeiro caso, existe consenso en sinalar que a convocatoria resulta inaccesible para aquelas entidades que non teñan xa iniciado un proceso de fortalecemento ou mellora organizativa xa que o formulario establece unha demandas de información que non poden ser satisfeitas por estas ONGD. Ao tempo, para o conxunto das convocatorias, os formularios cóidanse longos, moi exhaustivos e con moitos apartados. Neste senso os axentes suxiren abordar unha simplificación dos mesmos e o desenvolvemento dunha aplicación informática específica para a súa presentación telemática. En canto ás condicións de financiamento, os axentes demandan a supresión da división financeira en capítulos (IV e VII) da convocatoria de proxectos no exterior polas rixideces que provoca tanto na valoración das propostas por parte da DXRREE e UE como durante a execución do proxecto. Non obstante, a

DXRREE e UE no bienio 2014-2015 mantivo aberto o proceso de alegacións e achegas dos axentes de cooperación previamente á aprobación e publicación das convocatorias, de tal xeito que, dentro das marxes de modificación permitidas pola lexislación administrativa e de subvencións, se adecúen as súas bases ás demandas do sector.

En relación aos convenios, no bienio 2014-2015 a DXRREE e UE canalizou 1,7 millóns de euros a través de convenios de cofinanciamento, un 24% do total desembolsable a través de convocatorias e convenios. O III Plan Director limita o emprego dos convenios para o financiamento daquelas actividades que non poden ser financiadas a través das convocatorias públicas de axudas e establece que, como regra xeral, este instrumento se empregará nos seguintes casos:

- a) Cando a urxencia e excepcionalidade das circunstancias non permitan empregar os procedementos regulados mediante convocatoria ordinaria.
- b) Cando se definan accións cun alcance temporal medio e longo que requiran un marco de actuación previamente establecido.
- c) Sempre que se acorden accións conxuntas con entidades que, pola súa natureza, non se poden acoller ás vías normalizadas de acceso a recursos públicos mediante convocatorias.
- d) Cando se trate da promoción de proxectos ou programas de carácter rexional baseados na cooperación Sur-Sur e en promover a xeración de coñecemento a través do intercambio de experiencias nas prioridades sectoriais, como o caso do PROFOPAC.

A DXRREE e UE respectou estes criterios no eido da acción humanitaria e empregou os convenios para o financiamento de actuacións de Farmamundi, UNRWA, UNICEF, ACNUR e Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS). Ao tempo, tamén asinou un convenio con Médicos do Mundo para dar reposta á emerxencia do Ébola en Serra Leoa e coa Fundación Araguaney para o financiamento do envío de material humanitario e de emerxencia a Palestina. Por último, financiou a través de convenio a participación da Xunta de Galicia no Fondo Humanitario Común promovido pola AECID e onde tamén participan as comunidades autónomas de A Ríoxa, Castela-A Mancha, Illas Baleares, Madrid, Extremadura e Comunidade Valenciana. No eido da cooperación ao desenvolvemento, a DXRREE e UE asinou tres novos convenios con CETMAR para actuacións no eido da pesca e acuicultura en Mozambique e Nicaragua. Ademais, en 2015 tamén asinou un convenio coa Fundación Humanitaria dos Rotarios Españois para o financiamento dun proxecto no sector de abastecemento de auga en Perú, por mor de tratarse dunha actuación nun país e sector prioritarios para a Cooperación Galega.

No eido do fortalecemento, asinouse cadanseu convenio anual coa CGONGD e coas tres universidades galegas para a creación e consolidación da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD). Entanto, no eido da educación para o desenvolvemento mantivéronse os convenios anuais de sensibilización co Fondo Galego que incluíron a conmemoración en 2015 do X aniversario do programa “Vacacións con Traballo” dirixido a persoal funcionario e laboral das entidades locais galegas. Tamén se renovaron os

convenios coa agrupación de ONGD que executa desde 2013 o proxecto “Cooperación Galega: o mundo que queremos” dentro do Plan Proxecta de innovación educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Por último, financiouse a campaña de sensibilización “Santiago sen Fronteiras” promovida por Médicos sen Fronteiras. Xa que logo, o emprego dos convenios no eido da educación para o desenvolvemento axustouse aos criterios definidos no Plan Director.

4.3.2.5. Coherencia de políticas

O III Plan Director afirma que a integración activa da coherencia de políticas na Cooperación Galega debe avanzar alén da creación de sinerxías e complementariedades entre políticas para garantir, na maior medida do posible, que o conxunto de políticas distintas á cooperación ao desenvolvemento estean guiadas polo obxectivo superior da loita contra a pobreza e a desigualdade e a defensa dos dereitos humanos de todo o mundo. Por este motivo, a Cooperación Galega reconece o marco de coherencia de políticas reflectido no *Pacto Galego contra a Pobreza*, asinado por todos os partidos políticos con representación no Parlamento de Galicia. Neste Pacto sinálanse sete liñas de acción neste eido: comercio xusto e consumo responsable; fomento da economía social; finanzas éticas; inmigración; cambio climático; equidade de xénero; e educación para o desenvolvemento. Co fin de promover a coherencia de políticas o III Plan Director prevía catro actuacións:

- a) Crear un grupo de Traballo interdepartamental na Xunta de Galicia para estudar a incorporación nos pregos de cláusulas da administración autonómica dos criterios de comercio xusto e compra pública responsable no conxunto das súas compras e adquisicións en diálogo cos axentes e actores galegos de cooperación.
- b) Realizar formacións en Responsabilidade Social Empresarial e investimento positivo no eido da cooperación ao desenvolvemento.
- c) Encargar un estudo sobre as achegas das empresas galegas ao desenvolvemento nos países do Sur e difundir os *Principios Reitores de Nacións Unidas sobre Empresas e Dereitos Humanos*.
- d) Realizar, a pedimento da Comisión Extraparlamentaria de Seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza, o correspondente informe de seguimento no que se analizaría o grao de alcance dos indicadores asociados ás liñas de acción en coherencia de políticas que establece o devandito pacto en relación á Xunta de Galicia.

No primeiro caso, a aprobación da *Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico* (DOG, n. 17, 27 de xaneiro de 2014) traspón á lexislación galega a *Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública*. A Lei 14/2013 no seu art. 25 impón aos poderes adjudicadores de todo o sector público autonómico a obriga de realizar contratacións públicas socialmente responsables. Con este fin, a contratación pública terá en conta criterios relativos a traballo digno e cumprimento de dereitos sociais e laborais, igualdade de xénero, inclusión social, dereitos das persoas con discapacidade, accesibilidade universal e crecemento sustentable (como etiquetas de comercio xusto e outras etiquetas de tipo social). A asesoría xurídica xeral da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta

de Galicia ten elaborado unha “Guía para unha contratación pública socialmente responsable no sector autonómico galego”. Xa que logo, non foi preciso crear o grupo de traballo interdepartamental porque o proceso ao que facía referencia o indicador xa se atopa concluído.

En relación ás formacións en Responsabilidade Social Empresarial e investimento positivo no eido da cooperación ao desenvolvemento están pendentes de se desenvolver no bienio 2016-2017. Por outra banda, encargouse a realización dun estudo sobre a percepción do papel da empresa galega en cooperación para o desenvolvemento do que se presentarán os resultados ao longo do segundo semestre de 2016. Esta investigación ten xerado polémica xa que non existe consenso no sector sobre o recoñecemento da empresa privada como axente de cooperación. Malia o seu recoñecemento como actor na Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento, as ONGD desconfían da súa lexitimidade e capacidade para interactuar no seo do sistema galego de cooperación, para alén de que poidan desenvolver un labor de financiamento da actividades das entidades non lucrativas

Por último, no bienio 2014-2015 o Informe de seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza non foi solicitado pola Comisión Extraparlamentaria de Seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza á DXRREE e UE. A CGONGD ten elaborado un borrador do devandito informe mais non ten sido sometido a debate e aprobación da devandita Comisión. De todos os xeitos, **a Xunta de Galicia debería de favorecer máis activamente a participación dos partidos políticos con representación parlamentaria no seguimento das actividades da Cooperación Galega a través de mecanismos de comunicación e rendición de contas que faciliten a recuperación do consenso social e político sobre o marco estratéxico da política pública galega de cooperación.**

En conclusión, a Xunta de Galicia no bienio 2014-2015 ten promovido indirecta e directamente a coherencia de políticas. De todos os xeitos, non semella que as actividades desenvolvidas estean a fortalecer unha visión compartida nin unha política activa de coherencia de políticas de tal xeito que esta transversalice o conxunto de actuacións da administración pública galega. Esta debilidade localízase no carácter marxinal da política pública de cooperación a nivel orzamentario e o seu baixo perfil político que determinan que a Cooperación Galega careza na actualidade da forza e poder institucional suficientes para asegurar unha integración da coherencia de políticas para o desenvolvemento por parte da administración autonómica.

4.3.2.6. Coordinación e complementariedade entre os actores públicos galegos

A avaliación final do II Plan Director detectou a necesidade de artellar mecanismos e espazos que facilitasen tanto a apropiación do marco estratéxico da Cooperación Galega por parte dos actores locais galegos como unha participación máis activa que fomentase unha maior complementariedade e posta en valor da experiencia e capacidades dos mesmos. A reforma lexislativa no ano 2015 da *Lei 3/2003, de 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento* ten suprimido o CINTERCODE como órgano de coordinación da Xunta de Galicia coas administracións locais, pasando as súas funcións a ser asumidas polo CONGACODE. De todos os xeitos, **a reforma do CONGACODE deberá promover o protagonismo e participación activa das entidades locais a través da FEGAMP e do Fondo**

Galego, en canto axencia supramunicipalista de cooperación, por canto a supresión do CINTERCODE ten reducido os espazos específicos para o protagonismo e visibilización das demandas e necesidades da cooperación local galega ao desenvolvemento.

Por outra banda, a entrada en vigor da *Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local* introduce a obrigatoriedade de que, a fin de evitar duplicidades, as actuacións de cooperación para o desenvolvemento das administracións locais contén cun informe favorable previo da administración autonómica. O artigo 19 do proxecto de Decreto de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia establece que as actuacións en materia de cooperación ao desenvolvemento das entidades locais se inspirarán nos principios, obxectivos e prioridades definidos no Plan Director da Cooperación Galega vixente e tenderán a buscar a coordinación e complementariedade entre os actores de cooperación procurando achegar un valor engadido e diferenciado. Ao tempo, este artigo regula o trámite de solicitude e remisión do informe previo prescrito pola Lei 27/2013. Malia que a regulación deste formalismo administrativo ofrecerá unha oportunidade para visibilizar ante a Xunta de Galicia as actividades de cooperación ao desenvolvemento das administracións locais e permitirá fixar máis activamente un aliñamento estratéxico da cooperación local coa cooperación autonómica ao desenvolvemento, **débese complementar o proceso de tutela ou fiscalización administrativa cun marco de diálogo máis activo coas administracións locais co fin de xerar unha visión compartida no eido da cooperación ao desenvolvemento.**

Por outra banda, en relación á coordinación e complementariedade entre departamentos da Xunta de Galicia, a redución da acción en cooperación ao desenvolvemento nos últimos anos ten facilitado unha maior coordinación especialmente coa Consellería de Sanidade -que complementa o apoio directo da DXRREE e UE á poboación saharauí no exterior a través da atención sanitaria aos menores participantes no programa “Vacacións en Paz” promovido por SOGAPS. Tras anos de demandas desde as ONGD en relación á necesidade de mellorar a colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no eido da educación para o desenvolvemento, desde 2013 unha agrupación de ONGD executa o proxecto “Cooperación Galega: o mundo que queremos” dentro do Plan Proxecta de innovación educativa da devandita Consellería. Por outra banda, a especialización sectorial en pesca da Cooperación Galega é apoiada pola Consellería do Medio Rural e do Mar a través do CETMAR e de asistencias técnicas neste sector. Por último, a Xunta de Galicia apoia os tres proxectos de pesca do CETMAR (Nicaragua, San Tomé e Príncipe, e proxecto plurinacional en Senegal, Costa de Marfil, Ghana, Nixeria e Camerún), e o proxecto de Augas de Galicia (Mozambique) presentados ás convocatorias de axudas da Unión Europea e que teñen acadado un financiamento total de 3 millóns de euros.

En conclusión, no bienio 2016-2017 cómpre duplicar os esforzos para crear un entorno institucional favorable á coordinación coas administracións locais. Ao tempo, débese profundar no compromiso doutros departamentos da Xunta de Galicia coa cooperación ao desenvolvemento aproveitando a súa experiencia e capacidade nos sectores de especialización da Cooperación Galega, dando continuidade ás actividades financiadas no eido de acción humanitaria, pesca e acuicultura e educación para o desenvolvemento.


4.3.3. Corrección baixa

Neste subapartado analizaremos o baixo esforzo investidor e o retroceso na redución da fragmentación da axuda que teñen caracterizado á Cooperación Galega no bienio 2014-2015.

4.3.3.1. Esforzo investidor

Como xa temos sinalado, tras do retroceso de fondos do 57% que aconteceu entre 2010 e 2013 no orzamento desembolsado en cooperación ao desenvolvemento pola Xunta de Galicia, o III Plan Director apostou por fixar un mínimo de financiamento da Cooperación Galega co fin de ofrecer un marco operativo estable e confiable tanto aos axentes canalizadores da axuda galega coma aos seus socios de desenvolvemento no Sur. De feito, entre 2013 e 2016 tense refreado a volatilidade e dotado de estabilidade á dotación orzamentaria do programa 331 de cooperación para o desenvolvemento. Non obstante, no mesmo período tampouco teñen acontecido crecementsos significativos a nivel orzamentario e, mesmo, en 2014 a AOD executada mingua un 8% con respecto de 2013.

Gráfico 7: Evolución da AOD total española, AOD da Administración Xeral do Estado e AOD das Comunidades Autónomas por volume de fondos, 2008-2015 (millóns de euros)¹¹



Esta tendencia á moderación dos recortes e á estabilización orzamentaria da AOD da Xunta de Galicia tamén se detecta no conxunto da AOD española, que toca fondo en 2014, tras dun lixeiro crecemento en 2013, mentres que a cooperación autonómica se estabiliza entre 2014 e 2015 tras de seis anos de retrocesos continuados. A nivel xeral, a Cooperación Española en conxunto ten pasado do teito histórico de esforzo investidor do ano 2009 -cando se destinou o 0,46% da Renda Nacional Bruta-ao cativo 0,13% do 2014, sendo a política pública do Estado máis afectada polos recortes orzamentarios. No caso da Cooperación Galega, o seu teito histórico sitúase no 0,1% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia que se logrou en 2009 fronte ao 0,04% e 0,05% dos anos 2014 e 2015.

¹¹ Os datos de 2008 a 2014 correspóndense a AOD executada. Os datos do 2015 refírense ao avance do informe de seguimento PACI 2015 da Cooperación Española.

Cadro 18: Esforzo investidor en AOD da Xunta de Galicia, 2013-2015

Ano	2013	2014	2015
AOD Xunta de Galicia	4.612.510€	4.293.686€	4.610.655€
Orzamento total consolidado Xunta de Galicia	9.479.889.410€	10.281.347.155€	9.790.361.590€
% AOD/ Orzamento Xunta de Galicia	0,05	0,04	0,05
% Crecemento anual AOD Xunta de Galicia	-29	-8	+7
% Crecemento anual orzamento Xunta de Galicia	-4	+8	-5
Habitantes Galicia	2.763.499	2.748.695	2.732.347
AOD € por habitante	1,7€	1,6€	1,7€

Malia que desde 2009 a Xunta de Galicia retrocedeu tanto a nivel de esforzo investidor orzamentario como de esforzo investidor por habitante, o alcance e severidade dos recortes acontecidos no resto de Comunidades Autónomas teñen motivado que a Xunta de Galicia, paradoxalmente, teña mellorado na súa posición relativa con respecto do resto de cooperación autónomas, pasando da 13ª posición en 2010 á 5ª en 2015 por volume de fondos executados, e da 15ª posición en 2010 á 8ª en 2015 por esforzo investidor.

Cadro 19: Ránking das Comunidades Autónomas por esforzo investidor, 2014-2015

Comunidade Autónoma	2014			2015			Promedio 2014-2015		
	AOD neta desembolsada €	% AOD/ orzamento total consolidado	AOD € por habitante	AOD neta desembolsada €	% AOD/ orzamento total consolidado	AOD € por habitante	Total AOD neta desembolsada €	% AOD/ orzamento total consolidado	AOD € por habitante
1. País Vasco	38.906.371	0,38	17,77	34.281.286	0,32	15,66	73.187.657	0,35	16,72
2. Extremadura	8.724.948 ¹²	0,17	7,93	7.810.812	0,15	7,15	16.535.760	0,16	7,54
3. Andalucía	30.626.300	0,10	3,64	42.247.773	0,14	5,03	72.874.073	0,12	4,34
4. Navarra	4.059.368	0,11	6,33	4.145.284	0,11	6,47	8.204.652	0,11	6,40
5. Asturias	4.370.134	0,12	4,12	2.750.000	0,07	2,62	7.120.134	0,09	3,37
6. A Rioxa	733.433	0,06	2,30	593.414	0,05	1,87	1.326.847	0,05	2,09
7. Castela e León	4.123.667	0,04	1,65	4.265.514	0,04	1,73	8.389.181	0,04	1,69
8. Galicia	4.293.686	0,04	1,56	4.610.655	0,05	1,69	8.904.341	0,04	1,62
9. Cataluña	14.344.474	0,04	1,91	8.527.621	0,03	1,14	22.872.095	0,04	1,52
10. Aragón	1.135.184	0,02	0,86	2.205.513	0,04	1,67	3.340.697	0,03	1,27
11. Baleares	179.579	0,00	0,16	1.937.921	0,05	1,75	2.117.500	0,03	0,96
12. Cantabria	247.040	0,01	0,42	397.743	0,02	0,68	644.783	0,01	0,55
13. Canarias	918.909	0,01	0,44	934.948	0,01	0,45	1.853.857	0,01	0,44
14. C. Valenciana	2.279.818	0,01	0,46	635.000	0,00	0,13	2.914.818	0,01	0,29
15. Castela-A Mancha	825.881	0,01	0,40	0	0,00	0,00	825.881	0,01	0,20
16. Madrid	1.207.376	0,01	0,19	600.704	0,00	0,09	1.808.080	0,00	0,14
17. Murcia	0	0,00	0,00	0	0,00	0,00	0	0,00	0,00
Total	116.976.168			115.944.188			232.920.356		
Promedio	6.880.951	0,07	2,95	6.820.246	0,06	2,83		0,07	2,89

De todos os xeitos, o panorama da cooperación autónoma ten mudado no últimos anos cun retroceso do seu peso na AOD española, período no que pasou de representar o 11% do total en 2006 e o 9,5% en 2009, ao 8% en 2015. No caso de Galicia, o seu peso na Cooperación Española segue a ser marxinal, representando o 0,3% da AOD española no bienio 2014-2015. Por outra banda, se até 2010 un grupo de sete comunidades autónomas (País Vasco, Andalucía, Cataluña, Madrid, Navarra, C.Valenciana, Castela-A Mancha) concentraban o 77% da AOD autónoma, en 2015 tan só catro comunidades (País Vasco, Andalucía, Cataluña e Extremadura) eran a orixe do 80% do total autónomo. Entre medias a cooperación autónoma de Madrid e Castela-A Mancha reduciuse a niveis minúsculos e a de Navarra situouse a nivel de Galicia en fondos desembolsados. De todos os xeitos, no bienio 2014-2015

¹² O informe de seguimento do PACI 2014 unicamente atribúe 590.764€ como AOD neta desembolsada á Junta de Extremadura. A Coordinadora Extremeña de ONGD ten comunicado ao avaliador que a cifra real foi de 8,7 millóns, tal e como consignamos neste táboa.

percíbese un modesto crecemento xeralizado da AOD autonómica, de tal xeito que neste período o promedio autonómico situouse en 6,8 millóns de euros cun esforzo investidor do 0,07% do orzamento total consolidado das comunidades autónomas.

Xa que logo, **a Xunta de Galicia atópase afastada tanto do promedio de fondos desembolsados como do esforzo investidor autonómico en AOD**. No seguinte cadro realízase o cálculo da fenda de financiamento en 2015 respecto do promedio autonómico e do esforzo investidor tomando como referencia o orzamento total consolidado da Xunta de Galicia nese ano (9.790.361.590€) e a AOD executada (4.610.655€).

Cadro 20: Fenda de financiamento da AOD da Xunta de Galicia en 2016

Esforzo investidor	Volume de fondos €	Fenda de financiamento €
0,07	6.853.253	-2.242.598
0,1	9.790.362	-5.179.707
0,2	19.580.723	-14.970.068
0,3	29.371.085	-24.760.430
0,4	39.161.446	-34.550.792
0,5	48.951.808	-44.341.153
0,6	58.742.170	-54.131.515
0,7	68.532.531	-63.921.876

Como se pode observar, acadar o 0,7% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia en 2015 - tal e como recomenda a *Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento e o Pacto Galego contra a Pobreza*- demandaría 68,5 millóns de euros, mentres que situarse no promedio autonómico de esforzo investidor precisaría dun total de 6,8 millóns. Por tanto, en 2015 a Xunta de Galicia debería de ter multiplicado por 15 a súa AOD para conquistar o 0,7%. Por este motivo, para avanzar na recuperación do esforzo investidor da Cooperación Galega resulta necesario redobrar os esforzos dirixidos a activar os mecanismos e instrumentos de comunicación e rendición de contas para unha difusión activa á cidadanía, sociedade civil e decisores políticos tanto dos resultados alcanzados como das virtudes da Cooperación Galega na loita contra a pobreza, de tal xeito que se renove e reactive o compromiso do conxunto da administración pública galega coas políticas de solidariedade global a través dun orzamento consistente e coherente co seu marco estratéxico.

4.3.3.2. Fragmentación da axuda

O II Plan Director incluía toda unha serie de medidas relativas a superar a fragmentación da axuda galega, caracterizada por financiar numerosas intervencións cun baixo promedio de desembolso. Esta inercia afectaba á capacidade dos proxectos financiados para xerar cambios positivos e sostibles nas persoas e comunidades nos que se desenvolven as actuacións, tanto nos países socios coma en Galicia. Ao remate do II Plan Director, a fragmentación superouse mediante a aposta tanto polo crecemento do promedio de desembolso por proxecto a través das convocatorias públicas de axuda como da canalización da axuda a través de propostas con marcos de planificación plurianual.

O III Plan Director deu continuidade ás medidas favorecedoras da redución da fragmentación da axuda galega, especialmente a través da xeración de incentivos para o financiamento de propostas integradas en marcos de planificación plurianual. No bienio 2014-2015, a porcentaxe de axuda desembolsada pola DXRREE e UE para proxectos no exterior en cooperación ao desenvolvemento dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias

dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que desen continuidade a intervencións previas elevouse ao 55% do total desembolsado por un importe de 2.242.515€. Non obstante, en relación ao promedio de desembolso por proxecto a través das convocatorias de axudas detéctase un preocupante descenso do promedio en cooperación exterior, compensado polos significativos incrementos en acción humanitaria e educación para o desenvolvemento.

En relación ás convocatorias resoltas entre 2014 e 2015, na convocatoria de proxectos no exterior para outros axentes o descenso do promedio de desembolso por proxecto con respecto do anterior plan director acada o 40%, mentres que os proxectos no exterior de ONGD mingúan o 35% e os microproxectos un 13%. Por contra, os proxectos de acción humanitaria aumentan o seu financiamento un 27% e en educación para o desenvolvemento as intervencións reciben un 16% máis con respecto do promedio do anterior Plan Director.

Cadro 21: Promedio de desembolso anual por convocatorias da DXRREE e UE, 2006-2015

Convocatoria	Promedio total 2006-2009 €	Promedio convocatorias 2010-2013 €	Promedio convocatorias 2014-2015 €	% variación convocatorias 2010-2013/2014-2015
Proxectos ONGD	127.090	175.869	114.799	-35
Outros Axentes	77.657	165.514	99.757	-40
Microproxectos	21.838	22.350	19.458	-13
Educación para o desenvolvemento	15.136	26.394	30.583	+16
Fortalecemento	18.693	21.206	21.827	+3
Acción Humanitaria	-	47.196	59.823	+27
Investigación	-	-	28.946	


No caso dos proxectos no exterior a razón deste descenso débese a que a convocatoria 2014 de axudas unicamente permitía a presentación de proxectos anuais cun límite máximo de financiamento de 70.000€ para os proxectos individuais e de 100.000€ para os proxectos en agrupación, de tal xeito que estas limitacións obrigaron aos axentes a presentar propostas cun menor financiamento da Xunta de Galicia. De todos os xeitos, se realizamos o cálculo do promedio de financiamento tomando en conta a resolución das convocatorias de proxectos no exterior dos anos 2015 e 2016 nos que se permite outra volta a presentación de propostas anuais e bianuais, os datos confirman un descenso do promedio de financiamento durante a vixencia do III Plan Director. No caso dos proxectos de ONGD o promedio de desembolso sitúase nos 152.579€, un 13% inferior ao promedio do período 2010-2013, e nos proxectos de outros axentes, o promedio fica nos 128.133€, un 23% inferior ao mesmo período.

Xa que logo, no bienio 2016-2017 **a DXRREE e UE debe fomentar un incremento do promedio de desembolso nos proxectos de cooperación no exterior** co fin de dar continuidade aos procesos de redución da fragmentación da axuda iniciados durante o anterior Plan Director. Agora ben, este proceso fica vinculado necesariamente a un incremento do esforzo investidor da Xunta de Galicia en AOD de tal xeito que se poida dotar ás convocatorias de axudas dunha contía orzamentaria que permita incrementar o financiamento por proxecto nunha cantidade superior aos límites establecidos nas actuais bases de convocatorias.

Na segunda parte deste apartado analizaremos en que medida a Cooperación Galega durante o bienio 2014-2015 ten incorporado efectivamente os principios de eficacia de axuda que se estableceron como criterios da política pública de cooperación para o desenvolvemento

no II Plan Director da Cooperación Galega e que son recoñecidos como vixentes no III Plan Director.

Gráfico 8: Alcance dos criterios para a política pública de cooperación da Xunta de Galicia, 2014-2015



Como podemos observar no gráfico anterior, en catro dos criterios o grao de alcance ten sido **elevado**:

- A axuda debe ser eficaz:** a Cooperación Galega no bienio 2014-2015 ten mantido o seu compromiso cos principios da axenda de eficacia do desenvolvemento (apropiación, aliñamento, harmonización, xestión para resultados e responsabilidade mutua) adaptándoos á realidade dunha axuda galega xestionada indirectamente e de forma maioritaria a través de ONGD. Como analizamos no apartado 4.1., a xestión dos recursos e activos públicos dispoñibles ten permitido a consecución nun grao razoable da maioría dos resultados de xestión propostos no III Plan Director dentro do modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento que simplificou e racionalizou o marco estratéxico da Cooperación Galega. Ao tempo, a canalización dos recursos cara ao exterior ten reducido a súa dispersión e aumentado a súa selectividade xeográfica e sectorial con base nas vantaxes comparativas e valor engadido da Cooperación Galega. Por outra banda, as convocatorias e convenios de axudas no exterior demandaron un aliñamento das intervencións cos Marcos de Asociación País (MAP) da Cooperación Española e coas políticas públicas do país socio así como unha apropiación dos proxectos por parte da poboación beneficiaria a través da súa participación no deseño e xestión dos mesmos. Ao tempo, tense profundado na coordinación e xeración de complementariedades co resto de actores públicos españois de cooperación, como exemplifica a participación da Xunta de Galicia no Fondo Común Humanitario da Cooperación Española e a lealdade institucional ao novo marco de acción exterior regulado pola Administración Central do Estado. Por outra banda, as visitas a terreo da dirección da DXRREE e UE e da SDXCE (Nicaragua, Cuba, Honduras e O Salvador), e mais do Vicepresidente da Xunta de Galicia (Campamentos Saharauís de Tinduf en Alxeria), reforzan a confianza, a comunicación e o intercambio de información entre a Cooperación Galega e os países e comunidades socias para promover a responsabilidade mutua respecto dos resultados de desenvolvemento. Non obstante, deben facerse maiores progresos nos seguintes aspectos:

- i. Unha integración máis activa da nova axenda global de desenvolvemento materializada nos ODS a través da **elaboración participativa e colectiva dun documento marco sobre a achega de Galicia ao desenvolvemento humano sustentable no período 2015-2030**.
 - ii. A redución da fragmentación da axuda nos proxectos de cooperación co fin de aumentar o impacto e alcance da Cooperación Galega na xeración de cambios positivos e sostibles na vida das persoas, comunidades e países socios.
- b) **A axuda debe concentrar os seus recursos:** tal e como establece a axenda da eficacia do desenvolvemento, a DXRREE e UE entre 2014 e 2015 ten avanzado cara á concentración xeográfica e sectorial dos seus recursos en cooperación exterior, cun 94% da axuda concentrada nos 10 países prioritarios e un 90% desembolsada nos 7 sectores nos que conta con vantaxes comparativas (agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento, saúde ou programas/políticas sobre saúde sexual reprodutiva).

Cadro 22: Distribución sectorial da AOD da Xunta de Galicia por sectores CAD e peso relativo, 2014-2015

Código sector	Descrición sector	Importe €	%	% Total AOD
I. Achegas distribuibles sectorialmente		4.147.737,98	100	47
100. Infraestruturas e servizos sociais		2.615.573,30	63	29
110. Educación		881.806,57	21	10
120. Saúde		179.932,90	4	2
130. Programas/políticas sobre poboación e saúde reprodutiva		343.943,83	8	4
140. Abastecemento de auga e saneamento		775.312,00	19	9
150. Goberno e sociedade civil		277.078,00	7	3
160. Outros servizos e infraestruturas sociais		157.500,00	4	2
200. Infraestruturas e servizos económicos		-	0	0
300. Sectores produtivos		1.482.225,68	36	17
400. Multisectorial		49.939,00	1	1
II. Achegas non distribuibles sectorialmente		4.759.346,12	100	53
500. Subministro de bens e axuda xeral a programas		67.942,00	1	1
700. Axuda de emerxencia		1.194.237,36	25	13
910. Custes administrativos doador		1.016.282,00	21	11
920. Apoio a organizacións non gobernamentais		606.733,40	13	7
930. Axuda a refuxiados no país doador		508.072,00	11	6
998. Sen especificar/non clasificados		1.366.079,36	29	15
Total AOD bilateral bruta (=I+II)		8.907.084,10	100	100

- c) **A axuda débese xestionar de xeito transparente:** a xestión da cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia a través da DXRREE e UE tense caracterizado no bienio 2014-2015 pola súa transparencia e por unha positiva rendición de contas á cidadanía e aos axentes galegos de cooperación verbo dos logros colectivos na loita contra a pobreza. Toda a información sobre a Cooperación Galega atópase dispoñible e accesible de xeito permanente na páxina web da Cooperación Galega e os informes anuais de xestión permiten facer un seguimento dos seus recursos e activos así como das súas modalidades, instrumentos e axentes canalizadores da axuda.

No seguinte cadro figuran as 52 entidades que xestionaron recursos da Cooperación Galega entre 2014 e 2015. As 16 entidades cun desembolso superior ao promedio de 132.651€ concentraron o 68% dos recursos (4,7 millóns de euros), mentres que 36 entidades repartíronse o 32% restante (2,2 millóns de euros). Destas 16 entidades, 11 son ONGD, 1 é unha axencia internacional de Nacións Unidas (UNICEF), 2 están

rexistradas como outros axentes (CETMAR e ANFACO), e as universidades galegas - especialmente a de Santiago de Compostela- xestionaron proxectos propios ou en agrupación coas outras universidades no eido da RGCUD.

Cadro 23: Clasificación das entidades canalizadoras da AOD da DXRREE e UE por volume e porcentaxe, 2014-2015¹³

Entidade	Total €	%
1. Asemblea de Cooperación pola Paz	532.869	7,73
2. Enxeñería sen Fronteiras	446.819	6,48
3. CETMAR	424.266	6,15
4. Entreculturas	417.431	6,05
5. Farmacéuticos Mundi	394.935	5,73
6. Arquitectura sen Fronteiras	352.920	5,12
7. Solidariedade Internacional de Galicia	289.330	4,19
8. Universidade de Santiago de Compostela	282.697	4,10
9. UNICEF	265.780	3,85
10. Médicos do Mundo	226.644	3,29
11. RGCUD (Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo)	201.633	2,92
12. Solidariedade Galega co Pobo Saharaí	200.000	2,90
13. ANFACO	180.650	2,62
14. Coordinadora Galega de ONGD	180.000	2,61
15. Fundación Fabre	140.882	2,04
16. Plan Internacional	140.000	2,03
17. InteRed	125.964	1,83
18. ICARTO-Innovación, cooperación, cartografía y territorio	122.853	1,78
19. Amigos da Terra Galicia-Xuventude	114.800	1,66
20. Taller de Solidariedade	109.620	1,59
21. EDUCO	107.806	1,56
22. Axuda en Acción	101.082	1,47
23. Fundación Humanitaria de los Rotarios Españoles	99.000	1,44
24. Asociación AIDA	87.500	1,27
25. Universidade de Vigo	87.496	1,27
26. Fondo Galego	80.000	1,16
27. Amarante para o Ecodesenvolvemento	79.317	1,15
28. Oxfam Intermón	75.916	1,10
29. Fundación Balms para a Infancia	75.729	1,10
30. Humanismo e Democracia	69.500	1,01
31. Fundación Cume para o Desenvolvemento dos Pobos	67.942	0,98
32. Terra de Homes	67.079	0,97
33. Mans Unidas	66.589	0,97
34. Fundación Mujeres	60.719	0,88
35. UNRWA	59.975	0,87
36. Fundación SEMG Solidaria	59.959	0,87
37. Municipalistas pola Solidariedade-MUSOL	59.333	0,86
38. Universidade de A Coruña	56.525	0,82
39. AECID	50.000	0,72
40. Fundación para el Desarrollo de la Enfermería- FUDEN	49.974	0,72
41. ACNUR	40.000	0,58
42. Implicadas no Desenvolvemento	39.974	0,58
43. Augas de Galicia	38.000	0,55
44. AGARESO	36.017	0,52
45. Rural Consulting	26.273	0,38
46. Asociación Amigos de Inharrime	23.667	0,34
47. A Cova da Terra	20.880	0,30
48. Ecos do Sur	17.879	0,26
49. Miradas al Mundo	15.429	0,22
50. Asociación Mundo Cooperante	14.389	0,21
51. Fundación Arguaney	10.000	0,14
52. Médicos Sen Fronteiras	3.800	0,06
Total	6.897.843	100,00

¹³ Para o cálculo dos desembolsos canalizados a través das diferentes entidades tense adoptado o criterio de atribuír á entidade que lidera un consorcio o total do financiamento recibido. Nestas cantidades unicamente se inclúen os desembolsos efectivamente recibidos polas entidades nos anos 2014-2015.

- d) **A axuda debe de fomentar a participación social nos países socios e en Galicia:** a DXRREE e UE ten promovido activamente a participación dos axentes de cooperación nos procesos de definición operativa e estratéxica da Cooperación Galega. No bienio 2014-2015 procedeuse a racionalizar os espazos de coordinación e participación previstos pola *Lei 3/2003 de Cooperación Galega para o desenvolvemento* mediante a supresión do CINCODE e do CINTERCODE e o reforzamento do CONGACODE. De todos os xeitos, o CONGACODE segue a presentar disfuncionalidades na súa composición e utilidade de xeito que non ten achegado todas as súas potencialidades para mellorar a calidade da coordinación e participación dos axentes de cooperación, avanzando alén dunha ritualización da participación e da coordinación cara a unha apropiación do marco estratéxico e operativo da Cooperación Galega e cara a un maior aproveitamento das potenciais complementariedades entre os actores que as integran. Malia que se ten aprobado un regulamento de funcionamento e constituído unha Comisión Permanente no CONGACODE, esta non desenvolveu ningún tipo de actividade no bienio 2014-2015. En relación á participación fóra destes órganos de asesoramento e coordinación, a DXRREE e UE ten facilitado a participación activa dos axentes de cooperación na mellora do seu marco instrumental e na toma de decisións relevantes en relación ao seu marco operativo e estratéxico, especialmente a través do diálogo coas ONGD a través da CGONGD. Ao tempo, ten promovido a súa participación nos procesos de avaliación externa, nos estudos e investigacións desenvolvidos e na definición dun marco estratéxico en educación e comunicación para o desenvolvemento. En canto á participación dos países e comunidades socias, a DXRREE e UE mantén as esixencias nas súas bases de convocatorias e criterios de valoración da identificación participativa e inclusiva dos proxectos que financia, obrigando a que estes resposten ás necesidades, demandas e preferencias das persoas e comunidades beneficiarias de xeito que se centren na promoción de resultados de desenvolvemento reais e transformadores das condicións de vida das mesmas.

En tres dos criterios da política de cooperación o alcance ten sido **moderado**:

- a) **A axuda debe promover a integración, complementariedade e coordinación dos actores e axentes de cooperación:** como xa sinalamos ao falar da participación dos axentes de cooperación, os actuais espazos de coordinación presentan unha utilidade ambigua e en moitos casos nula en canto á promoción da coordinación e da complementariedade. Mentres que no bienio 2014-2015 se avanzou moi positivamente na coordinación entre departamentos da Xunta de Galicia, no mesmo período séguense detectando debilidades e atrancos para unha maior coordinación cos actores locais de cooperación, como tamén mencionamos. En canto á integración e implicación máis activa do conxunto de axentes de cooperación recoñecidos pola *Lei 3/2003 de Cooperación Galega para o desenvolvemento* resulta necesario estudar -en diálogo cos axentes de cooperación- alternativas para promover unha súa achega máis activa ao sector galego de cooperación. O III Plan Director suxire minguar as barreiras de acceso ao conxunto de axentes que actualmente establecen as convocatorias de axudas por canto nacían do recoñecemento da maior experiencia e capacidades técnicas e de xestión das ONGD, principais aliados históricos da política pública de cooperación da Xunta de Galicia. Non obstante, estas barreiras poden estar reducindo as oportunidades para a xeración de capacidades noutros axentes ou atrancando a

emerxencia de novas sinerxías de traballo dentro do sistema galego de cooperación. Como se analizará máis adiante, aínda queda traballo por facer en canto á superación da desconfianza mutua entre axentes de natureza heteroxénea e en canto ao fortalecemento de capacidade para promover a participación máis activa de axentes que na actualidade amosan unha implicación menor nas actividades de cooperación e que poden reforzar o progreso cara a un traballo máis estratéxico da Cooperación Galega nos seus sectores de especialización.

Cadro 24: Vía de canalización da AOD desembolsada da DXRREE e UE, 2014-2015¹⁴

Tipo	Modo de canalización	Total €	% 2014-2015
Indirecta	ONGD	3.769.509	54,6
	Agrupacións mixtas	608.100	8,8
	Universidades	366.718	5,3
	Axencias Internacionais	240.000	3,5
	Empresas	149.126	2,2
	Outros actores	60.719	0,9
	Subtotal Indirecta	5.194.173	75,3
Directa	ONGD	505.016	7,3
	Universidades	201.633	2,9
	CETMAR	424.266	6,2
	Axencias Internacionais	125.755	1,8
	CGONGD	180.000	2,6
	Outros actores	137.000	2,0
	Fondo Galego	80.000	1,2
	AECID	50.000	0,7
	Subtotal directa	1.703.670	24,7
Total		6.897.843	100,0

Tal e como ten acontecido ao longo da súa historia, a Cooperación Galega caracterízase por unha xestión indirecta da súa axuda (75%), canalizada de xeito maioritario a través de ONGD (70%). Neste bienio destaca o maior protagonismo das Universidades e das axencias internacionais que medran un 4% respecto do período 2010-2013. Finalmente, as empresas seguen a xestionar unha cantidade irrelevante de fondos, acadando financiamento consultoras especializadas en turismo e enxeñaría (Rural Consulting e ICARTO).

Cadro 25: Axentes canalizadores da AOD desembolsada da DXRREE e UE, 2014-2015¹⁵

Entidades	Total €	%
ONGD	4.641.976	67
Universidades	628.351	9
CETMAR	424.266	6
Axencias internacionais	365.755	5
Outros actores	378.369	5
Coordinadora Galega de ONGD	180.000	3
Empresas	149.126	2
Fondo Galego	80.000	1
AECID	50.000	1
Total	6.897.843	100

¹⁴ Consonte ao criterio establecido nos *Encontros de Comunidades Autónomas e Cooperación ao Desenvolvemento* enténdese por cooperación directa aquelas actuacións nas que o departamento ou entidade pública de xestión da cooperación ten levado a iniciativa da proposta malia que a execución teña sido realizada por terceiros. Xa que logo, na cooperación indirecta compútanse os desembolsos vía convocatoria e na cooperación directa os desembolsos financiados a través de convenios. Na xestión directa tamén se incluíu o capítulo VI e mais as convocatorias de bolsas de formación de expertos

¹⁵ Para o cálculo tense atribuído á entidade líder das agrupacións mixtas a xestión do 100% dos fondos desembolsados.

- b) **A axuda débese integrar nun marco de coherencia de políticas de desenvolvemento das administracións públicas:** no bienio 2014-2015 a Xunta de Galicia promoveu a coherencia de políticas a través da aprobación da *Lei galega 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico* que impón aos poderes adjudicadores de todo o sector público autonómico a obriga de realizar contratacións públicas socialmente responsables. Non obstante, non se profundou nunha visión compartida entre os departamentos da Xunta de Galicia respecto da súa achega á coherencia de políticas. Ao tempo e como xa indicamos, o informe de seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza non foi solicitado pola Comisión Extraparlamentaria de seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza á DXRREE e UE nos anos 2014 e 2015. De feito, a CGONGD ten elaborado un borrador do devandito informe mais este non ten sido sometido ao debate e á aprobación pola.

De todos os xeitos, a DXRREE e UE ten promovido as liñas de acción do Pacto Galego contra a Pobreza a través das seguintes actuacións:

- a. O financiamento de actividades de educación para desenvolvemento das ONGD centradas na promoción do comercio xusto e consumo responsable, finanzas éticas, inmigración e interculturalidade, loita contra o cambio climático e equidade de xénero.
- b. O apoio a través da convocatoria de consolidación e fortalecemento de ONGD a tres entidades especializadas en comercio xusto: Amarante-Setem, Solidariedade Internacional de Galicia e Taller de Solidariedade.
- c. A integración como prioridades transversais da Cooperación Galega as relativas a dereitos humanos, equidade de xénero, interculturalidade e sustentabilidade ambiental e a súa valoración nas bases das convocatorias de axudas.

Non obstante, cómpre reflexionar verbo de se as actuacións mencionadas foron suficientes para acadar avances na coherencia global de políticas da Xunta de Galicia. Xa que logo, deberase fornecer no maior grao posible da coherencia entre a política de cooperación ao desenvolvemento e o resto das políticas públicas con impacto sobre as posibilidades de desenvolvemento dos países do Sur. Nesta liña de traballo deberase seguir explorando en diálogo cos axentes galegos de cooperación as posibilidades para reforzar as alianzas de traballo de cara á promoción activa da Responsabilidade Social Empresarial, do voluntariado corporativo ou do investimento responsable nos países en desenvolvemento das empresas galegas. Neste senso, débese contribuír a que as empresas galegas internacionalizadas integren unha visión inclusiva, dentro do marco de respecto aos dereitos humanos e ao traballo digno, co fin de que operen como axentes facilitadores de cambios positivos e sostibles no nivel de ingresos e calidade de vida das persoas, familias e comunidades en situación de pobreza ou desvantaxe. Por outra banda, a reforma do CONGACODE debería de promover a participación da área de economía da Xunta de Galicia a través do IGAPE co fin de que a internacionalización da empresa galega se desenvolva no marco da promoción do crecemento económico inclusivo e o respecto aos *Principios reitores de Nacións Unidas sobre empresas e dereitos humanos*.

- c) **A axuda debe ser previsible:** como xa indicamos previamente, a previsibilidade da axuda da Cooperación Galega mellorou por canto se corrixiu a inestabilidade financeira e a volatilidade orzamentaria do programa 331A de cooperación para o desenvolvemento. De todos os xeitos, o baixo esforzo investidor ten limitado as posibilidades de despregue do conxunto de medidas de mellora previstas no III Plan Director e do conxunto dos seus instrumentos. Esta circunstancia ten afectado á previsibilidade instrumental da Cooperación Galega e ten empeorado o seu desempeño na redución da fragmentación da axuda.

En conclusión, a xestión orientada a resultados que artella a lóxica estratéxica do III Plan Director ten reforzado con carácter xeral os efectos correctores que a aplicación dos criterios de eficacia da axuda tivo sobre as debilidades e retos da Cooperación Galega. No bienio 2016-2017 deberase prestar especial atención á mellora da coordinación cos actores locais; á promoción da participación do conxunto de axentes de cooperación para un aproveitamento pleno das súas potenciais complementariedades; ao incremento do esforzo investidor e á promoción activa da coherencia de políticas na administración pública galega como xeito de potenciar o compromiso global da Xunta de Galicia co desenvolvemento humano sustentable.

4.4. Complementariedade e harmonización

Este subapartado aborda unha tripla cuestión:

- a) **Está a ser promovida adecuadamente a complementariedade e coherencia do III Plan Director co contexto da cooperación española e europea e mais coa axenda internacional de desenvolvemento?**
- b) **Está a ser promovida a actuación complementaria entre os axentes e actores galegos de cooperación?**
- c) **Está a ser adecuado e suficiente o liderado e dirección da Xunta de Galicia na harmonización interna e externa da Cooperación Galega?**

Para responder á primeira pregunta seguiremos as diferentes direccións dos procesos de coordinación horizontal e vertical da DXRREE e UE.

Figura 3: Procesos de coordinación horizontal e vertical da Dirección Xeral de Relacións Exteriores



O III Plan Director establecía unha liña de acción específica (L.A.4.1) relativa á participación activa da Cooperación Galega nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación Española, dentro do marco de actuación definido pola Axenda de Portugalete aprobada no V Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación ao Desenvolvemento celebrado en marzo de 2012. Esta axenda establece todo un conxunto de posibilidades de coordinación entre as Comunidades Autónomas e destas coa Administración Xeral do Estado. A colaboración da Xunta de Galicia con estas iniciativas realízase ao abeiro do convenio marco de colaboración asinado coa Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (SGCID) do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación (MAEC) en outubro de 2013.

No bienio 2014-2015 a DXRREE e UE ten profundado no seu compromiso coa coordinación coa Cooperación Española e co resto de Comunidades Autónomas tendo participado nas seguintes actividades e procesos relativos á coordinación horizontal externa e vertical ascendente:

- a) Achegas aos procesos de elaboración dos MAP de Ecuador, O Salvador, Perú, Malí e Mozambique.
- b) Participación na consulta sobre a posición española ante os ODS a través da asistencia a unha xornada celebrada en Madrid o 16 de setembro de 2013 para definir este posicionamento e mais da realización de achegas aos documentos finais ao longo de 2014.
- c) Colaboración co proceso de realización da *DAC Peer Review Spain 2016* con achegas de información sobre a coordinación entre administracións, a visita de dous membros do CAD da OCDE a Galicia os días 30 e 31 de marzo de 2015 e a participación da Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior como representante das Comunidades Autónomas nunha reunión de avaliación en Madrid o 30 de xuño de 2015.

- d) A sinatura dun convenio de colaboración coa AECID para a programación conxunta de actuacións en materia de acción humanitaria, cunha achega de 150.000€ para tres anos por parte da Xunta de Galicia. Este convenio foi asinado conxuntamente coas Comunidades Autónomas de A Ríoxa, Castela- A Mancha, Comunidade Valenciana, Illas Baleares, Madrid e Estremadura. Galicia ostenta a presidencia da Comisión de Coordinación ao longo de 2016.
- e) No eido humanitario tamén colabora activamente coa Oficina de Acción Humanitaria (OAH) da AECID, participando na súa xuntanza de planificación anual de 2015 e achegando información e coordinando a súa actuación en situacións de emerxencia, como o terremoto de Nepal e a crise das persoas refuxiadas polo conflito de Siria.
- f) A contribución da Xunta de Galicia á transparencia global da Cooperación Española mediante a achega de información rigorosa e en tempo da axuda galega aos informes de seguimento do PACI a través do sistema de xestión da información info@od da SGCID do MAEC.
- g) A colaboración coa política de avaliación da Cooperación Española mediante as achegas ao documento marco da devandita política e aos plans bienais de avaliación da Cooperación Española 2013-2014 e 2015-2016. Ao tempo forma parte da Comisión de Seguimento da avaliación en curso da Estratexia de Educación para o Desenvolvemento da Cooperación Española, contribuíndo activamente a través de entrevista-cuestionario e a selección de actuacións como estudos de caso.
- h) As achegas de información ao II informe periódico sobre o Protocolo Facultativo da Convención sobre os Dereitos do Neno.
- i) A participación nos Encontros de Comunidades Autónomas e Cooperación para o Desenvolvemento. O VII Encontro celebrouse en Toledo en maio de 2014 e o VIII Encontro en Madrid en marzo de 2015. Como resultado do Encontro de Toledo realizouse unha declaración institucional conxunta na que se afirmaba a vontade de aumentar a súa AOD a medida que mellora e se consolida a recuperación económica, de establecer unha programación conxunta da acción humanitaria da Cooperación Española coas Comunidades Autónomas que favoreza a concentración das axudas e garanta a eficacia dos fondos, e de impulsar a Educación para o Desenvolvemento como campo propio de actuación da cooperación autonómica. Así mesmo, recolle a creación de dous grupos de traballo, un sobre harmonización e simplificación normativa, e outro sobre Educación para o Desenvolvemento nos que participa a DXRREE e UE. En xullo de 2016, o IX Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación celebrárase en Galicia organizado pola Xunta de Galicia.
- l) A asistencia do Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE á xuntanza anual da Comisión Interterritorial de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento celebradas en Trujillo (Cáceres) en novembro de 2014 e en Madrid o 9 de outubro de 2015.

Non obstante, **respecto das previsións do III Plan Director, non se ten avanzado na proposta de realización de avaliacións interpares na Cooperación Autonómica nin no estudo de posibilidades para a posta en marcha de novas modalidades de xestión da axuda, como a cooperación delegada.** A celebración do IX Encontro de Comunidades Autónomas e

Cooperación ao Desenvolvemento en Galicia en xullo de 2016 pode representar unha oportunidade para introducir na axenda as devanditas cuestións.

Como xa indicamos anteriormente, a coordinación horizontal interna entre os diferentes departamentos da Xunta de Galicia ten mantido os progresos realizados durante o anterior ciclo de planificación e deuse continuidade ao proceso de xeración de alianzas de traballo no exterior con financiamento europeo nas que a DXRREE e UE participa como aliado, superando o seu rol de mero financiador. Non obstante, **segue pendente de se definir un procedemento para a recepción e valoración de propostas para o financiamento externo que os actores e axentes galegos de cooperación fagan chegar á DXRREE e UE**. Ao tempo, a DXRREE e UE debe comunicar aos axentes galegos de cooperación a súa dispoñibilidade para participar nestas alianzas de traballo que se desenvolvan nos países prioritarios da Cooperación Galega e nos seus sectores de especialización.

Por último, en relación á xeración de complementariedades cos actores locais de desenvolvemento xa salientamos no apartado 4.3.2.6 que non se teñen desenvolvido todas as súas potencialidades con excepción do financiamento do traballo de sensibilización do Fondo Galego nos concellos galegos. Por outra banda, a entrada en vigor da *Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local* introduce a obrigatoriedade de que, a fin de evitar duplicidades, as actuacións de cooperación para o desenvolvemento das administracións locais contén cun informe favorable previo da administración autonómica. Por este motivo, este novo procedemento administrativo, xunto co baixo número de entidades locais galegas cun compromiso político e orzamentario real coa cooperación ao desenvolvemento, crea un entorno favorable para o deseño de novos espazos de coordinación máis operativos que o extinto CINTERCODE e para o ensaio de novas dinámicas de traballo conxunto que poñan en valor a experiencia e capacidades destas entidades. Ao tempo, estes avances permitirían tanto complementar as súas capacidades técnicas como fortalecer a apropiación colectiva do marco estratéxico da Cooperación Galega polo conxunto de administracións públicas galegas.

Se nos centramos na xeración de incentivos para a actuación coordinada e complementaria entre os axentes galegos de cooperación, entre 2014 e 2015 financiáronse 25 proxectos en agrupación de entidades, ben da mesma natureza, ben mixtas, que representan un 21% do total de proxectos financiados. En concreto, 2.138.814€ foron comprometidos aos consorcios entre entidades, un 25% do total distribuído pola DXRREE e UE a través das convocatorias e convenios dirixidos aos axentes de cooperación.

Cadro 26: Agrupacións de entidades por convocatoria, proxectos, volume e porcentaxe, 2014-2015

Convocatoria	Proxectos agrupados	Total proxectos financiados	% proxectos agrupados/total	Importe €	Total proxectos financiados	% importe sobre total convocatoria	% importe sobre total proxectos agrupados
Proxectos ONGD	7	36	19%	1.048.086	4.132.778	25%	58%
Proxectos outros axentes	3	10	30%	385.008	997.569	39%	21%
Microproxectos	0	0	0%	-	39.097	0%	0%
Acción Humanitaria	0	10	0%	-	598.227	0%	0%
Educación para o desenvolvemento	9	20	45%	308.143	611.665	50%	17%
Fortalecemento	0	13	0%	-	283.751	0%	0%
Investigación	2	5	40%	60.000	144.732	41%	3%
Total	21	94	19%	1.801.237	6.807.819	22%	100%

Cadro 27: Agrupacións de entidades por convenio, proxectos, volume e porcentaxe, 2014-2015

Convenio	Proxectos agrupados	Total proxectos financiados	% proxectos agrupados/total	Importe €	Total proxectos financiados	% importe sobre total convenio	% importe sobre total proxectos agrupados
Cooperación	0	4	0%	-	465.266	0%	0%
Acción Humanitaria	0	14	0%	-	596.010	0%	0%
Educación para o desenvolvemento	2	5	40%	135.444	219.244	62%	40%
Fortalecemento	2	4	50%	201.633	381.633	53%	60%
Total	4	27	23%	337.077	1.662.153	29%	100%

A figura 4 pon de manifesto o alcance e intensidade das alianzas e redes de traballo entre axentes de cooperación que se desenvolveron entre 2014 e 2015 a través das convocatorias de axudas e os convenios de cofinanciamento da DXRREE e UE. Da súa análise podemos concluír que se mantiveron os progresos na promoción da agrupación entre axentes de cooperación a través dos incentivos establecidos nas convocatorias e da apertura dos convenios a proxectos en agrupación. Estes consorcios de entidades amosan as seguintes características:


- Concentración das agrupacións nas ONGD:* das 25 agrupacións, as ONGD participaron en 22, liderando 18, das cales 9 foron en agrupación coas Universidades.
- Aumento da agrupación entre ONGD e Universidades:* en 9 das agrupacións participaron ONGD e Universidades.
- Consolidación das relacións entre axentes de cooperación:* no bienio 2014-2015 tense dado continuidade á consolidación das relacións entre as ONGD que integran a Campaña Mundial pola Educación (Axuda en Acción, Entreculturas, EDUCO-Educación Sen Fronteiras¹⁶, Taller de Solidariedade e InteRed) e entre as ONGD que executan o convenio do Plan Proxecta (Solidariedade Internacional de Galicia, EDUCO, Mundo Cooperante e AGARESO). Ao tempo, detéctase un profundamento na relación estratéxica que une a Enxeñería sen Fronteiras coa Universidade da Coruña (CARTOLAB), a Asemblea de Cooperación pola Paz con

¹⁶ No 2014 completouse o proceso de fusión institucional de Educación Sen Fronteiras e Intervida. A organización resultante adoptou a marca EDUCO para referirse á Fundación Educación e Cooperación.

AGARESO, e a Solidariedade Internacional de Galicia coa Universidade da Coruña, esta última no eido da investigación en educación para o desenvolvemento. Por último, a creación da RGCUD ten consolidado unha alianza estable entre as Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

- d) *Establecemento de agrupacións en actividades de cooperación e educación para o desenvolvemento*: tanto Asemblea de Cooperación e AGARESO como Entreculturas e Taller de Solidariedade teñen colaborado en proxectos de cooperación e mais en proxectos de educación para o desenvolvemento.
- e) *Baixa diversidade nas relacións de agrupación*: apenas aconteceu unha agrupación entre unha ONGD e outros axentes, a de ANFACO con Amigos Escaes-Perú.

Figura 4: Mapeo de relacións entre as entidades agrupadas, 2014-2015



Os datos relativos á agrupación de entidades revelan que aínda existen toda unha serie de barreiras e desconfianzas mutuas para o traballo conxunto das ONGD con outros axentes, para alén das súas alianzas coas Universidades. Non obstante, as respostas ao cuestionario enviado aos axentes de cooperación, afirman que os principais incentivos para a presentación de propostas conxuntas se localizan maioritariamente nos intereses compartidos pola coincidencia sectorial, xeográfica ou de persoas e colectivos beneficiarios así como a posibilidade de acadar un maior impacto cos proxectos. Xa que logo, pola propia configuración do tecido organizativo dos axentes galegos de cooperación coa existencia de numerosos axentes inéditos practicamente neste eido, resulta máis doado establecer alianzas de traballo con entidades da mesma natureza ou con aquelas outras coas que existe unha complementariedade, coma no caso das Universidades que permiten mellorar a capacidade técnica e o alcance dos proxectos a través da transferencia de coñecementos e/ou tecnoloxía.

Para rematar analizaremos o liderado e dirección da Xunta de Galicia na harmonización interna e externa da Cooperación Galega, entendendo por esta as cuestións xa analizadas de coordinación e xeración de complementariedades entre os actores e axentes galegos de cooperación. En primeiro lugar temos que partir do feito de que no bienio 2014-2015 o sistema galego de cooperación segue a caracterizarse por unha profunda asimetría de xeito que a Xunta de Galicia representa máis do 90% da AOD galega no seu conxunto. En segundo lugar, este feito, xunto coa inexistencia de esforzos inversores e marcos institucionais, estratéxicos e operativos homologables aos da Xunta de Galicia –coa excepción singular do Fondo Galego- determinan que esta conte cunha hexemonía na definición da política pública de cooperación en Galicia. Por este motivo, o liderado estratéxico e operativo da DXRREE e UE foi valorado como alto polos axentes de cooperación, aínda que nas entrevistas e grupos focais salientouse a súa debilidade a nivel político que determina a xestión dunha política pública de perfil baixo. De todos os xeitos, como xa sinalamos, suprimido o CINTERCODE, resulta necesario que a Xunta de Galicia aproveite a ventá de oportunidade que ofrece a reactivación da actuación en cooperación ao desenvolvemento a nivel local, explorando novas vías para acadar unha actuación máis integrada dos actores públicos de cooperación para alén do preceptivo informe de conformidade que debe emitir a Xunta de Galicia. Xa que logo, **faise preciso explorar novas vías para promover un cambio positivo na cultura política e institucional dos actores locais que até o de agora manifestaron unha sensibilidade limitada ou indiferenza ante a cooperación ao desenvolvemento, acompañando os esforzos do Fondo Galego neste eido.** Por último, a tramitación do proxecto de Decreto de Cooperación Exterior debe de aproveitarse para reactivar os procesos que fomenten de vez o consenso e unha visión compartida da política pública galega de cooperación para alén dos aspectos simplemente administrativos ou institucionais.

En conclusión, no bienio 2016-2017 cumprirá, **en primeiro lugar, dar continuidade aos procesos de coordinación actualmente existentes coa Cooperación Española e mais entre os propios departamentos da Xunta de Galicia. En segundo lugar, unha vez suprimido o CINTERCODE resulta necesario artellar novos espazos de coordinación e complementariedade coa cooperación local ao desenvolvemento que fomenten de vez unha visión compartida da política pública galega de cooperación. En terceiro lugar, haberá que fornecer os incentivos para ampliar a heteroxeneidade nas agrupacións de entidades xerando novas posibilidades de colaboración que mesmo amplíen as oportunidades para**

diversificar as fontes de financiamento das ONGD galegas. En cuarto lugar, deberase reforzar o liderado da DXRREE e UE en clave inclusiva para crear marcos tanto para o diálogo e a actuación conxunta como para a xeración de espazos públicos que promovan un maior apoio ás actividades de cooperación por parte doutros actores públicos e da cidadanía nun marco de corresponsabilidade e contribución colectiva ao logro dos resultados da Cooperación Galega.

4.5. Participación, transparencia e satisfacción

Este apartado resposta a unha tripla cuestión:

- a) **Están a ser eficaces as canles e espazos de participación establecidos no III Plan Director?**
- b) **Están a ser adecuados e suficientes os instrumentos, ferramentas e mecanismos para render contas á cidadanía galega sobre a política de cooperación?**
- c) **Está a satisfacer o III Plan Director as expectativas dos axentes e actores da Cooperación Galega?**

En primeiro lugar, en relación á participación, sinalamos as principais debilidades das canles e espazos de participación que se están a configurar como unha inercia negativa dentro do sistema galego de cooperación:

- a) **A ritualización da participación nos espazos formais** coma o CONGACODE que seguen adocendo de problemas de funcionalidade e inadecuación agravados pola falta de actividade da súa Comisión Permanente, que non foi convocada durante o bienio 2014-2015. A reforma da súa composición a través do proxecto de Decreto de Cooperación Exterior non semella que vaia resolver os aspectos máis críticos sinalados polos axentes de cooperación, especialmente no senso de facilitar unha participación inclusiva e unha maior profundidade no diálogo entre axentes.
- b) **A implicación desigual dos axentes de cooperación nos procesos de natureza participativa** liderados pola DXRREE e UE, nos que sobrancea o compromiso e colaboración das ONGD. Ao tempo, esta participación segue a ser activa no caso das alegacións ás convocatorias públicas de axudas e tense mellorado a calidade dos procesos participativos especialmente na elaboración da Estratexia de Educación e Comunicación para o Desenvolvemento e na realización do estudo sobre a percepción do papel das empresas galegas no desenvolvemento.
- c) **O carácter vicario da participación** de xeito que esta se materializa no protagonismo dos axentes de cooperación, fundamentalmente das ONGD, sen que se teñan artellado mecanismos para facilitar unha participación máis directa da cidadanía na definición da política pública de cooperación aproveitando as posibilidades ofrecidas polas novas tecnoloxías.
- d) **A asimetría na participación** de xeito que privilexia a voz e intereses dos axentes galegos de cooperación e non se ten avanzado na definición e establecemento de tempos e espazos viables e oportunos para integrar activa e inclusivamente a voz e

visión do Sur nos procesos de construción da axenda galega de desenvolvemento co fin de que esta se reflicta de vez nos procesos máis formais de participación.


Non obstante, fronte a estas debilidades, durante o bienio 2014-2015 a Xunta de Galicia ten promovido o diálogo activo cos axentes galegos de cooperación, especialmente coas ONGD a través da CGONGD. Ao tempo ten dado continuidade á política de portas abertas materializada nas xuntanzas cos principais representantes do sector e doutros axentes de cooperación. De vez, as achegas dos axentes de cooperación teñen sido recollidas en diversos graos nas bases das convocatorias e na toma de decisións operativas relativas ás liñas de acción máis oportunas e viables nun contexto de limitacións orzamentarias. Por outra banda, a DXRREE e UE ten coñecido de primeira man as demandas e necesidades dos socios de desenvolvemento así como os resultados de desenvolvemento aos que ten contribuído a Cooperación Galega a través de tres medios: a viaxe do Vicepresidente da Xunta de Galicia aos campamentos saharauís de Tindouf (Alxeria) e dos titulares da DXRREE e UE e da SDXCE a O Salvador, Honduras, Nicaragua e Cuba e; o seguimento dos proxectos financiados no exterior por parte da rede de bolseiros/as da DXRREE e UE; e as visitas institucionais á DXRREE e UE de representantes dos parceiros de desenvolvemento.

En relación á transparencia e rendición de contas, o conxunto de axentes de cooperación participantes no cuestionario valoraron como boa (72%) ou moi boa (11%) a transparencia e rendición de contas da DXRREE e UE, conseguindo unha valoración moi positiva os instrumentos de rendición de contas: páxina web (54% ben e 14% moi ben), informes anuais de xestión (75% ben e 4% moi ben) e as avaliacións de proxectos, convocatorias e intervencións (57% ben e 11% moi ben). Pola contra, as novas publicadas en medios de comunicación a instancias da DXRREE e UE son valoradas como regular por un 39% e mal por un 18%.

Como xa sinalamos, toda a información relativa ás actividades de cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia atópase dispoñible e accesible na páxina web da Cooperación Galega (www.cooperaciongalega.org) de xeito que tanto os axentes de cooperación como a cidadanía poden exercer o seu dereito á información cun acceso libre e sen restricións. De todos os xeitos, detéctase unha contradición entre estes feitos e o baixo coñecemento que a cidadanía ten das actividades de cooperación da Xunta de Galicia como se reflectiu no estudo sobre o coñecemento e actitudes da cidadanía galega cara á política de cooperación e axuda para o desenvolvemento encargado pola DXRREE e UE no ano 2010. Consonte a este estudo tan só un terzo da cidadanía galega é sabedora de que existe unha política pública de cooperación ao desenvolvemento en Galicia aínda que un 84% é partidaria de que a Xunta de Galicia realice accións de cooperación e un 98% afirma que os países ricos deben destinar recursos a axudar aos países empobrecidos. Malia os seis anos transcorridos un 86% dos axentes de cooperación perciben que a cidadanía coñece pouco ou nada as accións financiadas pola Cooperación Galega. Esta realidade, xunto co consenso no sector de que nin as accións de comunicación da Xunta de Galicia nin do resto de actores da Cooperación Galega foron suficientes nin adecuadas para dar a coñecer as accións que realizou a Cooperación Galega entre 2014 e 2015, reforzan a necesidade de profundar sobre as mellores estratexias para conseguir que a cidadanía apoie a política de cooperación de xeito que medre o compromiso político con este eido en Galicia a todos os niveis de goberno. Por último, esta

falta de visibilidade pública e política debe facer reflexionar sobre a necesidade de profundar no deseño dunha estratexia de comunicación máis proactiva e sistémica que poña de manifesto máis intensamente e faga máis visibles os logros colectivos que a sociedade galega está a conseguir na loita contra a pobreza a través dos seus impostos.

Gráfico 9: Satisfacción dos axentes de cooperación co III Plan Director da Cooperación Galega, maio 2016



Por último, en relación á satisfacción xeral dos axentes de cooperación respecto do III Plan Director, o 46% dos axentes de cooperación amosa unha satisfacción alta co mesmo, mentres que un 43% declara unha satisfacción baixa. Se analizamos os diferentes aspectos do Plan Director, un 85% afirma unha satisfacción baixa ou moi baixa coa súa dotación orzamentaria, mentres que un 86% amosa unha satisfacción alta coa súa orientación estratéxica e un 62% tamén declara unha satisfacción alta ou moi alta coa súa facilidade de uso e utilidade na formulación de proxectos. Por último, o 50% recoñécese satisfeito co seu marco de resultados e indicadores de desempeño.

En conclusión, no bienio 2016-2017 a **Cooperación Galega debe aproveitar a reforma do CONGACODE para facilitar unha participación inclusiva e unha maior profundidade no diálogo entre axentes. Ao tempo, debe fomentar a apertura de novas canles de participación que faciliten unha implicación máis directa da cidadanía e permitan integrar máis activamente a Visión Sur na Cooperación Galega. Tamén resulta prioritario dar continuidade ao actual grao de rendición de contas e transparencia mais deseñando unha estratexia de comunicación máis activa que difunda os logros colectivos da sociedade galega na loita contra a pobreza. Por último, débese profundar na mellora da dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación para o desenvolvemento en canto punto de fractura da satisfacción dos axentes e actores de cooperación respecto do III Plan Director.**

4.6. Sustentabilidade

Neste subapartado respostaremos á cuestión de se **o III Plan Director está a influír positivamente sobre a capacidade institucional dos actores e axentes da Cooperación Galega.**

O III Plan Director prevé unha serie de medidas para reforzar a capacidade dos axentes galegos de cooperación co fin de que poidan realizar unha achega activa á consecución dos resultados de xestión e resultados de desenvolvemento do marco estratéxico da Cooperación Galega. As medidas executadas foron:

- a) O financiamento de 13 proxectos a través da convocatoria de consolidación e fortalecemento de ONGD.
- b) O financiamento de actividades de formación e capacitación organizadas polos axentes de cooperación a través de convocatorias ou convenios.
- c) Os 2 convenios de fortalecemento formalizados coa CGONGD, os 2 convenios de sensibilización asinados co Fondo Galego e os 2 convenios coas Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a creación e consolidación da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD).
- d) O financiamento de 16 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional.
- e) O mantemento da porcentaxe de gasto subvencionable en recursos humanos nos proxectos cun límite máximo fixado no 70% do custe total do proxecto.
- f) A realización de avaliacións das intervencións financiadas para retroalimentar a aprendizaxe colectiva do sistema galego de cooperación.

En relación á convocatoria de consolidación e fortalecemento de ONGD, a DXRREE e UE financiou 13 proxectos cun total de 283.751€ cun promedio de 21.827€ por proxecto. Catro entidades recibiron financiamento para dous proxectos: Arquitectos sen Fronteiras, Fundación Entreculturas e Médicos do Mundo.

Cadro 28: ONGD receptoras de fondos da convocatoria de consolidación e fortalecemento de ONGD, 2014-2015 (euros)

ONGD	2014 Cantidade concedida €	2015 Cantidade concedida €	Total €
Fundación Entreculturas	25.000	25.000	50.000
Médicos do Mundo	19.284	24.649	43.933
Arquitectura sen Fronteiras	14.760	23.105	37.865
Solidariedade Internacional de Galicia	22.784	-	22.784
Enxeñería sen Fronteiras Galicia	25.000	-	25.000
Asemblea de Cooperación por Paz	25.000	-	25.000
Implicad@s no desenvolvemento	-	24.997	24.997
AGARESO	24.025	0	24.025
AMARANTE Setem para o ecodesenvolvemento	20.423	-	20.423
Fundación Taller de Solidariedade	-	9.724	9.724
Total	176.276	107.475	283.751

Como podemos observar, existe unha natureza mixta nas ONGD beneficiarias desta convocatoria como as ONGD medianas-grandes con delegación ou sede en Galicia (Asemblea de Cooperación pola Paz, Entreculturas e Médicos do Mundo) e mediana-pequenas como Arquitectura sen Fronteiras e Taller de Solidariedade. Non obstante, o miolo da convocatoria

tense destinado a ONGD pequenas con sede central en Galicia (AGARESO, Amarante-Setem, Implicadas no Desenvolvemento e Solidariedade Internacional de Galicia). Nesta mesma categoría entrarían as entidades que forman parte de federacións a nivel estatal como Enxeñería sen Fronteiras. Non obstante, semella necesario realizar un exercicio de revisión dos seus resultados en diálogo cos axentes de cooperación do fin de precisar a súa utilidade e pertinencia para o fortalecemento das ONGD. De feito, no ano 2016 o financiamento de actividades de formación a través da convocatoria de educación para o desenvolvemento ten aberto unha alternativa para a concentración de recursos neste sector de especialización da Cooperación Galega.

Con carácter xeral, os axentes de cooperación coidan que **o III Plan Director ten influído na súa capacidade institucional en relación á especialización sectorial e xeográfica, á actividade avaliadora, á rendición de contas, á formación e capacitación dos recursos humanos e á participación nos espazos da Cooperación Galega**. En cambio, non perciben unha influencia significativa na abordaxe de novos países e sectores de actuación, na xestión do voluntariado e no aumento da base social. Ao tempo, **detéctanse eidos nos que sería posible desenvolver un amplo conxunto de accións que fortalezan a capacidade dos axentes nas seguintes temáticas: xestión do voluntariado, acción humanitaria, xestión do ciclo do proxecto e normativa de subvencións**.

En relación aos convenios de fortalecemento, asinouse cadanseu convenio anual co CGONGD por un importe total de 180.000€. O convenio anual asinado co Fondo Galego presenta unha natureza mixta, mais orientado á sensibilización. No bienio 2014-2015 o Fondo Galego recibiu financiamento por un importe de 80.000€. Ambos os dous convenios foron recoñecidos polos axentes de cooperación como de utilidade para o seu traballo conxunto e para o fortalecemento do tecido social de apoio á cooperación ao desenvolvemento. Como novidade, no bienio 2014-2015 as tres universidades galegas recibiron un total de 201.633€ para a creación e consolidación da RGCUD, que desenvolveu un amplo conxunto de accións formativas e de sensibilización fomentando a coordinación entre as tres universidades e fortalecendo a capacidade das mesmas para realizar unha achega activa ao sistema galego de cooperación.

Para os axentes de cooperación, as bolsas de formación de persoas expertas en cooperación gozan dunha valoración satisfactoria xa que permitiron contar con recursos humanos especializados susceptibles de seren contratados polos axentes de cooperación en Galicia ou en terreo; facilitaron a adquisición de experiencia en terreo e no seguimento de proxectos polas persoas beneficiarias e fomentaron a adquisición de coñecementos sobre a xestión da cooperación ao desenvolvemento. De todos os xeitos, detéctanse dificultades na capacidade de absorción polo mercado galego de traballo en cooperación ao desenvolvemento destas persoas expertas por mor da inelasticidade na demanda desta man de obra cualificada por parte dos axentes e actores de cooperación.

A posibilidade de financiar a contratación de persoal cun límite máximo do 70% do custo total do proxecto, ten proporcionado aos axentes de cooperación dous tipos de beneficios:

- a) *De natureza técnica*: ao facilitar a mellora da xestión técnica dos proxectos pola contratación de persoal especializado e ao permitir o deseño de intervencións baseadas en accións intensivas en recursos humanos.
- b) *De natureza laboral*: ao garantir unha maior estabilidade laboral do persoal asignado aos proxectos, cuestión que facilita o seguimento, avaliación e rendición de contas á cidadanía e financiadores.

Por último, en relación á capacidade da DXRREE e UE, esta mantén os mesmos recursos humanos que en 2012, coa dispoñibilidade de 7 persoas funcionarias e unha asistencia técnica no eido da acción humanitaria e cooperación ao desenvolvemento. Anualmente, estes recursos son complementados coas persoas beneficiarias das bolsas de formación de expertos/as en cooperación para o desenvolvemento. No bienio 2014-2015 concedéronse un total de 16 bolsas de formación cos seguintes destinos: 4 bolsas na sede da DXRREE e UE en Santiago de Compostela, e 12 bolsas no exterior: 10 nas Oficinas Técnicas da AECID en Ecuador, Nicaragua, Perú, Mozambique e República Dominicana, e 2 na Oficina Rexional da FAO en Guatemala. Ao tempo, esta capacidade complementouse coa contratación de diversas asistencias técnicas no eido da avaliación ex-ante das convocatorias de axudas e ex-post das intervencións financiadas en Cabo Verde e República Dominicana, da cobertura informativa das actuacións da Cooperación Galega en Honduras e O Salvador, da realización de estudos e da planificación estratéxica en educación para o desenvolvemento.

Cadro 29: Contratos de menor servizo da DXRREE e UE, 2014-2015

Adxudicatario	Descrición
Devalar, S.L.	Servizo correspondente á avaliación ex ante dos proxectos presentados á convocatoria de proxectos e microproxectos no exterior de ONGD e dos outros axentes de cooperación 2014.
Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia	Servizo correspondente á avaliación previa á concesión de subvencións para a realización proxectos de investigación e para a creación de grupos de en materia de cooperación para o desenvolvemento. 2014.
AYD Social, S.L.	Servizo correspondente á avaliación de proxectos financiados polo cooperación galega na República Dominicana. 2014
AGARESO	Servizo correspondente á elaboración de reportaxes gráficos sobre proxectos financiados polo cooperación galega en Honduras e O Salvador. 2015
Tempo de Loira, S.C.G.	Servizo correspondente á avaliación ex ante dos proxectos presentados á convocatoria de proxectos de Educación para o Desenvolvemento e Fortalecemento de ONGD 2014.
	Servizo correspondente á avaliación ex ante dos proxectos presentados á convocatoria de proxectos no exterior dos axentes de cooperación 2015
	Servizo correspondente á avaliación ex ante dos proxectos presentados á convocatoria de proxectos de Educación para o Desenvolvemento e Fortalecemento de ONGD 2015.
	Servizo de elaboración da Estratexia de EPD da cooperación galega. 2015
ICSEM, S.L.	Servizo correspondente á avaliación de proxectos financiados polo cooperación galega en Cabo Verde. 2015
	Servizo correspondente ao estudo sobre as achegas das empresas galegas ao desenvolvemento nos países do Sur. 2015

En conclusión, a DXRREE e UE no bienio 2016-2017 debe **dar continuidade ás medidas relativas ao fortalecemento da capacidade institucional dos axentes galegos de cooperación mais revisando a súa pertinencia e alcance e potenciando novas liñas de acción**. Ao tempo, debe **focalizar as accións formativas nas de maior demanda polos axentes de cooperación**, impartindo, como xa indicamos noutro apartado, as formacións pendentes en xestión

orientada a resultados de desenvolvemento e responsabilidade social empresarial. Finalmente, débese **manter a aposta polo investimento en recursos humanos nas convocatorias e convenios polos beneficios para o reforzamento da capacidade institucional dos axentes de cooperación.**

5. Conclusións

1. ***O III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017) conta cun deseño coherente e adecuado á dimensión institucional e financeira da Cooperación Galega e que está a satisfacer en grande medida as expectativas dos actores e axentes galegos de cooperación, con excepción da súa dotación orzamentaria.***

O III Plan Director da Cooperación Galega operou no bienio 2014-2015 como un instrumento de planificación coherente e cun deseño adecuado ás particularidades e dimensións da Cooperación Galega, xerando efectos correctores globais sobre o sistema galego de cooperación ao nivel da calidade e eficacia da cooperación. Consonte ao modelo de xestión orientada a resultados de desenvolvemento, a racionalización e simplificación do marco de resultados ten permitido unha xestión áxil tanto da planificación anual como do seguimento da súa execución por parte do equipo técnico da DXRREE e UE. Con excepción da restritiva dotación orzamentaria, os axentes de cooperación coidan satisfeitas en grande medida as súas expectativas respecto da orientación estratéxica da política pública galega de cooperación neste ciclo de planificación.

2. ***O III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017) está a ser executado de forma eficiente e eficaz pola Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE acadándose a execución satisfactoria de 23 dos 30 indicadores definidos no seu marco de resultados.***

No bienio 2014-2015 a Xunta de Galicia -a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE)- ten liderado e xestionado dilixentemente os procesos de traballo dirixidos a garantir o adecuado cumprimento do III Plan Director como marco estratéxico común do sistema galego de cooperación. En concreto, 23 dos indicadores están a ser plenamente acadados, 6 atópanse en progreso de ser acadados, e unicamente 1 indicador amosa un progreso insuficiente ou pendente. En relación aos produtos, 29 foron entregados, 8 atópanse en proceso de ser entregados e 3 aínda están pendentes de se executar. Xa que logo, o equipo técnico da DXRREE e UE xestionou de xeito eficiente e con criterios de eficacia os recursos públicos postos á súa disposición pola cidadanía galega de xeito que se ten acadado un éxito global do 77% no logro de indicadores e do 72% na entrega dos produtos establecidos no III Plan Director da Cooperación Galega.

3. ***A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE está a exercer un papel activo na xestión e dinamización da Cooperación Galega integrando no seu operativo e instrumental os principios e criterios para unha cooperación eficaz e de calidade.***

A pesar das restricións orzamentarias, a DXRREE e UE liderou e dinamizou a execución do III Plan Director en coherencia cos principios e criterios para unha cooperación eficaz e de calidade que se teñen integrado activamente no marco operativo e instrumental da Cooperación Galega. Neste senso, a DXRREE e UE tense axustado rigorosamente na súa actuación ás directrices estratéxicas e operativas do Plan Director. Esta fidelidade institucional ten fortalecido a capacidade do plan estratéxico para abordar os retos e debilidades da Cooperación Galega. Non obstante, o baixo esforzo investidor da Xunta de Galicia en cooperación ao desenvolvemento ten eivado a consistencia do Plan Director, xa que as

estreituras da dotación económica atrancan a súa previsibilidade instrumental e aumentan o risco de fragmentación da axuda.

4. *No bienio 2014-2015 a Xunta de Galicia deu os primeiros pasos para a renovación e unificación do marco normativo da Cooperación Galega e para a súa reorganización institucional que reforza o papel do CONGACODE.*

No bienio analizado, a Xunta de Galicia abandonou o proxecto de elaborar unha nova lei galega de cooperación para o desenvolvemento por mor da ruptura do consenso social e político durante o proceso de aprobación do III Plan Director. Ao tempo, a reorganización do marco da acción exterior do Estado deu orixe á aprobación polo Consello da Xunta de Galicia do *Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia*. Este decreto non abordou as cuestións relativas á cooperación ao desenvolvemento pola súa amplitude temática, de tal xeito que vai ser complementado a curto prazo por un decreto específico no eido da cooperación exterior para o desenvolvemento que se atopa arestora en proceso de tramitación administrativa. Ao tempo, a *Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento* foi modificada pola disposición final terceira e disposición derogatoria única da *Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración*. A través desta lei, a Xunta de Galicia suprimiu o CINCODE e CINTERCODE atribuíndo ao CONGACODE as funcións anteriormente atribuídas a estas comisións, de tal xeito que ve reforzado o seu papel en canto único órgano consultivo e de coordinación da Cooperación Galega. De todos os xeitos, os axentes de cooperación demandan que a reforma do CONGACODE o dote dunha renovada funcionalidade na súa composición e estrutura organizativa que facilite unha maior participación e cree oportunidades para o diálogo estratéxico e político en aras dunha visión compartida sobre a política pública galega de cooperación.

5. *A Cooperación Galega caracterizouse pola súa solvencia financeira e por un alto grao de execución orzamentaria que acadou un promedio do 97% entre 2014 e 2015.*

No bienio 2014-2015 a Xunta de Galicia desembolsou recursos en cooperación para o desenvolvemento por un importe de 8.904.341€, o que representa o 0,04% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia no mesmo período. Desta cantidade, o 93% foi achegado pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a través da DXRREE e UE (8.258.069€) e o restante 7% por outros departamentos da Xunta de Galicia (646.272€). O III Plan Director definiu unha base mínima de financiamento do programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento tomando como referencia a súa dotación orzamentaria no ano 2013, que equivaleu a 4.143.379€. A Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2014 e 2015 asignou ao programa 331A un financiamento semellante ao de 2013 sobre o que se deseñaron cadanseus Plans Anuais da Cooperación Galega. Neste bienio executouse o 97% do orzamento total aprobado para o programa 331A nas respectivas Leis Xerais de Orzamentos. Xa que logo, esta previsión dun mínimo orzamentario permitiu refrear a volatilidade financeira e estabilizar a tendencia descendente do orzamento de cooperación que caracterizara a execución do II Plan Director da Cooperación Galega (2010-2013). Ao tempo, o equipo responsable da DXRREE e UE deu continuidade ao seu compromiso coa solvencia financeira da Cooperación Galega, garantindo o desembolso puntual dos recursos comprometidos aos 155 proxectos executados polos 52

axentes de cooperación que canalizaron fondos públicos tanto a través das convocatorias públicas de axudas como dos convenios de actuación.

6. *A Cooperación Galega mellora no bienio 2014-2015 o seu posicionamento na cooperación descentralizada autonómica tanto en relación ao volume de fondos desembolsados como ao esforzo investidor en AOD.*

Malia non incrementar os recursos orzamentarios destinados a cooperación ao desenvolvemento, a Cooperación Galega entre 2014 e 2015 pasou a ocupar unha posición máis relevante na cooperación autonómica tanto polo volume de axuda desembolsado como polo esforzo investidor en cooperación ao desenvolvemento. Se en 2013 a posición inicial da Xunta de Galicia ficaba na 8ª e 10ª posición en ambos os dous indicadores, no 2015 acadou a 5ª e 8ª posición respectivamente. De todos os xeitos, tanto o volume de fondos como o esforzo investidor anual aínda está afastado do promedio da cooperación autonómica, que en 2015 se elevou a 6,8 millóns de euros e ao 0,07% do orzamento total consolidado do conxunto de comunidades autónomas.

7. *A Cooperación Galega está a promover de xeito coherente os principios de asociación, apropiación e aliñamento coas políticas públicas dos países socios definidos pola axenda de eficacia do desenvolvemento.*

A Cooperación Galega favoreceu a apropiación dos socios de desenvolvemento a través tanto das visitas institucionais da dirección da DXRREE e UE a O Salvador, Honduras, Nicaragua, Cuba e da Vicepresidencia da Xunta de Galicia aos campamentos saharauís de Tindouf (Alxeria), como a través das visitas dos parceiros de desenvolvemento á sede da DXRREE e UE. Ao tempo, a DXRREE e UE ten participado na elaboración dos Marcos de Asociación País da Cooperación Española en diversos países latinoamericanos e africanos dentro dos procesos de harmonización interna de doadores no seo da Cooperación Española. Deste xeito, a xestión do coñecemento relativo aos países e comunidades socias nas que se intervéñen aproveitou os procesos xa desenvolvidos polos niveis superiores da Administración Xeral do Estado que definen un marco de apropiación e aliñamento de referencia para o conxunto de actores españois de desenvolvemento. Conxuntamente, as bases das convocatorias e os convenios incluíron apartados para valorar o grao de aliñamento das propostas dos axentes de cooperación coas políticas públicas do país socio así como a participación das persoas e comunidades beneficiarias no deseño e xestión das intervencións. Non obstante, o sistema galego de cooperación caracterízase pola asimetría na participación de xeito que privilexia a voz e intereses dos axentes galegos de cooperación e non se ten avanzado na definición e establecemento de tempos e espazos viables e oportunos para integrar activa e inclusivamente a voz e visión do Sur nos procesos de construción da axenda galega de desenvolvemento co fin de que esta se reflicta de vez nos procesos máis formais de participación.

8. *A Cooperación Galega está a promover o fortalecemento da capacidade dos axentes galegos de cooperación a través do financiamento dun amplo abano de accións formativas e de capacitación.*

No bienio 2014-2015 a DXRREE e UE apoiou activamente o fortalecemento da capacidade dos axentes galegos de cooperación financiando 13 proxectos a través da

convocatoria de consolidación e fortalecemento de ONGD e financiando cadanseus convenios anuais coa Coordinadora Galega de ONGD, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e as tres universidades galegas para a creación e consolidación da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento. Ao tempo, financiou 16 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional e mantivo a porcentaxe máxima de gasto subvencionable en recursos humanos nas convocatorias de axudas e convenios no 70% do custe total do proxecto. Por outra banda, a través dos convenios de financiamento coa CGONGD e a RGCUD apoiou a realización de actividades de formación en captación de fondos públicos e privados para os axentes de cooperación. Finalmente, os axentes de cooperación identifican os seguintes eidos nos que o III Plan Director ten influído máis directamente sobre a súa capacidade institucional: a especialización sectorial e xeográfica, a actividade avaliadora, a rendición de contas, a formación e capacitación dos recursos humanos e a participación nos espazos da Cooperación Galega.

9. *No bienio 2014 e 2015 avanzouse nos procesos destinados a promover a coherencia de políticas co resto de departamentos da Xunta de Galicia, mais sen transversalizar a mesma no conxunto de políticas públicas.*

A Xunta de Galicia no bienio 2014-2015 ten promovido indirecta e directamente a coherencia de políticas. A aprobación da *Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico* impón aos poderes adjudicadores de todo o sector público autonómico a obriga de realizar contratacións públicas socialmente responsables. Con este fin, a contratación pública terá en conta criterios relativos a traballo digno e cumprimento de dereitos sociais e laborais, igualdade de xénero, inclusión social, dereitos das persoas con discapacidade, accesibilidade universal e crecemento sustentable (como etiquetas de comercio xusto e outras etiquetas de tipo social). Malia este avance, entre 2014 e 2015 a Comisión Extraparlamentaria para o Seguimento do Pacto Galego contra a Pobreza non demandou da DXRREE e UE o correspondente informe de seguimento no que se analiza o grao de alcance dos indicadores asociados ás liñas de acción en coherencia de políticas que establece o devandito pacto en relación á Xunta de Galicia. De todos os xeitos, os progresos acadados non semellan que estean a fortalecer unha visión compartida nin unha política activa de coherencia de políticas de tal xeito que esta transversalice o conxunto de actuacións da administración pública galega. O carácter marxinal da política pública de cooperación a nivel orzamentario e o seu baixo perfil político determinan que a Cooperación Galega careza na actualidade da forza e poder institucional suficientes para asegurar unha integración da coherencia de políticas para o desenvolvemento por parte da administración autonómica.

10. *A Cooperación Galega segue a apostar polo desenvolvemento dunha cultura de avaliación mais con dificultades na mellora da xestión do coñecemento e na xeración de aprendizaxes organizativos e técnicos.*

No bienio 2014-2015 a DXRREE e UE profundou no seu aliñamento e harmonización coa *Política de Avaliación da Cooperación Española* reflectida nos *Planos Bienais de Avaliación da Cooperación Española*, onde figura a previsión da actividade de avaliación da Cooperación Galega. De todos os xeitos, e malia a amplitude do traballo en avaliación promovido pola DXRREE e UE, non se ten configurado aínda unha sólida cultura de avaliación e aprendizaxe organizativa que teña retroalimentado o sistema no seu conxunto facilitando o intercambio de

coñecementos, prácticas e experiencias e aprendizaxes entre os axentes de cooperación. De feito, existe consenso entre os axentes de cooperación en sinalar as dificultades para xerar espazos e tempos para a reflexión colectiva que faciliten os intercambios de experiencias e as aprendizaxes organizativas con base nos exercicios de avaliación. Ao tempo, o investimento por avaliación non está a garantir a realización de avaliacións no eido da cooperación e da educación para o desenvolvemento cun maior alcance ao estaren limitadas polas disponibilidades orzamentarias. Este feito afecta á calidade das avaliacións de xeito que deprecia o valor dos seus achados e mingua o fortalecemento da capacidade institucional para a aprendizaxe organizativa e a xestión do coñecemento, debilitando as oportunidades para o desenvolvemento dunha efectiva cultura de avaliación no conxunto dos axentes galegos de cooperación.

11. No bienio 2014 e 2015 a Cooperación Galega deu continuidade aos procesos e accións de transparencia e rendición de contas ao conxunto dos actores e axentes de cooperación e mais á cidadanía, sendo precisos maiores esforzos na visibilización dos logros colectivos na promoción do desenvolvemento.

A DXRREE e UE tense caracterizado pola súa exemplar transparencia e rendición de contas á cidadanía galega respecto das actuacións financiadas con recursos públicos. Na súa páxina web atópase dispoñible toda a información relativa á planificación estratéxica e operativa da Cooperación Galega, aos resultados de xestión da Cooperación Galega, aos exercicios de avaliación e aos instrumentos de canalización da axuda. Ao tempo, a DXRREE e UE achegou unha información rigorosa sobre a axuda galega ao sistema de xestión de coñecemento info@od da Cooperación Española que é accesible publicamente. Deste xeito, a Cooperación Galega contribúe ao cumprimento das esixencias de transparencia establecidas pola comunidade internacional. Non obstante, os axentes de cooperación coinciden en sinalar a necesidade de profundar nun maior impacto das accións de transparencia e difusión dos logros colectivos co fin de mellorar o coñecemento público da Cooperación Galega por parte da cidadanía.

12. A conxelación da dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación exterior para o desenvolvemento da Xunta de Galicia está a limitar a previsibilidade instrumental a medio prazo da súa axuda.

No bienio 2014-2015 a dotación orzamentaria do programa 331A mantívose estable cunha cantidade de 4,1 millóns de euros. Malia que neste período a previsibilidade da axuda da Cooperación Galega mellorou por canto se corrixiu a inestabilidade financeira e a volatilidade orzamentaria do programa 331A característica do cuadrienio anterior, o baixo esforzo investidor (0,04%) ten limitado as posibilidades de despregue do conxunto de medidas de mellora previstas no III Plan Director e do conxunto dos seus instrumentos. Esta circunstancia ten afectado á previsibilidade instrumental da Cooperación Galega de tal xeito que as convocatorias de axudas sofren modificacións no tipo de proxectos que financian (anuais ou bienais) ou ven limitada a subvención máxima por proxecto. A estreiteza orzamentaria está a xerar inercias institucionais negativas por canto, cando os compromisos de desembolso de anos anteriores limitan a dispoñibilidade de recursos económicos para dotar novas convocatorias, os máis de instrumentos non son convocados como está a acontecer en 2016. Xa que logo, os axentes de cooperación e os socios de desenvolvemento ven afectada a

súa programación operativa, limitando a súa capacidade para desenvolver propostas de actuación a medio e longo prazo cun maior alcance e impacto.

13. *A Cooperación Galega concentrou a súa axuda en cooperación nos 10 países prioritarios definidos no III Plan Director e nos países de ingreso medio, aumentando a axuda investida en Países Menos Adiantados.*

No bienio 2014-2015 a Cooperación Galega investiu o 94% dos seus recursos desembolsados no exterior en cooperación nos 10 países prioritarios definidos no III Plan Director. Ao tempo, orientou preferentemente a súa axuda cara aos países de renda media baixa (53%) e media alta (28%). Con respecto do anterior Plan Director, ten aumentado en cinco puntos porcentuais a axuda investida nos PMA, acadando o 18% do total da axuda desembolsada no exterior en cooperación. Ao tempo, África Subsahariana foi o destino do 27% do total da AOD galega neste período, medrando 10 puntos porcentuais con respecto do período 2010-2013.

14. *A Cooperación Galega está a favorecer os procesos de especialización sectorial nos sectores estratéxicos nos que conta con vantaxes comparativas.*

No bienio 2014-2015 reforzouse a tendencia cara á especialización sectorial da Cooperación Galega a través do investimento do 90% dos seus recursos desembolsados no exterior en cooperación nos 7 sectores nos que conta con vantaxes comparativas: agricultura e desenvolvemento rural, pesca e acuicultura, educación, saúde e programas/políticas sobre saúde sexual reprodutiva, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica e abastecemento de auga e saneamento. Estes sete sectores xunto coa acción humanitaria e a educación para o desenvolvemento foron o destino do 83% do total da axuda desembolsable da DXRREE e UE. Non obstante, detéctase un sobrefinanciamento dos sectores de acción humanitaria, educación para o desenvolvemento e fortalecemento e consolidación de axentes que paralelamente orixina un infrafinanciamento do sector do desenvolvemento económico local e de xestión ambiental sustentable e hábitat. Por este motivo faise preciso empregar a cooperación directa e os incentivos das bases das convocatorias de axudas co fin de aumentar os desembolsos nos sectores infrafinanciados.

15. *A dotación orzamentaria do III Plan Director non está a favorecer a corrección da fragmentación da axuda, detectándose un retroceso no promedio de desembolsos por intervención en cooperación ao desenvolvemento.*

O III Plan Director deu continuidade ás medidas favorecedoras da redución da fragmentación da axuda galega, especialmente a través da xeración de incentivos para o financiamento de propostas integradas en marcos de planificación plurianual. No bienio 2014-2015, a porcentaxe de axuda desembolsada pola DXRREE e UE para proxectos no exterior en cooperación ao desenvolvemento dirixida a actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que desen continuidade a intervencións previas elevouse ao 55% do total desembolsado por un importe de 2.242.515€. Non obstante, en relación ao promedio de desembolso por proxecto a través das convocatorias de axudas detéctase un preocupante descenso do promedio en cooperación exterior de ONGD (-35%) e outros axentes (-40%), compensado polos significativos

incrementos en acción humanitaria (+27%) e educación para o desenvolvemento (+16%) con respecto do anterior ciclo de planificación. Xa que logo, esta redución do promedio de desembolso en cooperación exterior mingua os esforzos da Cooperación Galega nos últimos anos por reducir a fragmentación da súa axuda.

16. *Estase a contar con incentivos suficientes para a xeración de complementariedades e a actuación concertada dos axentes galegos de cooperación, entre os que destacan as ONGD e as Universidades como principais promotores de alianzas de traballo en cooperación e educación para o desenvolvemento.*

Entre 2014 e 2015 financiáronse 25 proxectos en agrupación de entidades, ben da mesma natureza, ben mixtas, que representan un 21% do total de proxectos financiados. En concreto, 2.138.814€ foron comprometidos aos consorcios entre 22 entidades, un 25% do total distribuído pola DXRREE e UE a través das convocatorias e convenios dirixidos aos axentes de cooperación. As ONGD foron o axente máis activo nos consorcios, participando en 22 e liderando 18. As Universidades aumentaron o seu protagonismo como socios nas agrupacións de entidades, participando en 9 a carón das ONGD, mentres que tres dos consorcios foron exclusivamente universitarios. Os principais incentivos para a presentación de propostas conxuntas localizáronse maioritariamente nos intereses compartidos dos axentes pola coincidencia sectorial, xeográfica ou de persoas e colectivos beneficiarios así como na posibilidade de acadar un maior impacto cos proxectos. Non obstante, aínda existen toda unha serie de barreiras e desconfianzas mutuas para o traballo conxunto das ONGD con outros axentes, para alén das súas alianzas coas Universidades. Xa que logo, pola propia configuración do tecido organizativo dos axentes galegos de cooperación coa existencia de numerosos axentes inéditos practicamente neste eido, resulta máis doado establecer alianzas de traballo con entidades da mesma natureza ou con aquelas outras coas que existe unha complementariedade, coma no caso das Universidades que permiten mellorar a capacidade técnica e o alcance dos proxectos a través da transferencia de coñecementos e/ou tecnoloxía.

17. *As ONGD constitúen o principal aliado para a xestión da axuda galega, reforzándose o papel das Universidades como axentes de cooperación. Ao tempo, iniciouse na convocatoria de microproxectos o proceso para permitir a presentación de propostas por parte dos outros axentes de cooperación recoñecidos pola Lei 3/2003 e que figuran rexistrados na sección E do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación.*

Tal e como ten acontecido ao longo da súa historia, a Cooperación Galega caracterízase por unha xestión indirecta da súa axuda (76%), canalizada de xeito maioritario a través de ONGD (70%). No bienio 2014-2015 destaca o maior protagonismo das Universidades (9%) e das axencias internacionais (5%) que medran un 4% respecto do período 2010-2013. En relación á promoción da participación do conxunto de axentes de cooperación, o III Plan Director contempla a posibilidade de permitir a presentación de propostas individuais ou agrupadas ás convocatorias de microproxectos, consolidación e fortalecemento e educación para o desenvolvemento lideradas polo conxunto de axentes de cooperación definidos na *Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento* e rexistrados na sección correspondente do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación. En 2015 modificáronse as bases da convocatoria de microproxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior permitindo a presentación de proxectos por parte dos axentes rexistrados na sección E (Outros axentes) do Rexistro

Galego. Non obstante, a polémica xerada arredor desta medida durante a tramitación do Plan Director e o seu rexeitamento por parte das ONGD ten motivado que non se teña avanzado na execución da mesma no resto de convocatorias suxeridas no Plan Director.

18. *Creouse unha nova convocatoria de investigación sobre desenvolvemento destinada ás Universidades do Sistema Universitario Galego, mais seguen sen superarse os problemas de pertinencia e coherencia nas convocatorias de axudas a microproxectos no exterior e de consolidación e fortalecemento de ONGD.*

En 2014 publicouse e resolveuse unha convocatoria de proxectos de investigación en cooperación para o desenvolvemento dirixida especificamente a investigadores/as e grupos de investigación pertencentes ás Universidades do Sistema Universitario Galego, financiándose 5 proxectos por un importe total das axudas de 144.372€. Como xa se tiña detectado en exercicios de avaliación previos, as convocatorias de axudas a microproxectos no exterior e de consolidación e fortalecemento de ONGD seguen a xerar problemas de pertinencia e coherencia de tal xeito que se fai preciso unha revisión do senso e bases reguladoras destas convocatorias en diálogo cos axentes de cooperación.

19. *Os axentes de cooperación seguen a demandar melloras nos formularios das convocatorias de axudas e unha normalización das súas bases co fin de asegurar a estabilidade dos criterios relativos a gastos financiáveis e aos procedementos de xustificación, especialmente de natureza económica.*

No bienio 2014-2015 publicáronse e resolvéronse un total de 13 convocatorias de axudas que financiaron un total de 96 proxectos dos axentes de cooperación e 16 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento. Malia o proceso dialogado cos axentes de cooperación previo á publicación das convocatorias, os axentes de cooperación demandan melloras nos seus formularios e unha normalización das súas bases reguladoras co fin de dotalas dunha estabilidade que asegure o mantemento dos criterios de valoración e dos procedementos de xustificación de natureza económica. Con este último fin, o capítulo V do proxecto de Decreto de Cooperación Exterior da Xunta de Galicia aborda a xestión das axudas e subvencións en materia de cooperación ao desenvolvemento e acción humanitaria, adaptando a normativa galega de subvencións ás peculiaridades das actividades da cooperación ao desenvolvemento tomando como referente o *Real Decreto 794/2010, de 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional.*

20. *As convocatorias de axudas e convenios seguen a facilitar o fortalecemento da capacidade técnica das entidades beneficiarias ao permitir un alto investimento en recursos humanos.*

A posibilidade de financiar a contratación de persoal a través das convocatorias de axudas e convenios cun límite máximo do 70% do custo total do proxecto, ten proporcionado aos axentes de cooperación dous tipos de beneficios: en primeiro lugar, de natureza técnica, ao facilitar a mellora da xestión técnica dos proxectos pola contratación de persoal especializado e ao permitir o deseño de intervencións baseadas en accións intensivas en recursos humanos. E en segundo lugar, de natureza laboral, ao garantir unha maior estabilidade laboral do persoal asignado aos proxectos, cuestión que facilita o seguimento, avaliación e rendición de contas á cidadanía e financiadores.

6. Recomendacións

1. Promover un proceso transparente, participativo e inclusivo de cara á aprobación do novo Decreto que regulará a cooperación ao desenvolvemento da Xunta de Galicia, cunha especial atención á normativa de subvencións.
2. Incrementar a dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación para o desenvolvemento até achegarse ao promedio da cooperación autonómica co fin de asegurar a previsibilidade do seu marco instrumental a medio prazo.
3. Reducir a fragmentación da axuda a través do incremento do promedio de financiamento por actuación, especialmente, no eido da cooperación ao desenvolvemento.
4. Reforzar o consenso político e social verbo da política pública galega de cooperación e promover activamente a coherencia de políticas en coordinación co conxunto de axentes de cooperación.
5. Dar continuidade á promoción da participación activa nas actividades da Cooperación Galega do conxunto de axentes de cooperación recoñecidos pola Lei 3/2003 de cooperación para o desenvolvemento.
6. Fortalecer a coordinación e diálogo da Xunta de Galicia cos actores locais de desenvolvemento en Galicia promovendo as complementariedades e a harmonización estratéxica e operativa.
7. Asegurar os procesos de fortalecemento de capacidade dos axentes de cooperación no eido da Responsabilidade Social Empresarial e da Xestión orientada a resultados de desenvolvemento, e seguir a incentivar a formación e investigación sobre desenvolvemento por parte das das Universidades galegas en alianza con outros axentes de cooperación.
8. Mellorar o fortalecemento de capacidade do sistema galego de cooperación a través de procesos activos de retroalimentación baseados nos coñecementos e aprendizaxes institucionais xerados polos estudos e avaliacións financiadas pola Cooperación Galega.
9. Integrar activamente o novo marco estratéxico en educación e comunicación para o desenvolvemento, focalizando os recursos naquelas liñas de acción cun maior valor engadido en termos de solidariedade e transformación social.
10. Mellorar a difusión pública á cidadanía dos logros colectivos a través dunha política de comunicación máis estratéxica e cunha visión integral que facilite a transparencia e mellore a visibilidade dos logros colectivos na loita contra a pobreza global

Anexos

Anexo 1. Termos de referencia

Termos de referencia que rexerán a contratación por contrato menor dun servizo para a avaliación intermedia externa e independente do III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento

Entidade adxudicataria: Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Procedemento de contratación: Contrato menor de servizos (artigo 138.3 Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público)

Antecedentes: O III Plan Director da Cooperación Galega, aprobado no Parlamento de Galicia o 18 de marzo de 2014, é o instrumento de planificación da política galega de cooperación para o desenvolvemento para os anos 2014 a 2017. O III Plan Director recoñece como un dos seus resultados de xestión (R.X.6.) que “a cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na loita contra a pobreza” ao que se pretende contribuír “promovendo unha cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe organizativa no sistema galego de cooperación” (L.A.6.2). Neste senso, consonte ao *Plan Anual 2016 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento* e dando cumprimento ao indicador I.6.2.1 do III Plan Director realizarase unha análise intermedia externa e independente do bienio 2014-2015 empregando os datos do sistema de seguimento. Os resultados desta avaliación difundiranse publicamente.

Obxecto da contratación: O obxecto do presente contrato é a avaliación externa e independente da execución intermedia do III Plan director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento, que deberá ser un proceso participativo no que deben involucrarse aos distintos axentes galegos de cooperación recollidos na Lei 3/2003. A avaliación incluirá:

- I. A avaliación do grao cumprimento dos resultados de xestión, liñas de acción e indicadores establecidos no III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (**Conclusións**).
- II. Propostas de mellora para o bienio 2016-2017 (**Recomendacións**).

Prazo de execución: O prazo de execución do contrato é dun máximo de 6 meses desde a adxudicación.

Contido das ofertas e prazo de presentación: As ofertas deberan ter o seguinte contido:

- 1/Oferta económica
- 2/Metodoloxía de avaliación proposta
- 3/Relación do equipo de traballo que vai realizar a avaliación e os seus curriculum vitae
- 4/Prazo para a entrega do traballo

Orzamento máximo da licitación: Non se admitirán ofertas de contía superior a 8.000 euros, IVE excluído.

Dirección e inspección dos traballos: A Subdirección Xeral de Cooperación Exterior designará un funcionario do departamento como coordinador dos traballos.

Pagamento do servizo: O servizo será aboado tras a realización do mesmo, previa presentación da factura e recepción de conformidade.

Anexo 2. Presentación do avaliador

Para a realización desta avaliación final contouse cun avaliador externo e independente especializado en cooperación ao desenvolvemento, análise de políticas públicas de cooperación, educación para o desenvolvemento, desenvolvemento local e xestión de ONGD. Consonte aos **Termos de Referencia** seleccionouse un avaliador cualificado con coñecemento acreditado do obxecto de avaliación. **José Luís Pastoriza Rozas** (Vigo, 1977). Licenciado en Filosofía e Máster en Desenvolvemento Local pola Universidade de Santiago de Compostela. MSc NGOs and Development pola London School of Economics & Political Science. Traballou como técnico de proxectos na Coordinadora Galega de ONGD e como técnico de educación para o desenvolvemento na Fundación Entreculturas. A pedimento da DXRREE e UE foi o responsable da coordinación da *avaliación intermedia do II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento (2010-2013)*, canda a Laura Doval Lodeiro, e responsable da súa *avaliación final* e da dinamización do proceso de planificación estratéxica que deu lugar ao III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017). Así mesmo, facilitou o proceso de planificación estratéxica da Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña (2013-2016). Entre as súas publicacións no eido da cooperación destacan *Eficacia da axuda e sociedade civil* (CGONGD, 2011), dous estudos sectoriais sobre a Axuda Oficial ao Desenvolvemento en Galicia -*AOD en educación en Galicia. Un análisis de la cooperación gallega 2006-2010* (CME, 2012); *La educación cambia la vida. La ayuda al desarrollo en educación de la Xunta de Galicia 2010-2013* (CME, 2014)- así como unha investigación sobre a cooperación ao desenvolvemento en educación en Andalucía (*División del trabajo y coordinación en la cooperación andaluza. La educación en el período 2006-2010*). Entre os seus artigos ten publicado xunto con Carlos Teijo na *Revista Tiempo de Paz* (“*Crisis en la cooperación descentralizada española: ¿oportunidad o negra sombra?*”, n. 105, 2012), e na *Revista Galego de Ensino* (“*Contra a indiferenza: teoría e praxe da educación para o desenvolvemento en Galicia*”, n. 58, 2014). Por outra banda, colaborou coa Coordinadora Galega de ONGD a través da realización de documentos de traballo (*Unha cooperación cativa para os máis pobres. Análise do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2012*; *Bandeiras, pastillas e océanos azuis. A Cooperación Galega de cara ás eleccións ao Parlamento de Galicia de outubro de 2012*; *Unha cooperación ao desenvolvemento de cero absoluto (-273,15º). Análise do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2013*). Por último, editou as actas das *Xornadas Galegas de Educación para o Desenvolvemento* (outubro 2012) publicadas baixo o título *Educar para a cidadanía global: experiencias, ferramentas e discursos para o cambio social* (Fundación Isla Couto, 2014). É socio da Rede Española de Estudios de Desenvolvemento (REEDES).

Anexo 3. Matriz de avaliación

Pregunta de avaliación	Indicadores de avaliación
Criterio de avaliación: eficacia-Logro de resultados	
R1. Estanse a lograr adecuada e suficientemente os resultados de xestión do III Plan Director?	I.R1.1. Grao de execución dos indicadores do marco de resultados do III Plan Director.
R2. Que dificultades e atrancos están a impedir a consecución dos resultados do III Plan Director?	I.R2.2. Problemas detectados na consecución dos resultados do III Plan Director
Criterio de avaliación: eficiencia	
E1. Está a ser eficiente a transformación dos recursos nos resultados de xestión do III Plan Director?	I.E2.2. Grao en que os produtos previstos no III Plan Director están a contribuír a acadar os resultados de mellora previstos.
Criterio de avaliación: coherencia	
Ch1. Están a ser adecuadas as accións programadas para acadar os resultados de xestión e liñas de acción do III Plan Director?	I.Ch1.1. Grao en que se están a minguar as debilidades e problemas detectados no diagnóstico que acompaña ao III Plan Director. I.Ch.1.2. Grao de incorporación efectiva dos principios para unha cooperación eficaz como criterios da política pública de cooperación para o desenvolvemento. I.Ch.1.3. Grao de cumprimento das reformas previstas no III Plan Director.
Criterio de avaliación: complementariedade	
Cm1. Está a ser promovida adecuadamente a complementariedade e coherencia do III Plan Director co contexto da cooperación española e europea e mais coa axenda internacional de desenvolvemento? Cm2. Está a ser promovida a actuación complementaria entre os axentes e actores galegos de cooperación.	1.Cm1.1. Accións que favorecen a complementariedade coa Cooperación Española e europea. 1.Cm1.2. Grao de coñecemento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable entre os axentes e actores de desenvolvemento
Criterio de avaliación: harmonización	
H1. Está a ser adecuado e suficiente o liderado e dirección da DXRREE e UE na harmonización interna e externa da cooperación galega?	1.H1.1. Grao de liderado da DXRREE e UE no traballo conxunto dos actores galegos de cooperación. 1.H1.2. Grao de complementariedade entre as accións dos actores e axentes galegos de cooperación.
Criterio de avaliación: participación	
P1. Están a ser eficaces as canles e espazos de participación establecidos no III Plan Director?	1.P1.1. Percepción da eficacia e utilidade das canles e espazos de participación. 1.P1.2. Grao de retroalimentación do sistema a través da participación dos actores e axentes.
Criterio de avaliación: transparencia	
T1. Están a ser adecuados e suficientes os instrumentos, ferramentas e mecanismos para render contas á cidadanía galega sobre a política de cooperación?	1.T1.1. Valoración dos instrumentos, ferramentas e mecanismos de rendición de contas (informes, web, etc)
Criterio de avaliación: satisfacción	
S1. Está a satisfacer o III Plan Director as expectativas dos axentes e actores da cooperación galega?	1.S1.1. Grao de satisfacción dos axentes e actores da Cooperación Galega
Criterio de avaliación: sustentabilidade	
St1. Está a influír positivamente o III Plan Director sobre a capacidade institucional dos actores e axentes da cooperación galega?	1.St1.1. Percepción de mellora na capacidade institucional dos axentes e actores galegos de cooperación.
Criterio de avaliación: pertinencia	
Pt1. Está a ser útil o sistema de indicadores predefinido no III Plan Director?	1.Pt1.1. Grao de utilidade do sistema de indicadores para a xestión da axuda. 1.Pt1.2. Dificultades detectadas para a medición dos indicadores.
Pt2. Están a ser apropiados e suficientes os métodos de colleita e análise de datos para o seguimento do III Plan Director?	1.Pt2.1. Grao de corrección/validez dos métodos de colleita e análise de datos. 1.Pt.2. Erros detectados nos métodos de colleita e análise

Anexo 4. Matriz de documentación

Marco normativo da Cooperación Galega

- Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento. Modificada pola disposición final terceira e disposición derogatoria única da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración.
- Decreto 178/2015, do 26 de novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
- Decreto 90/2011, do 5 de maio, polo que se modifica o Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
- Texto unificado Decretos 326/2004 e 90/2011, Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico .

Marco instrumental da Cooperación Galega

- Resolución do 18 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
- Orde do 28 de maio de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2009.
- Orde do 11 de marzo de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
- Orde do 21 de decembro de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
- Orde do 19 de maio de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2010.
- Orde do 30 de novembro de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria de catorce bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento.
- Resolución do 21 de xaneiro de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de axuda humanitaria e se procede a súa convocatoria.
- Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.
- Resolución do 18 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, pola que se aproban as bases reguladoras de concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
- Resolución do 29 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao amparo da Orde de 28 de maio de 2009 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2009.
- Resolución do 24 de setembro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 11 de marzo de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión

- de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
- Resolución do 27 de setembro de 2011 pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
 - Resolución do 24 de setembro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 19 de maio de 2010, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e pola que se convocan as correspondentes ao ano 2010.
 - Orde do 23 de febreiro de 2011 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
 - Resolución do 29 de marzo de 2010 pola que se fai pública a concesión de catorce bolsas de formación de expertos/as en cooperación para o desenvolvemento, convocadas pola Orde do 30 de novembro de 2009.
 - Resolución de 2 de febreiro de 2011 do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se aproba a prórroga das bolsas de formación convocadas pola Orde de 30 de novembro de 2010 pola que se aproban as bases reguladoras para a convocatoria de catorce bolsas de formación de expertos/as en cooperación internacional para o desenvolvemento.
 - Orde de 24 de maio de 2011 pola que se modifica a Orde do 21 de decembro de 2010, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, e réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
 - Orde do 24 de maio de 2011 pola que se deixa sen efecto a Orde do 3 de marzo de 2011 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2011.
 - Orde do 30 de decembro de 2011 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos e de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación.
 - Orde do 30 de decembro de 2011 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
 - Resolución do 25 de xuño de 2012, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2011, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento.
 - Resolución do 25 de xuño de 2012, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2011, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos e de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación.
 - Orde do 14 de marzo de 2012 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.
 - Resolución do 4 de xullo de 2012, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 14 de marzo de 2012 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2012.
 - Orde do 29 de maio de 2013 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.
 - Resolución do 12 de setembro de 2013, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 29 de maio de 2013 pola que se

- aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento que executarán as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2013
- Orde do 22 de maio de 2014 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos e de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación.
 - Resolución do 1 de outubro de 2014, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2014, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos e de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación.
 - Orde do 22 de decembro de 2014 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos e de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.
 - Resolución do 21 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 22 de decembro de 2014 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos e de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación.
 - Orde do 15 de maio de 2014 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.
 - Resolución do 1 de outubro de 2014, da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 15 de maio de 2014 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento e para a consolidación e fortalecemento das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.
 - Orde do 26 de xuño de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede a súa convocatoria para o ano 2014 (código de procedemento PR 809A).
 - Orde do 27 de abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das bolsas de formación de persoal experto en cooperación internacional para o desenvolvemento e se convocan para o ano 2015 (código de procedemento PR809A).
 - Orde do 22 de abril de 2014 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.
 - Orde do 23 de marzo de 2015 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.
 - Orde do 2 de xullo de 2014 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, que serán executados polos grupos e centros de investigación das universidades galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2014.
 - Relación de convenios 2010, 2011, 2012, 2013, 2014 e 2015 celebrados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Marco estratéxico e operativo da Cooperación Galega

- I Plan director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2006-2009.
- II Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2010-2013.
- III Plan Director da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2014-2017
- Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2010.
- Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2011.
- Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2012.
- Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2013.
- Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2014.
- Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2015.
- Plan Anual da Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2016.
- Informe 2009 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.

- Informe 2010 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.
- Informe 2011 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.
- Informe 2012 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.
- Informe 2013 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.
- Informe 2014 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.
- Informe 2015 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.
- Informe 2016 da Cooperación Galega para o Desenvolvemento.

Avaliacións da Cooperación Galega

- Informe de avaliación do I Plan Director da Cooperación Galega 2006-2009.
- Avaliación intermedia da Iniciativa de desenvolvemento integral para a mellora do Barrio Santa Lucía/ La Mosca. Santiago de los Caballeros na República Dominicana.
- Avaliación do Programa de formación de pescadores artesanais en Centroamérica (PROFOPAC).
- Avaliación intermedia da Iniciativa de Desenvolvemento Integral Oxlajuj Tz'ikin Champerico-Retalhuleu. Departamento de Retalhuleu. Guatemala.
